**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13.**

**SESION ORDINARIA DO 28 DE SETEMBRO DE 2015**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, Mª Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, Mª Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel (incorpórase no punto 3.3)

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Rodríguez Escudero, Cayetano (grupo municipal Socialista)
Silva Rego, Mª Carmen (grupo municipal Socialista)
López Barreiro, Margarida (grupo municipal Marea de Vigo)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e oito de setembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, actuando como

Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello, sesión ordinario, convocada por orde do día en poder das señoras/es concelleiros, ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

## PARTE RESOLUTIVA

**1(167).- ACTAS ANTERIORES:. (ACTA ORDINARIA 27.07.2015).**

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 27 de xullo de 2015.

**(168).- INTERVENCIÓN DE D. ALBERTO GONÇALVES HERRERO, SECRETARIO COMARCAL DA CIG, SOLICITANDO O APOIO DA CORPORACIÓN Ó IMPULSO DUNHA PROPOSICIÓN DE LEI PARA PRESENTAR NO PARLAMENTO GALEGO, DE MEDIDAS QUE GARANTAN A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA. EXPTE. 1216/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de setembro de 2015, número 1216/1101, D. Alberto Gonçalves Herrero, en calidade de secretario comarcal da CIG, presenta escrito solicitando a súa intervención no Pleno, para solicitar o apoio da Corporación á proposición de lei que van presentar no

Parlamento Galego para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

PRESIDENCIA: Ten cinco minutos de tempo aproximadamente para a súa intervención.

SR. GONÇALVES HERRERO: Bo día.

Moito obrigado por ter a oportunidade de comparecer diante deste Pleno. O obxecto da miña intervención é procurar o apoio da Corporación Municipal de Vigo á Iniciativa Lexislativa Popular que desde a Confederación Intersindical Galega estamos a promover para a implantación dunha tarifa eléctrica galega e a posta en marcha de medidas para o combate da pobreza enerxética no Parlamento galego.

Unha iniciativa que está fundamentada no valor estratéxico que para Galiza ten o sector enerxético, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado

español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, na Lei que propoñemos, concrétase o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc.

Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. Esta Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, proponse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a disporen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificiosamente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Ademais esta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétase a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

É por todos estes argumentos polo que pedimos ao conxunto da Corporación Municipal de Vigo que apoie a proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

Moitas grazas."

*A Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa intervención ó Sr. Gonçalves Herrero.*

DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Antes de nada o grupo municipal da Marea de Vigo quere enviar unha forte aperta revolucionaria ao nosa compañeira a Sra. Barreiro que está nestes momentos pechada no hospital Álvaro Cunqueiro coas súas compañeiras/os celadores loitando por unha sanidade pública para todos nós.

O grupo da Marea de Vigo vai apoiar en todo o posible á IPL que o compañeiro o Sr. Gonçalvez hoxe trae aquí en representación do sindicato CIG, sen dúbida o sector enerxético é dun valor estratéxico, non só para Galicia senón para o conxunto do Estado. A necesaria solidariedade entre as distintas nacionalidades do Estado español é nin máis nin menos o que se pide nesta proposta, sen o aproveitamento das diferentes capacidades produtivas dos diferentes pobos do noso estado, malamente acabaremos o desenvolvemento xusto, eficaz e solidario que desexamos no só para Galicia senón para tódolos pobos que sobreviven neste estado falido no que convivimos.

No marco legal actual que nos rexeitamos e desexamos cambiar, apoiamos firmemente as medidas que se expoñen no documento. A participación da Xunta de Galicia de forma directa preferiblemente ou a través de empresas mixtas, son medidas que coa necesaria vontade política poderían ser postas en marcha dunha maneira rápida e eficaz.

Isto, a curto e medio prazo, máis indo devagar porque queremos chegar lonxe, xa vai sendo hora de poñer no debate político a nacionalización. No ano 97 arrancou con forza o proceso de privatización do sector eléctrico, a día de hoxe a situación é límite, tal e como dixo o compañeiro o Sr. Gonçalvez, somos o terceiro país máis caro en consumo doméstico de electricidade, o oitavo en consumo industrial,

estamos entre as tarifas máis caras nunha comparativa de 30 estados europeos, e sempre segundo as empresas temos un enorme déficit de tarifa, coa escusa deste déficit introducíronse no Estado medidas como a eliminación de primas a renovables, que impide de feito a autoprodución de enerxía, é dicir, por un lado apelamos ao libre mercado que os supostos beneficios que traerá para o consumidor a privatización e a suposta libre competencia no sector mentres que coa outra man impedimos esa mesma competencia, asegurando os beneficios dun réxime oligopólico que controla a produción, a distribución e as propias poxas de enerxía. Non é casualidade que xigantes internacionais de enerxía como Gaz de France, tivera que poñer á venta as súas centrais de gas en España por non poder competir con empresas españolas, e digo españolas moi entre aspas.
A privatización do sector eléctrico é unha estafa, na que o Estado cedeu ao seu control a empresas privadas que actúan como unha banda organizada que expulsa a competencia do seu territorio, sen que o poder político faga nada por evitalo, ó cotrario o Estado garante os beneficios destas empresas.
Apoiamos as medidas contidas neste documento, máis traballaremos polos cambios lexislativos necesarios para que o Estado recupere o control deste sector estratéxico.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O subministro de gas e da electricidade foron declarados servizos públicos en España a través dun Real Decreto Lei, de 12 abril de 1924, a Constitución de 1978 no seu artigo 38 que recoñece a liberdade de empresa no marco da economía de mercado, subordina toda a riqueza do país ao interese xeral e en consecuencia posibilita que se poida reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais especialmente no caso do monopolio, artigo 128.2.
A incorporación de España á Unión Europea obrigou a liberalizar moitas actividades que integran o sector enerxético, esta liberalización implica que a actividade deixa de ser de titularidade do Estado e polo tanto o operador xa non necesita unha concesión, agora ben, xa que non poucas destas actividades teñen un carácter neurálxico o dereito comunitario os cualifica de servizos de interese económico xeral, por iso o Estado ten que asegurarse que se prestan dunha maneira correcta, regular e igual para todos. Dío na súa exposición de motivos a Lei 54/1997, que asegura a expresa garantía do subministro a tódolos consumidores. Dende o grupo

municipal do Partido Popular pensamos que centrar o tema á pobreza enerxética é un debate miope que nos afasta da realidade, bens de primeira necesidade ou que se poderían considerar de servizo público, son igual que a luz, a auga, a comida, a roupa, o calzado, a vivenda, etc. poderíamos falar aquí do que fixeron uns e outros, a luz empezou a ser un grave problema cando España entrou en crise e o Sr. Zapatero subiu o custe nun 80% entre 2009 e 2011, existe o bono social, un desconto do 25% da tarifa para determinadas persoas, existe tamén o ticket eléctrico, que puxo en marcha a Xunta de Galicia dende o ano 2004, que destinou 1,5 millón de euros para el e co cal por certo, este Concello negouse a colaborar o ano pasado e por iso en 2015 a Xunta de Galicia tivo que cambiar o seu procedemento e empezar a tramitar directamente estas axudas.

Hai que axudar ás persoas que o necesitan, está claro, podemos discutir se hai que ir pola vía de dar axudas directas, dando cheques, ou axudas para a luz, para o aluguer, para a comida ou ben pola vía dos servizos sociais prestando un apoio integral ás persoas que realmente o necesitan, pero para isto é necesario ter unha área de servizos sociais que estea en condicións e que non estea colapsada como a que ten o Concello de Vigo.

Pero o que si nos parece dunha demagoxia superlativa é falar da luz e non querer falar da auga que tamén é un servizo esencial e que a súa xestión e a súa competencia é do Concello de Vigo, por que non hai unha tarefa social, un bono social da auga? Por que o Concello de Vigo cóbralle aos vigueses a auga máis cara de Galicia por que? Por que lles cobra polo que non consumen? Por que vai subir dentro de cinco minutos o recibo da auga un 1,1%? Por que se lle prorrogou a Aqualia, a concesión cinco anos máis cando terminaba dentro de tres meses, por todo isto este debate nos parece unha auténtica farsa e puro fariseismo político. Isto é no que na nosa opinión o Alcalde ten que responder e vostedes dente a CIG tamén teñen que reclamar.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Pensei que do que se trataba aquí era e apoiar a moción que presenta o secretario comarcal da CIG non o debate que pretende abrir o señor do Partido Popular, xa sabemos como farán vostedes, as políticas de vostedes. A pobreza enerxética ten como consecuencia as políticas de recortes do seu grupo, nós imos apoiar a proposta presentada polo secretario comarcal da CIG

de Vigo como non podería ser doutra maneira, entre outras razóns porque nós, o Partido Socialista xa ten actuado en consecuencia, o Partido Socialista ten presentado xa unha proposición de Lei no Congreso dos Deputados, de protección dos consumidores vulnerables contra a pobreza enerxética, presentada polo grupo Socialista en abril do 2014, ten presentada unha proposición de Lei no Parlamento do Estado e no Parlamento de Galicia en novembro de 2014, nós si que estamos a facer os deberes.

Convén lembrar xa que as veces se esquece, xa que vostedes falan dun presidente Socialista, que é precisamente co goberno socialista cando as leis pensan nos cidadáns, nas persoas, cando pensan nas persoas vulnerables, lembran vostedes, e como eu son maior permítome lembralo, pero foi o Partido Socialista o primeiro que elevou a dignidade das persoas vulnerables con aquela Lei de subsidio que todos nos esquecemos, foi o Partido Socialista o que levou á dignidade das persoas cunha protección por desemprego, coa Lei de educación pública e universal, cunha Lei de sanidade pública e universal, coa Lei de igualdade, coa Lei de dependencia, está a traballado agora mesmo e solicitando un mínimo vital, convén lembralo para que non se esquezan, porque ás veces se nos esquece determinadas cousas. Pero o Concello de Vigo receptor, primeiro da situación vulnerable das familias a consecuencia dos recortes que fai o Partido Popular, en sanidade, educación, en dependencia, en desemprego, etc., centra os seus esforzos orzamentarios e ten como prioridade, repito, ten como prioridade a atención ás familias, especialmente afectadas por todos eses recortes dos que son vostedes responsables. Habilitamos diversas partidas e formas de axuda e colaboración, ben sexa de forma directa ou a través de convenios coas ONGs.

En atención ás persoas maiores, estamos atendendo a preto de 200 persoas na casa, co Xantar na Casa, en servizo de Axuda ao Fogar a preto de 500 persoas, en infancia e familia 306 familias, pobreza enerxética non só é a luz, é a luz, a comida, o aluguer, a hipoteca, os libros, as bolsas de comedor, etc., en bolsas de comedor, de libros máis de 2.600 bolsas de comedor e máis de 1.300 en bolsas de libros, pero o máis importante de todos é que nunha situación de especial vulnerabilidade o estado abandona ás familias e o Concello de Vigo habilita unha partida extraordinaria de máis de 2 millóns de euros para atender as familias en situación de pobreza enerxética, que lle estamos a pagar a luz, a auga, os alimentos, a

medicación, máis de 1.000 tarxetas alimentarias andan por Vigo adiante, do cal nos sentimos profundamente orgullosos, atendemos á exclusión severa das persoas, lémbranse vostedes do Centro de Inclusión Social? Creado nunha situación de crise, onde os que ninguén atenden aténdeos o Concello de Vigo? Comedores sociais, Plan Albergue Municipal onde a xente cunha dignidade especial pódese ir a duchar se non quere facer outra cousa, convenios coas ONGs, máis de 250.000 euros para alimentos, coordinación cos programas de ONGs, con Médicos do Mundo, os Educadores de Rúa que van falar coas persoas que están a durmir na rúa e que lles ofrecemos a posibilidade de que non o fagan, a través de Médicos do Mundo do Grupo Cinco, proxectos individuais a través de programas laborais e de emprego, coordinación con programas de inserción na cidade, redución do dano como dicía antes en medio aberto, e o programa estrela, do que se fala moi pouco, que é o Programa de Infancia e Familia, levarlles a comida a casa a case 100 persoas, que xa levamos dous anos facendo iso, que dúas veces ao mes reciben os alimentos na casa.

PRESIDENCIA: Sr. Gonçalvez, quero mostrarlle o noso recoñecemento pola súa intervención, quero mostrarlle o noso apoio a súa proposta, polas intervencións, como vostede ben puido escoitar, dos grupos que totalizan 20 de 27 concelleiros apoian a súa proposta e polo tanto, saiba que ten o apoio maioritario do Pleno desta cidade e o desta cidade na súa proposta chea de solidariedade e de apoio aos que o necesitan na cidade.

## 2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo

## 3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

### 3.1(169).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR

**PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 15725/541 (1200/1101)**

ANTECEDENTES: Con data 8 de setembro de 2015, o Tesoureiro Municipal informa do que segue:

"(elaborado conforme a nova Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- ✓ Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- ✓ Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.
- ✓ Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- ✓ Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de personal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*
*(…….)*
*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*
*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (…)”*

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*
*Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.*
*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, con carácter xeral, dende a recepción da factura.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento justificativo en rexistro administrativo», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estrutura e datos a incluir nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio (http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf) , que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"*O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluirá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local.* "

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

a) Pagamentos realizados no trimestre.
b) Intereses de demora pagados no trimestre.
c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.

d) Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2015.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2015 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.
Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 2.036
- Importe total: 28.170.462,93 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 57
- Importe total: 234.916,27 euros

Período medio de pago (PMP): 24,50 días

O "*Periodo medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción da factura.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operaciones: 1029
- Importe total: 11.328.931,45 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operaciones: 19
- Importe total: 130.473,10 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 19,19 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 21 de setembro de 2015, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: O obxecto da miña intervención é dar conta do informe trimestral do segundo trimestre do ano relativo aos prazos de pago aos provedores, trátese do cumprimento dunha obriga legal que ven establecida polo artigo 4, da Lei 15/2010, e que se refire aos gastos correntes do Concello, en particular ao capítulo II e ao VI do Orzamentos de gastos. É preciso lembrar que o Concello ten un prazo de 30 días para facer o pagamento das facturas relativas ás mercadorías, ás prestacións de servizos e tamén ás certificacións de obra, todo isto debe facerse en cumprimento da nova guía de informe trimestral de Tesourería aprobada polo Ministerio de Hacienda e Administraciones Públicas para este período 2015.
Os datos correspondentes ao segundo trimestre do ano continúan na boa liña da que xa din conta cando informei do primeiro trimestre de pago a provedores e dun total de 2.093 pagos, todos eles fixéronse dentro do prazo máximo dos 30 días, pago en 20 días, que marca a Lei de pago a provedores.
Polo tanto, 2.093 pagos feitos en prazo dos cales 51 refírense a alugueres, 349 a reparacións e mantemento, 1.467 a subministros e 103 a investimentos reais, polo

tanto os xuros pagados neste período foron de cero, polo tanto todos estes pagos feitos dentro do prazo legal de pago a provedores o que mostra a boa xestión económica que fai este Concello porque todos estes pagos fixéronse dentro do prazo, insisto, cero xuros de demora pagados neste segundo trimestre o que demostra a boa xestión económica deste Concello.
Hai que facer mención a que así como no conxunto das administracións locais produciuse un incremento de catro días no prazo de pago aos provedores, o Concello de Vigo continua na redución do tempo de pagos aos provedores e ao final do segundo trimestre o período medio pendente de pago a provedores atópase en 19 días, polo tanto reducimos con moito a media dos prazos do conxunto das administracións locais do Estado.

*A Presidencia, debido aos berros do público asistente á sesión, pide silencio producíndose unha interrupción.*

PRESIDENCIA: Xa falaron bastante verdade? Imos continuar co Pleno. Xa fixeron a súa demostración e agora imos continuar co Pleno.

SR. ANEIROS PEREIRA: En definitiva, no segundo trimestre do ano, 2.093 pagos feitos en prazo por un importe total de 28 millóns de euros sen pagar xuro ningún de demora algún. É ao final do trimestre o período medio de pago de facturas era de 19 días, polo tanto estamos pagando en 19 días moi por debaixo do máximo legal de 30 dias que establece a normativa legal, 19 días como período medio de pago a provedores, boa xestión económica do Concello de Vigo que mellora con moito a media das corporacións locais do conxunto do Estado que de acordo cos datos do Ministerio de Facenda teñen un período medio de pago no conxunto do estado de 35 días. Polo tanto, no concello de Vigo estamos a pagar dentro do período máximo de pago e moi por debaixo dese período de pago en 19 días, sen pagar ningún xuros de demora, polo tanto non se debe nada a ninguén e todo o mundo cobra dentro do prazo máximo que establece a Lei de provedores.

SR. PÉREZ CORREA: Loxicamente hai unha lei que obriga efectivamente a pagar as facturas e a pagalas dentro dun prazo medianamente normal, é máis real este dato

e o dato anterior que se propuxo o 27 de xullo no anterior Pleno, que o dato de 10, 14 días que sabíamos que nese momento era irreal. Agora ben, a maior parte destes pagos corresponden como vemos a material de subministros, obras o que ten que ver con gasto corrente de servizo, sería bo saber e facer unha auditoría dos pagos de determinadas facturas, nós queremos saber cantas destas facturas están levando as concesionarias de Parques e Xardíns que hoxe teñen ao seu cadro de persoal en folga, porque ao mellor esa prontitude no pago ten que ver precisamente porque hai empresas amigas que pagan que os pagos sexan moi rápidos. Polo tanto pedimos unha auditoría das facturas, sobre todo das facturas que teñen que ver coas concesionarias e pediremos un informe das concesionarias que están a incumprir materia de dereitos laborais e salariais.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros é que a vostede cando fala dos datos os manexa segundo lle convén nese momento, o pasado Pleno de 27 de xullo falaba vostede, presumía dese prazo de 10 días, e de 14 días de prazo pagamento das facturas, iso supostamente facía que o Concello de Vigo fora os que máis rapidamente pagaba, agora vemos a razón pola cal se estaba tan ben nese período de pagamento, é porque non estaban contando o momento no que a factura se recibía, vostedes o que facían era recibir a factura, gardala e no momento no que contrae a obriga entón empezar a contar, así non se conta e así non estaban a contar o resto das administracións. Posiblemente o que farían é o mesmo que estaban a facer na Xunta de Galicia cando no 2009 chegamos, era o que facía o bipartito, no que era imposible saber o tempo de pago das facturas porque non había ningún rexistro no que se soubera ese tempo de pago, a vostedes non lles interesa saber canto tempo se pagan as facturas, gracias á normativa aprobada polo Partido Popular é obrigatorio dar esta información, dar esta transparencia e agora estamos sabéndoo. Pero hai que facer ben as contas e non enganar a ninguén e a verdade é que agora estamos a falar de 24,5 días do período medio de pagamento, non fale de 19 días cando sabe que o período medio de pagamento das facturas pendentes de pago, non das facturas pagadas que é o que se conta. O período medio real son 24,5 días, é o que pon o seu propio informe non me estou inventando nada, polo tanto imos a contar realmente ben eses períodos medios de pago, nós imos seguir insistindo na necesidade de que se pague o máis axilmente

posible e que non só se pague axilmente ás empresas senón que tamén se garanta que esas empresas pagan axilmente as súas subcontratas, que moitas veces iso non se produce e tamén aos seus traballadores.
Polo tanto, hai que cumprir e facer cumprir a lei.

SR. ANEIROS PEREIRA: Por moito que se empeñe o cómputo de prazo de pago non o fixa este concelleiro senón a lei, e como vostede debería saber o prazo fíxase dende que se rexistra a factura e polo tanto dende que se recibe a factura, polo tanto dende ese momento nós iniciamos o cómputo en cumprimento da legalidade como todo o que se fai nesta casa, cumprimento máximo da legalidade. Polo tanto, dentro dese prazo máximo de pago de 30 días, o Concello ao final do trimestre está a pagar en 19 días. É certo que o prazo de pago incrementouse para todo o conxunto do Estado en 4 días como media, de acordo cos datos do Ministerio de Facenda e este Concello ao final do segundo trimestre está a pagar en 19 días, polo tanto estamos ante un suposto en que tódolos concellos de España pola tramitación das facturas que corresponden á Xunta de Galicia, neste caso o sistema de facturación electrónica, estamos no caso de Galicia atrasándonos, aquí cúmprese a legalidade, non facemos como noutras administracións que vostede coñecerá máis dunha etapa pasada súa, na que o período por exemplo do exercicio orzamentario reducíase a nove ou dez meses, por exemplo, pechando exercicios en novembro e no que o tempo de cumprimento das facturas é moito maior, 40 días no caso da administración autonómica da Xunta de Galicia. Polo tanto, aquí, estamos dentro da legalidade e cumprindo correctamente co disposto.
Sr. Pérez, neste Concello cumprimos coa legalidade, día a día facemos un seguimento das facturas, das operacións correntes, a información que é obrigada e se trae gustosamente a este Pleno é a do Capítulo II como dixen, polo tanto, Gasto Corrente e o capítulo VI, Transferencias a outras entidades, ese é o ámbito da información e dentro dese ámbito como nos restantes ámbitos do pagamento do Concello, en persoal, en transferencias a outras administracións, en investimentos, estamos a cumprir a legalidade cos prazos de pago. Vostede fíxase no capítulo II, pero non se fixa no capítulo de Investimentos Reais onde hai un total de 103 facturas pagadas neste segundo trimestre e por un importe de 4 millóns, polo tanto tamén dentro do prazo máximo e moi por debaixo do prazo máximo de pago a

provedores por moito que lle pese á señora do Partido Popular.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**3.2(170).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1)**

ANTECEDENTES:

No expediente consta a seguinte documentación:

- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.
- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

*ARTIGO 4.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.*
*Modifícanse os apartados 2 e 3 que, quedan redactados como segue:*

*2. A categoría fiscal das avenidas, rúas e prazas do termo municipal será a determinada no Anexo da presente Ordenanza fiscal xeral. Se algunha rúa, camiño ou lugar non figurase no citado Anexo, a súa categoría fiscal será determinada conforme a seguinte escala de valores de repercusión comercial obtidos das correspondentes ponencias de valores catastrais vixentes:*

| *CATEGORIA* | *VALORES DE REPERCUSION COMERCIAL (BI-URBANOS)* |
|---|---|
| *1ª* | *máis de 301,06 €/m2* |
| *2ª* | *de 245,80 €/m2 ata 301,06 €/m2* |
| *3ª* | *de 150,54 €/m2 ata 245,79 €/m2.* |
| *4ª* | *de 82,11 €/m2 ata 150,53 €/m2.* |
| *5ª* | *de 50,31 €/m2 ata 82,10 €/m2.* |
| *6ª* | *ata 50,30 €/m2.* |

| *CATEGORIA* | *VALORES DE REPERCUSION COMERCIAL (BICES)* |
|---|---|

| | |
|---|---|
| 1ª | máis de 2.000 €/m2 |
| 2ª | de 1.500,10 €/m2 ata 2.000 €/m2 |
| 3ª | de 1.000,10 €/m2 ata 1.500 €/m2. |
| 4ª | de 501,10 €/m2 ata 1.000 €/m2. |
| 5ª | de 150,10 €/m2 ata 500 €/m2. |
| 6ª | ata 150 €/m2. |

| CATEGORIA | VALORES UNITARIOS DE SOLO (BICES) |
|---|---|
| 1ª | máis de 45 €/m2 |
| 2ª | de 30,10 €/m2 ata 45 €/m2 |
| 3ª | de 15,10 €/m2 ata 30 €/m2. |
| 4ª | de 5,10 €/m2 ata 15 €/m2. |
| 5ª | de 1,1 €/m2 ata 5 €/m2. |
| 6ª | ata 1 €/m2. |

*3. Mediante resolución da Concellería de Orzamentos e Facenda determinarase a categoría fiscal que, para cada rúa, avenida ou praza, resulte da aplicación das escalas de valores catastrais anteriormente relacionadas.*
*Se, como consecuencia da aplicación do apartado 2 anterior, se incrementase a categoría fiscal mais dun nivel, o incremento de categoría producirase só nun nivel para cada exercicio ata alcanzar a categoría aprobada*
*Se a variación de categoría fose a baixa, os efectos produciranse totalmente no exercicio seguinte a aquel no que a variación fose aprobada.*

*ARTIGO 36.- PRAZOS DE PAGO*
*Modifícase o apartado 2 que, queda redactado como segue:*

*2. Con carácter xeral, a recadación dos padróns do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, da Taxa por recollida de lixo de vivendas iniciarase no primeiro semestre do exercicio. O padrón de Exaccións Unificadas Industriais (Taxa de lixo comercial e vados), iniciarase no mes de xullo . Por outra parte, a recadación dos padróns do Imposto sobre Bens Inmobles e Imposto sobre Actividades Económicas iniciarase no segundo semestre do exercicio.*

*ARTIGO 73B.- EMBARGO DE FONDOS DEPOSITADOS EN CONTAS ABERTAS EN ENTIDADES DE CRÉDITO OU DE DEPÓSITO*
*Novo artigo que, queda redactado como segue:*

*1. Ós efectos do establecido nos artigos 171.3 da Lei Xeral Tributaria e 607 da Lei 1/2000, de Enxuizamento Civil, cando o aboamento do soldo, salario ou pensión prodúzase con regularidade, únicamente terán a consideración de soldo, salario ou pensión as cantidades percibidas polo debedor correspondentes á última mensualidade ingresada na conta obxecto de embargo. Por conseguinte, as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ó derradeiro ingreso terán a condición de aforro e non lles serán de aplicación as limitacións do citado artigo 607 LECiv, agás no suposto regulado a continuación.*

*2. Excepcionalmente, naquelas contas nos que os únicos ingresos sexan os*

*procedentes de soldo, salario ou pensión e o seu cómputo anual nos derradeiros doce meses non supere o importe do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ó derradeiro ingreso serán equiparadas a soldo, salario ou pensión ós efectos da súa inembargabilidade sempre e cando os embargos efectuados se refiran a débedas tributarias e o contribuínte solicite o fraccionamento de pago con anterioridade ó remate do prazo para a interposición de recursos ou reclamacións contra o dito embargo. Na resolución dos recursos de reposición se fará constar expresamente esta posibilidade ós efectos de que os interesados poidan facer uso dela antes da interposición de reclamación económico-administrativa.*

*O importe do fraccionamento mensual será o 5% do importe do soldo, salario ou pensión mensual. Considérase soldo, salario ou pensión mensual o resultado de dividir o importe total ingresado por estes conceptos no último ano entre doce. En calquera caso, o suxeito pasivo poderá solicitar o fraccionamento por importe superior.*

*3. Para acollerse a este réxime, os interesados deberán presentar o extracto bancario dos movementos da conta embargada referido aos últimos doce meses así como a documentación xustificativa dos ingresos. O servizo de recadación poderá requirir periodicamente a xustificación do mantemento das condicións mediante a aportación de sucesivas certificacións bancarias de movementos.*

*4. Ós efectos do presente artigo, e aínda que non fosen de devengo periódico, asimilaranse a soldos, salarios e pensións as axudas de emerxencia social.*

*ARTIGO 86.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.*
*Suprímese do apartado 3 o paragrafo a) que, queda redactado como segue:*

*3. O procedemento para a devolución de ingresos indebidos a instancia do interesado axustarase, ao seguinte:*
*Deberá consignar na súa solicitude un número de conta bancaria completo a fin de proceder a realizar a eventual devolución a través de transferencia bancaria.*

*DISPOSICIÓN FINAL:*
*Queda redactada como segue:*

*A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2016 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

*DISPOSICIONS ADICIONAIS*

*DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA.*
*Modificase o artigo 5.5 da:*
*Ordenanza Nº 50:*
*Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos e Taxas Pola Concesión de Licenzas para Construcións, Obras e Instalacións e Outros Servizos Urbanísticos. 2016*

*ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*
*Modifícase o apartado 5 que, queda redactado como segue:*

*5. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licencia de obra nova ou reforma que se acollan aos Programas de Rehabilitación de Vivenda nos ámbitos declarados oficialmente Areas de Rehabilitación Integral: PEPRI de Casco Vello e PEPRI de Bouzas, ARI de Coia, ARI de Santa Clara(Cabral),*

*DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.*
*Modifícase o artigo 3 apartado 5 da*
*Ordenanza Nº 5:*
*Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.*

*ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*
*Modifícase o apartado 5 que, queda redactado como segue:*
*5. Gozarán dunha bonificación do 75% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal", por estaren incluídas nos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello, así como nos edificios catalogados do PEEC, e nas Areas de Rehabilitación Integral de Santa Clara (Cabral) e Coia.*

*DISPOSICION ADICIONAL TERCEIRA*
*Modificase o apartado 5 do artigo 4 en execución de sentencia do TSXG nº 282/2015 da,*

*Ordenanza Nº 30:*
*Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local.*

*ARTIGO 4.- COTAS*
*Modifícase o parágrafo 5 do apartado 5 que, queda redactado como segue:*
*Este réxime especial de cuantificación aplicarase as empresas a que se refire este epígrafe 5, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os subministros como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas. Non obstante o anterior, as empresas do sector de telecomunicacións só tributarán mediante este réxime de cuantificación se son titulares das redes.*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 18.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que consta que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de

modificación da Ordenanza Fiscal Xeral en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) presentado polo grupo municipal Marea de Vigo no que se fai constar a seguinte, EMENDA:

**1.** *"Aprazamento sine die nos pagos fraccionados da débeda no entanto o suxeito pasivo acredite atoparse no desemprego ou non percibindo ingresos superiores o SMI".*

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados e coa proposta da Dirección Xeral de Ingresos referida á modificación do artigo 40 da Ordenanza Fiscal Xeral.

- Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, de data 11.09.2015, no que se estima parcialmente a emenda presentada, rectificando a redacción dos cinco últimos parágrafos do artigo 41.

- Informe-proposta de data 11.09.2015, relativo á modificación do proxecto de Ordenanza Fiscal Xeral para o ano 2016, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28.08.2015, e desestimación do cuestionamento da legalidade dos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local, o informe na súa parte dispositiva textualmente di:

*"PRIMEIRO.- Modificar o artigo 41.3 do Proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral para o 2016, e incorporar un apartado 4 cuxa redacción queda nos seguintes termos:*

*"3. Os criterios xerais para a concesión de adiamentos e fraccionamentos son:*

*- As débedas de 400,00 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou tres mensualidades.*

*- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.*

*- As débedas de importe superior a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.*

*Só excepcionalmente se aprazarán ou fraccionarán débedas de contía inferior a 400 euros ou por prazos superiores aos previstos neste artigo. En particular, aprazaranse ou fraccionaranse as débedas tributarias de contía inferior a 400 euros ou por prazos, superiores aos previstos, entre outros, nos seguintes supostos:*

*a) Cando a persoa debedora non teña ningunha fonte de ingresos durante un mínimo de seis meses.*
*b) Cando a persoa debedora sexa desempregada de longa duración.*
*c)Cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces o Indicador de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).*

*De cumprirse algún dos supostos a), b) ou c) anteriores e resultar favorable a resolución aprobatoria do aprazamento ou fraccionamento, este concederase polos prazos e períodos solicitados, e, como máximo, 12 meses.*

*Para o caso de que o debedor non puidese facer fronte a algún dos prazos aprobados na súa data de vencemento, deberá poñelo en coñecemento, por escrito, diante da Recadación municipal, a efectos da aplicación, se fose o caso, do disposto no artigo 73 bis desta Ordenanza.*

*4. Cando o debedor teña a condición de administración pública e a contía da súa débeda se estime que poida afectar significativamente ó cumplimento dos seus propios fins, o Concello poderá, previa solicitude e xustificación, conceder un aprazamento excepcional tanto en período voluntario como en período executivo, coa excepción prevista no artigo 46.1.b) do RXR. O prazo do aprazamento non terá os límites previstos no apartado 3. deste artigo e será avaliado, en cada caso, ao teor das circunstancias e da contía da débeda.*

*De darse as circunstancias indicadas, estas administracións quedarán exentas de constitución de garantías*

*Para o cálculo dos xuros do aprazamento e para a tramitación do expediente seguirase o procedemento regulamentado no RXR así como nos artigos 41 a 45 da presente Ordenanza"*

*SEGUNDO.- Manter os restantes Proxectos de modificación de ordenanzas fiscais para o 2016 nos mesmos termos que os aprobados en sesión do 28/08/2015, desestimando o cuestionamento de legalidade formulado na emenda do Grupo Municipal do PP en documento 150112851 en relación coa Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, con fundamento na motivación que antecede.*

*TERCEIRO.- Remitir o presente acordo aos voceiros dos Grupos Municipais e ao*

*Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo para a emisión de Ditame e posterior inclusión na orde do día do Pleno."*

- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.09.2015, aprobando o informe-proposta da Directora de Ingresos de data 11.09.2015.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, emitido en data 22.09.2015, relativo ó cuestionamento da legalidade formulado polo grupo municipal do Partido Popular no seu escrito de emenda.
-

DEBATE:

PRESIDENCIA: Imos facer o debate conxuntamente como é habitual, tempo de intervención 10 minutos por cada grupo, remata o goberno.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Quería propoñer unha cuestión de orde.

PRESIDENCIA: Entón imos facer así, como se fixo tódolos anos con tódolos gobernos neste Concello. Polo tanto terá 10 minutos o Goberno, 10 minutos cada grupo e rematará o goberno con cinco minutos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Simplemente manifestar que na Comisión Informativa, do 11 de setembro, de Orzamentos e Facenda esta voceira solicitou a asistencia do Interventor Xeral Municipal de acordo co disposto no Regulamento, Interventor que non estaba nesa sesión na que se debateron precisamente estas Ordenanzas Fiscais, tendo en conta que o artigo 52 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello di textualmente: que será necesaria a presencia do Interventor na comisión que teña atribuída a competencia en materia de economía e facenda e que o Interventor non estaba eu quería que houbese aquí un pronunciamento expreso de que a Comisión Informativa se constituíu de acordo coa normativa e polo tanto a tramitación das Ordenanzas Fiscais cumpre con tódolos requisitos, porque como digo o artigo 52 do Regulamento di expresamente que ten que estar presente o Interventor Municipal.

PRESIDENCIA: A convocatoria do Pleno polo secretario avala a legalidade. Iniciamos

o debate.

SR. ANEIROS PEREIRA: Tráense a este Pleno as modificacións de nove ordenanzas fiscais que responden fundamentalmente a cuestións técnicas de legalidade que pretenden manter a presión fiscal sobre os cidadáns de Vigo para manter tamén a capacidade de gasto e de axudas aos cidadáns de Vigo e o nivel de bonificacións fiscais.

No que se refire á Ordenanza Fiscal Xeral son tres fundamentalmente as modificacións, en primeiro lugar modifícase o artigo 4 para incluír unha cuestión técnica que é o valor de repercusión comercial dos bens inmobles de características especiais, neste caso a modificación responde a que se teñen que ter en conta as ponencias de valores vixentes e polo tanto ó igual que sucede cos bens urbanos, trátase de incluír unha táboa de valores para o caso de que algún ben non estivese incluído no anexo da ordenanza, polo tanto trátase dunha cuestión de índole técnica que se incorpora á Ordenanza Fiscal Xeral.

En segundo lugar, tamén na liña de facilitar o pagamento dos tributos deste concello aos cidadáns de Vigo, así como contamos xa cun sistema de bonificacións para o pagamento do IBI en dous prazos cunha redución do 3% é un sistema de conta fácil 10, para que os cidadáns de Vigo poidan pagar en 10 anos os seus impostos, introdúcese unha modificación na Ordenanza Fiscal Xeral que permite o aprazamento ou o fraccionamento de débedas inferiores a 400 euros, para atender a necesidade das familias neste sentido.

Polo tanto, esa é a modificación que facemos. Non podemos adoptar neste caso a moción proposta por Marea de Vigo, dunha indefinición no prazo de aprazamento porque sería un incumprimento da normativa estatal legal, a normativa da Lei xeral tributaria establece un prazo máximo para os aprazamentos e fraccionamentos, polo tanto non podemos aceptar esa moción.

En terceiro lugar, na Ordenanza Fiscal Xeral inclúese tamén unha bonificación na taxa de licencias de obras e tamén no imposto sobre construcións, instalacións e obras para facer fronte a reformas que se realicen dentro do plan de protección e reforma interior de Santa Clara e de Coia, así como no Casco Vello e no Barrio de Bouzas. Polo tanto, as obras que se fagan nestes ámbitos específicos Casco Vello, Bouzas, Santa Clara e Coia, neste último caso pensado para a colocación de

elevadores de ascensores que faciliten a mobilidade ás persoas maiores que viven nos barrios de Santa Clara e de Coia, contarán cunha bonificación no imposto sobre construción, instalacións e obras e nas taxas de licencia de obras. Por último na Ordenanza Fiscal Xeral dentro destas reformas de índole técnica, inclúese unha modificación na taxa de dominio público para as empresas prestadoras do servizo de telecomunicacións, que debido a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non poden estar suxeitas a esa taxa do un 1%.
Na Ordenanza Fiscal reguladora do IBI, realizase un reaxuste motivado pola modificación da Lei do catastro que obriga a quitar do catastro de bens urbanos a un bo número de solo urbanizable que non pode tributar como ben urbano, como estaba a facer ata o de agora.
Polo tanto, reordénase a tributación dos bens urbanos fixando un tipo de gravame específico para os bens urbanos de carácter rústico e non urbanizables dentro do límite máximo que establece a Lei de facendas locais.
Tamén hai que dicir que isto é cuestión importante, actualízase o importe dos ingresos que teñen as familias para gozar das bonificacións no imposto sobre Bens Inmobles, hai que lembrar que neste último ano o Importe das bonificacións fiscais ás familias de Vigo pola aplicación deste réxime supuxo un custe por este Concello de 103.000 euros, e que no conxunto do ano 2015 o importe dos beneficios fiscais concedidos dentro do imposto sobre bens inmobles está en 520.000 euros de bonificacións fiscais.
No Imposto sobre Actividades Económicas tamén se modifica a ordenanza fiscal para facer un reaxuste da categoría fiscal das rúas, sendo esta a principal modificación na ordenanza do Imposto de Actividades Económicas.

PRESIDENCIA: Garde silencio.

*A Presidencia, debido aos berros do público asistente á sesión, pide silencio producíndose unha interrupción.*

PRESIDENCIA: Por segunda vez, ístolles a que deixen seguir o Pleno.

SR. ANEIROS PEREIRA: Modifícase tamén a ordenanza fiscal relativa ao Imposto

sobre Vehículos, o coñecido como “rodaxe2, para facer unha serie tamén de reaxustes. Neste sentido o principal reaxuste que se establece é para bonificar o imposto para as motocicletas de menos de 125 centímetros cúbicos o que afectará a máis de 21.000 unidades, máis de 21.000 motocicletas que verán reducido o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, o coñecido como “rodaxe” a practicamente cero, posto que a cota a pagar será de dous euros.

Tamén se reduce a un 10% a tributación do resto das motocicletas, nun 10% para as motocicletas de maior cilindrada a 125 centímetros cúbicos. Continúase a modificación deste imposto modificando a tributación do vehículos de máis de 25 anos da antigüidade e no tocante especialmente aos de maior cilindrada, pero continuase tamén coa bonificación de vehículos a discapacitados e vehículos menos contaminantes e polo tanto continuase coa política de bonificacións dos vehículos que contaminan menos e coa política de facilitación da mobilidade urbana.

Polo tanto, continúase mantendo esa política de beneficios fiscais para os vehículos menos contaminantes.

Por outra banda, actualizase tamén a tributación no relativo ás principais taxas, a taxa de Lixo modificando tamén a tributación desta taxa, mantendo o nivel de satisfacción do servizo en función dos custes que afectan a este servizo. Hai que dicir que o importe dos beneficios fiscais para as familias onde aquí si que se pode ter en conta a súa situación é dunha redución, vía beneficios fiscais, de 275.000 euros para o seguinte período impositivo, polo tanto, as familias con menos recursos aquí si poden por disposición da lei e así o fai este Concello ter unha bonificación fiscal na Taxa de Lixo.

Hai que lembrar tamén que a metade do que pagan os cidadáns de Vigo pola taxa de Lixo corresponde ao canón de SOGAMA que implantou aquí a Sra. Muñoz cando era conselleira de Facenda, entón dos 84 euros que pagamos de taxa de lixo, 49,5 euros corresponden a taxa de SOGAMA que paga este Concello.

Continúase tamén coa reforma técnica atendendo aos custes de servizo da taxa de Expedición de Documentos, o aparcadoiro regulado coñecido como a “ORA”, modifícase a tributación do período máis longo de aparcadoiro a tarefa de dúas horas e tamén se modifica a retirada de vehículos para cubrir os custos deste servizo. Tamén no que se refire ao resto das taxas, continúan na mesma dinámica

no caso das taxas sociais onde se mantén a taxa de Servizo de Axuda ao Fogar, onde o 22% dos cidadáns non pagan as taxas de carácter social relativas ás escolas infantís.

SR. PÉREZ CORREA: En primeiro lugar, esta proposta de ordenanzas, emenda unha campaña publicitaria de varios meses, eu levo escoitado deste goberno, do Alcalde, que este goberno producía ou polo menos traballaba nunha redución e nunha baixada de impostos, estas propostas de ordenanzas incrementan na súa maioría un 1,1%, nun ano no que o IPC, a datos de abril deste ano era negativo, polo tanto, todas esas conxelacións que este goberno municipal e anteriores vendían como unha baixada de impostos, vanse ao final a repercutir, non precisamente no mellor momento económico desta cidade, no que a cidadanía de Vigo consolida emprego, e ademais é unha subida por enriba do incremento medio que estamos a conseguir os traballadores/as mediante a negociación colectiva, non hai practicamente ningún convenio que teña unha subida exponencialmente, é máis desaparecen as cláusulas de revisión salarial en moitos convenios colectivos de aplicar o IPC. Polo tanto, non entendemos que un goberno que se di social aplique unha subida xeneralizada do 1,1% da maioría dos prezos de taxas públicas, polo tanto é unha subida de imposto. Podémoslle buscar 50.000 encaixes sobre todos eses anos e incluso sobre as conxelacións que se produciron antes das eleccións municipais que é unha medida absolutamente electoralista, porque a esquerda neste país defende a fiscalizade progresiva, e se hai que aplicar unha suba de impostos será á xente que ten unha renda, non xeneralizado ao 100% da poboación. Polo tanto, nós imos a pronunciarnos en contra destas propostas de taxas e prezos públicos. É certo, e aí agradecemos o traballo do concelleiro que a información é moi precisa e que se introducen algunhas correccións, non o imos a negar que estábamos detectando e que moita xente dos movementos sociais estaban denunciando, que se estaban a producir embargos de contas bancarias por impagos de taxas á xente que percibía axudas sociais, porque ter privatizada, externalizada a recadación executiva moitas veces o que significa é que a empresa o que busca é ir ás contas bancarias de moitos cidadáns desta cidade que non teñen recursos. Teñen vostedes e nos consta, centos de escritos no Rexistro de xente que percibe axudas sociais e que está sendo, ou ata momento, é certo que estas ordenanzas as emendan, estaban

tendo embargos nas contas.
Nós o que pedimos na nosa propostas é algo que están a aplicar moitos concellos, e é evitar esas subas do IPC de maneira xeneralizara, estaríamos dispostos incluso a que determinadas rendas desta cidade que se lle aplique esa subida, sobre todo o que ten que ver incluso cos tributos que van directamente ás empresas.
Polo tanto, nós introducimos ese debate, é dicir, non hai unha rebaixa de impostos na que por certo, a Marea de Vigo non cre de maneira xeneralizada, non cremos na rebaixa de impostos absolutamente xeneralizada e polo tanto, pensamos que aquí non hai nin un ápice do que se anuncia nos medios de comunicación.
Segundo, levamos anos escoitando os famosos informes e as modificacións das tarificación da auga, outra vez imos estar coa tarificación histórica dende que está esta concesionaria privada, 30 metros cúbicos que imos pagar outra vez, independentemente que non os consumamos, polo tanto, aí entra o factor que denunciábamos xa hai tempo, que mentres non quitemos Aqualia da xestión da auga é imposible aplicar outra tarificación, e iso implica a apertura dun novo concurso no que nós nese momento si que defenderemos a remunicipalización, como están a facer gran parte das grandes cidades deste país, ou polo menos están estudando a posibilidade de facelo.
Nas propostas a nós nos seguen faltando, é certo que as Ordenanzas Fiscais están moi capadas por un goberno central, pola fiscalidade do Estado e pola lei, pero séguennos faltando bonificacións que existen en moitas ordenanzas de moitos concellos deste país, independentemente das limitacións que coñecemos que pon a legalidade con respecto á fiscalidade progresiva e á posibilidade de que os cidadáns amorticen a crise tamén a través das taxas e dos impostos municipais.
Polo tanto, introducimos na proposta de emendas unha serie delas, o recargo do IBI ás vivendas e locais propiedade das entidades bancarias, aplicados xa en centos de concellos deste país, empezando por iso, logo cremos e a Marea de Vigo defende así, que sexa progresivamente a partir da segunda, terceira vivenda tódalas aquelas vivendas que leven máis de dous anos desocupadas entendéndoo como sen ningún tipo de consumo de auga e luz, e pensamos que hai posibilidade incluso de que as bonificacións que sen fan, ou as posibilidades de bonificación que se fagan ao Impostos de Actividades Económicas sexa para aquelas empresas que consoliden emprego, que manteñen o seu cadro de persoal nun ratio de anos ou

que fan por exemplo propostas de mellora enerxética que se aplican xa nalgúns concellos sen ningún tipo de problema. Por exemplo, queremos que se estude a titularidade do Álvaro Cunqueiro, porque se a titularidade é constitutiva de non ser pública, non entendemos que se lle faga ningunha bonificación fiscal como se fai a un centro de saúde do SERGAS, entendemos que o cobro do IBI do Álvaro Cunqueiro, se ese edificio non ten a titularidade 100% pública, e aí coincidiríamos co concelleiro o Sr. Rodríguez Escudero, que denunciaba que formaba parte da conta de resultado económico da concesionaria privada, entendemos que hai que cobrar un IBI importante, como hai que cobrarlle o IBI a Citröen, seguramente a moitas empresas desta cidade que non sabemos moi ben por que mediante acordo se lle exime.

Polo tanto, nós pensamos que a progresión social era aínda máis posible nestas ordenanzas, e hai unha que sinceramente nos preocupa, é certo que vai a ver unha modificación obrigada por unha xogada do Catastro do Goberno Central, eu que son do rural, a miña familia, os meus veciños estamos sufrindo que de repente moitas fincas que non pagaban contribución, aparecen multitudinariamente recibos nas casas, que ten que ver moito coa planificación urbanística deste país, que calquera terreo rústico de repente se consolidaba como urbano e se introducía unha contribución excesivamente alta, a sentencia xudicial di que mentres eses ámbitos non teñan planeamento, volven ao rústico, pero vostedes o que fan é subir o IBI rústico case do 0,3% ao 0,6%, un 200% porque como moitas fincas van a empezar a volver a tributar polo rústico, queren asegurar e amarrar ese ingresos. Hai concellos como o de Santiago de Compostela que xa anunciou que non só volve ao rústico senón que vai devolver os cartos aos cidadáns e que lle vai devolver os recibos, pedimos que de pasar iso, de asumirse, a sentencia xudicial deste tribunal de asumirse, que nos posicionemos como vai ir unha pregunta da Marea de Vigo, que nos posicionemos ante a oficina do Catastro, que se lle devolvan os recibos cobrados sobre todo nas parroquias rurais de Vigo por que é algo que está a pasar en moitos concellos e creo que é absolutamente de dereito que as fincas que non teñen ningún tipo de planeamento urbanístico, non se lle cargue máis contribución con esa teoría porque logo vemos polo rural como promotores inmobiliarios van dicindo á xente maior "pero véndame esa finca, non ve que agora cobran máis contribución", iso forma parte da política urbanística que hai que erradicar deste

país.
Polo tanto, sen entrar en detalles que teñen que ver con algunhas modificacións que nós entendemos que tiñan que estar presentes nalgunhas ordenanzas, por exemplo a exención de taxas a determinadas asociacións deportivas, ou a exención de taxas a determinadas urbanización de deportes de base que non se dan, nós non podemos máis que votar en contra, que pedir que se adecúe a política fiscal deste goberno ao que están sendo a política fiscal progresista de moitos gobernos do cambio deste país, e sobre todo que a próxima vez se teña máis en conta as propostas políticas da oposición que foron ninguneadas e que foron eliminadas de toda a posibilidade de incorporarse como proposta de modificación das Ordenanzas.
O noso voto non pode ser máis que pedir fiscalizade progresista, que se explique á cidadanía de Vigo por que se aplica a subida do 1,1% do IPC agregado de varios anos, unha media agregada, que en teoría estaban conxeladas, porque ao final as concesionarias cobran por outro lado as conxelacións que facemos nós, e que incluso que se clarifique que nese informe da tarifa da auga, a pesares de que vai haber esta subida, a pesares de que seguimos tendo un recibo da auga absolutamente abusivo, aí aparecen datos que din que aínda hai que subilo máis e que para o custe real o custe efectivo teríamos que subilo un 17%, aquí hai unha concesionaria que está a facer o agosto e polo tanto non entendemos eses cinco anos de prórroga que vai ter esa concesión e aínda nos di que auga tería que ser moito máis cara, como se eles foran unha ONG e non unha empresa pertencente ás Koplowitz.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Aneiros, realmente lamento que estree vostede como concelleiro de Facenda, subíndolle os impostos e as taxas a tódolos vigueses e as viguesas e laméntoo porque realmente esta era a oportunidade o que estaba a necesitar a poboación e tódolos cidadáns que se lle baixaran os impostos e as taxas municipais.
Na súa intervención estivo a falar de moitos beneficios fiscais, eu non lle escoitei falar de conxelación, menos mal, que volvera a dicir aquí que se estaban a conxelar os impostos, unha conxelación real era como vostede sabe, unha real mentira e polo tanto alégrome que non houbese falado de conxelación cando realmente o

que están é a subir o 1,1% os impostos.
Porque vostedes querían subir os impostos, levan queréndoo moito tempo e agora vese o que utilizaron, fora ao IPC dende ao ano 2012, levan queréndoo moito tempo, no ano 2014 para o 2015 non o puideron facer porque o Partido Popular esixiulle que baixaran os impostos, quizais porque viñan as eleccións e querían dar unha cara que realmente non é a súa, porque o que vostedes queren é subir os impostos.
O que pasa é que a escusa que buscaron, o IPC, hai unha lei a Lei de desindexación que pono en dúbida, e esa alegación que fixo o Partido Popular, este grupo municipal, parece que non estaban tan desacertada á vista da gran cantidade de informes que se emitiron polos diferentes servizos deste Concello para xustificar a legalidade desa baixada.
Polo tanto, varios informes que teño que recoñecer, o último deles é do pasado 22 de setembro, da unha xustificación bastante extensa desa legalidade, e tamén celebro que se rectifique o informe que se nos presentou na Comisión Informativa o que facía referencia a que a lei de desindexación o que facía era cometer un exceso verbal, as leis non cometen excesos verbais, Sr. Aneiros, a lei está para cumprirse.
O que queda claro despois das voltas e múltiples xustificacións deses informes, queda claro neles é que o que vostedes querían era subir eses impostos. Como di ese último informe, deixa claro que esa última actualización en función do IPC, é e di textualmente, "un motivo remoto", e dicir, unha escusa para subir os impostos que ademais fano porque poden, porque son unha administración pública e poden, e sobre todo porque queren.
Polo tanto, con esta xustificación o que veñen a recoñecer, nin máis nin menos, é que o querían era subir eses impostos e que lle daba igual o motivo, a razón e dende logo que lle da igual a situación na que están moitas familias que van ter que pagar máis impostos, porque si, Sr. Aneiros, o ano 2016 os vigueses/as pagaremos máis impostos que no ano 2015, as familias viguesas pagarán máis pola súa vivenda.

PRESIDENCIA: Advírtolles por terceira vez, garden silencio. Continúe señora concelleira.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Dicía que unha vez que quedou acreditado no expediente de que a razón pola que soben os impostos e as taxas é porque queren, e non porque sexa en función do IPC que non o poden utilizar, a realidade é que as viguesas/es pagaremos máis impostos no ano 2016 que no ano 2015, e as familias pagarán máis que pola súa vivenda, polos seus coches, máis taxas ao Concello polos documentos que expide o Concello, que van pagar máis pola grúa, polo lixo, por aparcar na rúa e polo recibo da auga. En definitiva, que van pagar máis impostos e taxas que no ano 2015, e iso Sr. Aneiros, vai en contra precisamente do que teñen que facer que é baixarlles os impostos porque vai en contra do que vostedes mesmos están a dicir, hai un momento presumía vostede aquí da gran saúde financeira do Concello e do rápido que pagan as facturas, onde está esa saúde financeira? De que lle serven aos vigueses/as se ao final non van verse repercutidas nos seus petos. Vostedes queren quitar máis cartos dos petos dos vigueses para seguir pagando os seus buracos como vimos neste propio Pleno aprobando máis cartos para as concesionarias.

Nós imos seguir pedindo que ese impostos se baixen porque ademais cremos que se pode e que é necesario que se faga, e tamén que se siga avanzando nas bonificacións fiscais como dicíamos nas nosas emendas porque cremos que hai moito marxe para eses beneficios fiscais ás persoas que máis o necesitan, nas taxas e nos prezos públicos se poden subir o límite de renda para aplicar eses beneficios fiscais para familias que aínda están en situación de necesidade, para parados de longa duración, para familias numerosas, para familias monoparentais, alí onde poden e é lícito que vostedes pidan que no  imposto bens inmobles se poidan facer esas reducións ás familias en función da súa situación, pero onde poden facelo que é nas taxas e prezos públicos, tampouco o fan, co cal, coherencia, aplíquense a súa mesma doutrina e tomen nota do que os vigueses/as necesitan, que é se pague menos impostos e ter máis cartos no seu peto para o ano 2016, porque agora que se está a recuperar a economía, agora que tódalas administracións están baixando impostos que outras concellos tamén o están a facer, vostedes estanos a subir. Particularmente grave é a subida do IBI rústico que vostedes duplican para alterar o sentido da sentencia do Tribunal Supremo que di que “cando un particular ten un terreo co que non pode facer nada porque está

pendente de desenvolvemento o Plan Xeral ten que pagar o IBI rústico, como estaba baixo o IBI rústico din vostedes, pois ímolo duplicar, imos achegalo o máis posible ao urbano para sigan pagando. Dende logo iso é o contrario ao que hai que facer e do que están a facer o resto das administracións.
Dunha vez tomen nota co recibo da auga, non lle voten a culpa a ninguén máis, non volvan falar que si do canón, de SOGAMA, a realidade é que tódolos vigueses están pagando realmente non polo que consumen, os 30 metros cúbicos que non consumen págannos si ou si, esa é a verdadeira realidade e a verdadeira realidade é que está nas súas mans solucionalo, nas súas mans e en ningunha outra. Esperemos que o fagan e que en vez de estar contentando a Aqualia que a teñen moi contenta contenten máis aos vigueses/as.

SR. ANEIROS PEREIRA: Serei breve porque espero non esgotar máis dun minuto, porque as respostas as intervencións dos grupos da oposición teñen que ser breves porque as súas intervencións foron demagóxicas.
Subida ou baixada de impostos? Eu fixen a conta a ver en canto me saía pagar o imposto de vehículos do meu coche e sigo na mesma marxe, fixen a conta de canto vai supor, como din vostedes, subir a taxa do lixo e seguro nos 85 euros, eu non vexo ningunha subida de impostos neste sentido. Pero se de verdade queren falar de subidas de impostos imos mirar a Madrid, o IVE subiuse do 8% ao 21%, se realmente queren falar de baixadas de impostos eliminen o canón de SOGAMA, que supón a metade do que pagan os vigueses pola taxa do Lixo, se queren falar de baixadas de impostos eliminen o canón da taxa da Auga, falen diso, dos canon que dependen de vostedes, e puxéronos cando chagaron ao goberno.
Por outra banda, hai unha serie de medidas que non se poden facer na modificación das ordenanzas fiscais porque requiren de modificacións legais nas leis estatais, e o que sucede no caso do recargo para as vivendas desocupadas e no caso, como propón Marea de Vigo, do IAE e no caso dos solos urbanizables, imos ser serios, saben cal é o importe dos recibos do solo urbano? Oito euros, o que se establece nesta reforma da Ordenanza Fiscal do IBI é o tipo que hai que aplicar porque así deriva da modificación da Lei do Catastro, os solos que teñen o carácter de urbanizable, saben cal é a previsión de recadación por tódolos solos urbanos do Concello de Vigo? 30.000 euros, así que non me falen vostedes de subida de

impostos.

PRESIDENCIA: Iremos votando primeiro as emendas de cada un dos apartados para despois votar o texto en cuestión. Punto 3.2 vótanse as emendas globalmente. Estamos a votar tódolos puntos que teñen que ver coas ordenanzas fiscais, cumpre primeiro votar as emendas que haxa ou poida haber, e a continuación o texto. Estou sometendo a votación as emendas que puidera haber no punto 3.2.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes e incorporado, en virtude do informe-proposta de data 11.09.2015, que tamén consta nos antecedentes cunha nova redacción relativa ó artigo 41.3 e un novo apartado 4 ó precepto mencionado.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.3(171).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (2)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.
- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS*

*Modifícase o apartado 3 que, queda redactado como segue:*

*3. Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:*
*4.*
*a) Se os importes brutos anuais dos membros da familia numerosa, no exercicio fosen iguais ou inferiores a 6.223 €, a bonificación será do 90%.*
*b) Se os ingresos estiveran entre 6.224 € e 7.955 €, a bonificación será do 50%.*
*O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dalgún integrante con un grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.*

*Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos ata o 31 de xaneiro do ano no que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:*

*- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba surtir efectos a bonificación.*
*- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.*
*- Certificado de discapacidade se é o caso.*

*ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA*
*Modifícanse os apartados 2,3,4 e 5 que, quedan redactados como segue:*
*2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,882%.*
*3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,662%.*
*4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,813%*
*5. Establecese como "tipo diferenciado" na contía do 0,894% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:*

| *CODIGO-USO* | *V.CATASTRAL* | *TIPO* |
|---|---|---|
| *I-industrial* | *igual ou superior a 125.000€* | *0,894* |
| *C-comercial* | *igual ou superior a 125.000€* | *0,894* |
| *G-ocio e hostalería* | *igual ou superior a 175.000€* | *0,894* |
| *O-oficinas* | *igual ou superior a 125.000€* | *0,894* |

| | | |
|---|---|---|
| *A-almacenamento estacionamento* | *igual ou superior a 100.000€* | *0,894* |
| *K-deportivo* | *igual ou superior a 450.000€* | *0,894* |
| *T-espectáculos* | *igual ou superior a 175.000 €* | *0,894* |

*En todo caso, os tipos de grave diferenciados a que se refire este apartado, só poderá aplicarse, como máximo ao 10% dos inmobles do termino municipal que, para cada clase de uso, teñan maior valor catastral.*

*Cando un inmoble teña varios usos, atenderase ao uso da edificación ou dependencia principal.*

*DISPOSICIÓN FINAL 2ª*
*Queda redactada como segue:*
*2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016. Estará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que consta a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 14.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que consta que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) do voceiro grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de modificación de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

*1. No suposto que sexa legalmente permitido:*

*1. A. "Se introduza a progresividade mediante un índice corrector do pago que atenda á renda per cápita da unidade familiar".*

*1. B. “Se contemple un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais idéntico a bonificación das familias numerosas”.*

*Como proposta de traballo á emenda 1.A propón o criterio de baremación por valor catastral da vivenda e o número de fillos.*

*2. “Novo artigo que grave cun incremento do 50% as vivendas baleiras desocupadas propiedade de entidades de crédito”.*

*3. “Non aplicar a exención do IBI aos bens propiedade da igrexa e non destinados ao culto”.*

*4. “Non considerar o novo hospital Álvaro Cunqueiro titularidade íntegra do SERGAS e polo tanto non aplicar a bonificación do IBI correspondente”.*

*5. “Bonificación do 50 % da cota para as vivendas (excepto das de nova construción) que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía solar para autoconsumo sempre e cando a instalación sexa realizada polo suxeito pasivo con carácter voluntario e non responda a obrigacións derivadas da normativa vixente”.*

*6. “Penalizar aos propietarios de solares urbanos consolidados que non cumpran o deber de edificar e rebaixar o límite do valor catastral para poderen ser gravados, até o dobre da cota do IBI”.*

*7. “Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI”*

- Escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) da voceira do grupo municipal do Partido Popular presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles as seguintes EMENDAS:

*1. Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.*

*2. “O 95 % de bonificación a favor de inmobles de organismos públicos de investigación e os de ensinanza universitaria”.*

*3. “O 95 % de bonificación para os inmobles nos que se desenvolvan actividades actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da Corporación”.*

*4. “O 90 % [de bonificación] nos inmobles de características especiais”.*

*5. “O 50 % de bonificación nos bens inmobles que teñan instalado sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar”.*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentadas.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas

González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e  nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a  redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.4(172).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.

- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

*Modifícase o apartado 2.1 e incorporase o apartado 5 que, quedan redactados como segue:*

*2. Gozarán dunha bonificación do 100 por 100 de cota do imposto:*
*2.1 Os vehículos da clase turismos de menos de 8 cabalos fiscais con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.*

*5. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 de cota do imposto:*
*5.1 Os vehículos da clase turismos de 8 ata 11,99 cabalos fiscais con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.*

*Esta bonificación aplicarase de oficio no caso de vehículos nos que a súa primeira matriculación realizarase en territorio español. Noutro caso, deberá solicitarse aportando documentación que acredite a antigüidade e en caso favorable surtirá efectos para o exercicio seguinte ao da solicitude.*

*Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofreza dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.*

*ARTIGO 6.- COTA*
*Modifícase o apartado 1 que, queda redactado como segue:*

| *A. TURISMOS* | *COTA ANUAL* |
|---|---|
| *A.1. de menos de 8 cabalos fiscais* | *22,20 €* |
| *A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais* | *61,75 €* |
| *A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais* | *133,95 €* |
| *A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais* | *179,22 €* |
| *A.5. de máis de 20 cabalos fiscais* | *224,00 €* |

| *B. AUTOBUSES* | *COTA ANUAL* |
|---|---|
| *B.1.de menos de 21 prazas* | *152,90 €* |
| *B.2. de 21 a 50 prazas* | *222,10 €* |
| *B.3. de máis de 50 prazas* | *277,70 €* |

| *C. CAMIÓNS* | *COTA ANUAL* |
|---|---|
| *C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil* | *78,00 €* |

*C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil152,90 €*
*C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil222,10 €*
*C.4 de máis de 9999 kg. de carga útil277,70 €*

| *D. TRACTORES* | *COTA ANUAL* |
|---|---|
| *D.1. de menos de 16 cabalos fiscais* | *29,55 €* |
| *D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais* | *47,35 €* |
| *D.3. de máis de 25 cabalos fiscais* | *141,90 €* |

*E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA COTA ANUAL*
*E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil32,40 €*
*E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil 51,00 €*
*E.3. máis de 2999 kg. de carga útil 155,90 €*

| *F. OUTROS VEHÍCULOS* | *COTA ANUAL* |
|---|---|
| *F.1. Ciclomotores* | *6,10 €* |
| *F.2. Motocicletas ata 125 cc.* | *6,10 €* |

*F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.12,15 €*
*F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.27,25 €*
*F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.54,50 €*
*F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.109,05 €*

*DISPOSICIÓN TRANSITORIA*
*Os vehículos de antigüidade superior a 26 anos que, coa entrada en vigor desta modificación, deberan tributar, gozaran, durante o exercicio 2016, dunha bonificación do 50% da cota que lles correspondera conforme ao disposto na presente ordenanza.*

*DISPOSICIÓN FINAL 2ª*
*Queda redactada como segue:*
*2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2016 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 27.08.2015.

- Informe – Proposta complementario da directora de ingresos de data 27.08.2015 en relación co apartado 6 do artigo 4 da Ordenanza Fiscal.

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 26.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación do apartado 6 do artigo 4 da Ordenanza Fiscal.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que consta que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) do voceiro do grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

**1.** No suposto que sexa legalmente permitido:

***1. A.*** *"Se introduza a progresividade mediante un índice corrector do pago que atenda á renda per cápita da unidade familiar".*

***1. B.*** *"Se contemple un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais idéntico a bonificación das familias numerosas".*

*Como proposta de traballo á emenda 1.A propón o criterio de baremación por valor catastral da vivenda e o número de fillos.*

***2.*** *"Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI"*

*Mediante escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) a voceira do grupo municipal do Partido Popular presenta, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:*

***1****. Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) segundo as propostas de modificación ó articulado de data 03.08.2015 e 27.08.2015 que constan nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.5(173).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (4)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.
- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.*

*Modifícase o apartado 1 que, queda redactado como segue:*
*1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa en que radique:*

| *Categoría Fiscal* | *Coeficiente Situación* |
|---|---|
| *1ª* | *3,14* |
| *2ª* | *2,94* |
| *3ª* | *2,78* |
| *4ª* | *2,55* |
| *5ª* | *2,38* |
| *6ª* | *2,16* |

*DISPOSICIÓN FINAL*

*Queda redactada como segue:*

*A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2016 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 18.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que consta que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) do voceiro do grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *"Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI"*

Mediante escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) a voceira

do grupo municipal do Partido Popular presenta, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

**1.** Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.

***2.*** *"Bonificación do 50 % durante os cinco primeiros exercicios seguintes ou de inicio de actividade para os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota municipal".*

***3.*** *"Bonificación do 50 % na cota do imposto para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10 %, ou porcentaxe superior, o promedio da seu cadro de traballadores con contrato indefinido, durante o período impositivo anterior".*

***4.*** *"Bonificación do 50 % para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e utilicen ou produzan enerxía a través de sistemas renovables ou de coxeneración realicen a súa actividade nas zonas menos poboadas do municipio e establezan plans de transporte para os seus empregados".*

***5.*** *"Bonificación do 50 % para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e teñan unha renda ou rendemento neto da actividade negativo ou inferior a cantidade que determine a Ordenanza Fiscal, a cal poderá fixar porcentaxes e límites en función de cal sexa a división, agrupación ou grupo de tarifas do imposto no que se clasifique a actividade económica realizada".*

***6.*** *"Bonificación do 95 % para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da Corporación".*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.6(174).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE (10)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:
- Informe económico do custo de tramitación de expedición de documentos para o ano 2016 emitido en data 31.07.2015 polo Técnico de xestión e inspección tributaria e Custos.
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.
- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polos Documentos que expida o Concello de Vigo ou os seus Organismos Autónomos emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 3.- EXENCIÓNS.*
*Modifícase o apartado 3 que, queda redactado como segue:*
*3. Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadroamento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con*

*ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.977 €. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.*
*Para o disfrute desta exención ditarase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.*

*ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA*
*Queda redactado como segue:*
*Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:*
*1. Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes:*

| | |
|---|---|
| *a. De ata 5 anos de antigüidade* | *2,30 €* |
| *b. Superior a cinco anos ata dez* | *4,60 €* |
| *c. De mais de dez anos* | *12,30 €* |

*2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:*

| | |
|---|---|
| *a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina* | *10,10 €* |
| *b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de* | *1,50 €* |

*3. Restantes certificados:*

| | |
|---|---|
| *a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina* | *2,30 €* |
| *b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de* | *1,50 €* |

*4. Copias de planos:*
*a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados*

| | |
|---|---|
| *- DIN A-4* | *1,90 €* |
| *- DIN A-1* | *3,75 €* |

*- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de 9,60 €*
*b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:*
*- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).*
*- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).*

| | |
|---|---|
| *Por cada Plano* | *1,50 €* |

*c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:*

| | |
|---|---|
| *- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.* | *10,10 €* |
| *- Por cada ano ou plano máis, un recargo de* | *1,50 €* |

*5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.*
*a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina*

| | |
|---|---|
| *A4* | *0,50 €* |
| *A3* | *0,55 €* |

*b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina*

| | |
|---|---|
| *A4* | *0,65 €* |
| *A3* | *1,10 €* |

*c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina*

| | |
|---|---|
| *A4* | *0,85 €* |
| *A3* | *1,25 €* |

*d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina*

| | |
|---|---|
| *A4* | *1,05 €* |
| *A3* | *2,05 €* |

*Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda*
*No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.*

*6. Verificación de poderes:*

| | |
|---|---|
| *a Validación de poder, por cada un* | *10,10 €* |
| *b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha* | *4,35 €* |
| *c. Simple recoñecemento de sinatura* | *2,65 €* |

*7. Fotocopias:*
*a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,*

| | |
|---|---|
| *- por cada páxina A4.* | *0,15 €* |
| *- por cada páxina A3* | *0,55 €* |

*b. Compulsa de documentos*

| | |
|---|---|
| *- Primeira páxina* | *1,50 €* |
| *- Por cada unha das restantes* | *0,55 €* |

*8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:*

| | |
|---|---|
| *- Por cada exemplar* | *4,40 €* |

*9. Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:*

| | |
|---|---|
| *a. Por cada unha dos grupos A e B* | *35,25 €* |
| *b. Por cada unha dos grupos C, D e E* | *19,70 €* |

*10. Informacións ou consultas urbanísticas:*

| | |
|---|---|
| *a. Información ou consulta urbanística común* | *14,70 €* |
| *b. Información ou consulta urbanística especial* | *48,85 €* |

| | |
|---|---|
| *11. Cédulas urbanísticas* | *48,85 €* |

*12. Expedición de duplicados de tarxetas para estacionamento en prazas de aparcamento de discapacitados, por motivo de extravío.* *9,90 €*

*13. Expedición de informes/partes de servizo da Policía Local, Bombeiros e outros servizos do Concello sempre que estes informes excedan das actuacións propiamente administrativas por ter que realizar visitas de campo, desprazamento*

*de patrullas, etc.* *46,45*

*14. Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.* *102,40 €*

*15. Expedición de xustificante de empadroamento.* *(*)*

*(*)(Servizo facilitado gratuitamente na Web do Concello:* [ww.vigo.org/sede](ww.vigo.org/sede) *electrónica/trámites máis comúns)*

*16. Informes de carácter estritamente administrativo das diferentes áreas do Concello. Inclúense neste apartado, inspeccións de carabinas de aire comprimido, informes da Policía Local sen desprazamentos de efectivos e similares.10,10 €*

*17. Expedición da Autorización Especial para a circulación de vehículos con MMA superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de mercadorías nas vías urbanas;*
*Por cada vehículo e ano ou fracción.* *9,75 €*

*18. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.* *45.20 €*

*19. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987) 55,30 €*

*20. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.* *55,30 €*

*21. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987).65,40 €*

*22. Comunicacións sobre transferencias ou transmisións de licenzas tanto de Construcións, Instalacións e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51).* *46,15 €*

*23. Certificados relativos á recadación de tributos (**):*
*a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade* *10,45 €*
*b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de* *1,50 €*

*(**). Servizos facilitados gratuitamente na Web do Concello: www.vigo.org/sede electrónica/trámites e procedementos/facenda*

*24. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros.* *3,75 €*

*25. Á edición completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación*

*relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custo da edición que se xustificará diante da Intervención de Fondos. Así mesmo, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe coa xustificación antedita, no suposto de expedición de documentación en soporte informático.*

| | |
|---|---|
| *a. Documentos en soporte dixital ata 100MB* | *21,75 €* |
| *b. Documentos en soporte dixital de mais de 100MB* | *43,50 €* |

*26. En supostos especiais, a obtención de copias de documentos en soportes distintos de papel, tales como discos, filmacións, etc. serán obxecto de taxa por importe igual o custe ocasionado por tal expedición.*

*DISPOSICIÓN FINAL*

*Queda redactada como segue:*

*2ª. A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2016. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa*

- Informe previo  do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 18.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que consta que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polos Documentos que expida o Concello de Vigo ou os seus Organismos Autónomos en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) do voceiro do grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita,  ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *No suposto que sexa legalmente permitido:*

***1. A.*** *"Se introduza a progresividade mediante un índice corrector do pago que atenda á renda per cápita da unidade familiar".*

***1. B.*** *"Se contemple un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais idéntico a bonificación das familias numerosas".*

*Como proposta de traballo á emenda 1.A propón o criterio de baremación por valor catastral da vivenda e o número de fillos.*

***2.*** *"Exención de pago ás entidades que consten inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello e non teñan ánimo de lucro".*

***3.*** *"Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI"*

Mediante escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) a voceira do grupo municipal do Partido Popular presenta, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.*

***2.*** *"Aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exento".*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos

membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polos Documentos que expida o Concello de Vigo ou os seus Organismos Autónomos segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.7(175).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS (15)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe económico do custo do servizo de inmobilización, retirada, depósito e custodia de vehículos para o ano 2016 emitido en data 31.07.2015 polo técnico de xestión e inspección tributaria e Custos.
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.
- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 5.- COTA*

*Queda redactado como segue:*

*A) Pola inmobilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.*

*- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):*

*Inmobilización 70,75 €*
*Incremento diario por deposito e custodia 5,50 €*
*- Turismos e similares, cuadriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)*
*Inmobilización 133,45 €*
*Incremento diario por deposito e custodia 10,25 €*
*- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares*
*Inmobilización 206,25 €*
*Incremento diario por deposito e custodia 21,05 €*

*B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos*

*- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):*
*Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas70,75 €*
*Incremento diario por deposito e custodia 5,50 €*
*- Turismos e similares, cuadriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)*
*Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas133,45 €*
*Incremento diario por deposito e custodia 10,25 €*
*- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares*
*Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas206,25 €*
*Incremento diario por deposito e custodia 21,05 €*
*- Contenedores*
*Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas238,60 €*
*Incremento diario por deposito e custodia 21,05 €*

*A taxa de incremento aplicarase transcorridas 6 horas a partir do inicio da inmobilización ou dende que se proceda á retirada. Computarase por día completo ou fracción. Se o condutor, titular administrativo, propietario ou persoa encargada do vehículo ou contenedor se fixese cargo do mesmo ou procedese a retiralo pola súa conta, sen que se completase o traslado pola Administración Municipal ou a inmobilización no seu caso, a cota será a que resulte de aplicar sobre a tarifa de retirada ou inmobilización unha redución do 50% do total da cota que se denominará "Cota de Enganche".*

*DISPOSICIÓN FINAL 2ª*

*Queda redactada como segue:*

*2ª. A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data

05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 18.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que consta que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) o voceiro do grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *No suposto que sexa legalmente permitido:*

***1. A.*** *"Se introduza a progresividade mediante un índice corrector do pago que atenda á renda per cápita da unidade familiar".*

***1. B.*** *"Se contemple un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais idéntico a bonificación das familias numerosas".*

*Como proposta de traballo á emenda 1.A propón o criterio de baremación por valor catastral da vivenda e o número de fillos.*

***2.*** *"Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI"*

Mediante escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) o grupo municipal do Partido Popular presenta, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.*

***2.*** *"Aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exento".*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro

López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.8(176).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:
- Informe económico do custo do servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo para o ano 2016 emitido en data 31.07.2015 polo técnico de xestión e inspección tributaria e Custos.
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.

- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Recollida de Lixo emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.*

*Modifícanse os apartados 1 e 3, que quedan redactados como segue:*

*1. Constitúe o feito impoñible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Vigo, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos y Suelos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.*

*3. Considéranse, a efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia residuos urbanos o municipais, os xenerados nos domicilios particulares, comercios oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.*

*ARTIGO 2 SUXEITOS PASIVOS*

*Queda redactado como segue:*

*1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .*

*En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.*

*2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2, do citado RDL 2/2004,*

*ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.*

*Modifícanse os parágrafos 1º, 2º, 3º e 4º do apartado 1 e o apartado 4, que quedan redactados como segue:*

*1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constitúa a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos bruto anuais, per cápita, inferiores a 3.977 € e 6.223 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.*

*Para disfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 49.305 €.*

*O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.*

*No caso dunha persoa con un grado de discapacidade igual ou superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.*

*4. As solicitudes de bonificación ou exención deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.*
*De presentarse algunha solicitude de bonificación e/ou exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel en que fora formulada.*
*No caso de familias numerosas o prazo do 31 de decembro amplíase ata o 31 de xaneiro.*

*ARTIGO 5 COTA*

*Modifícanse os apartados 1.3, 1.4, a estrutura tarifaria do apartado 2 e o último parágrafo, que quedan redactados como segue:*

*1.3. No caso de locais de uso distinto a vivenda que se atopen sen actividade aplicarase a cota mínima de dispoñibilidade do servizo de importe igual á tarifa de vivenda, conforme se dispón no artigo 1º apartado 2 desta ordenanza.*

*1.4. Para a aplicación desta taxa, considerarase que a superficie de local ou establecemento é a delimitada polo seu perímetro interior.*

*2. A estrutura tarifaria é a seguinte:*

*A). VIVENDAS.*
*CÓDIGO CONCEPTO EUROS*

| | | |
|---|---|---|
| 139 | Cota anual | 85,05 |

B). ESTABLECEMENTOS

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 1 | Accesorios e vehículos, venda. | 444,00 |
| 2 | Alfombras e papeis pintados, Venda, | 222,30 |
| 43 | Almacéns frigoríficos e outros. | 2.294,70 |
| 5 | Artigos de pel, peleterías. | 262,85 |
| 6 | Artigos de viaxe. | 282,95 |
| 7 | Axencias de viaxe. | 222,30 |
| 8 | Bancos. | 1.280,20 |
| 9 | Bares e cafés de categoría especial. | 463,40 |
| 91 | Outros cafés e bares. | 263,90 |
| 124 | Bibliotecas, museos. salas de arte. | 170,15 |
| 11 | Bingos e outros xogos de azar | 1.159,45 |
| 12 | Bixuterías. | 179,95 |
| 14 | Bomboneriás. | 222,30 |
| 15 | Cadros e molduras, lámparas. | 264,95 |
| 16 | Cafeterías. | 775,75 |
| 17 | Carnicerías | 411,10 |
| 19 | Cines. | 512,70 |
| 20 | Clubs, peñas e asociacións culturais. | 170,15 |
| 21 | Colexios e academias de ensino, por planta. | 170,15 |
| 22 | Ídem. Ídem. con internado, por planta. | 179,95 |
| 23 | Colexios profesionais. | 250,30 |
| 24 | Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2). | 330,95 |
| 10 | Comercio menor toda clase artigos, por planta. | 463,40 |
| 140 | Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2. | 410,30 |
| 25 | Confiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador. | 362,20 |
| 73 | Confiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador. | 170,15 |
| 26 | Consultorios. | 222,30 |
| 125 | Clínicas de día sen hospitalización. | 444,90 |
| 27 | Corte e confección, modistas e xastrerías. | 263,90 |
| 28 | Cristalerías. | 250,30 |
| 29 | Churrerías. | 170,15 |
| 30 | Depósitos e almacéns pechados ó público. | 263,90 |
| 31 | Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro. | 371,80 |
| 32 | Discotecas. | 1.094,40 |
| 33 | Droguerías. | 319,25 |
| 34 | Efectos navais. | 444,90 |
| 35 | Estacións de servizo. | 666,70 |
| 36 | Estancos. | 170,15 |
| 37 | Estudios fotográficos. | 179,95 |
| 38 | Farmacias e laboratorios. | 263,90 |
| 39 | Ferrancharías, chatarrerías. | 362,20 |
| 40 | Ferreterías. | 444,90 |
| 41 | Florerías e paxarerías. | 196.00 |
| 42 | Fotografía, venda de material. | 357,80 |

| | | |
|---|---|---|
| 44 | Froiterías de ata 20m2 e herboristerías. | 222,30 |
| 151 | Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2 | 444,65 |
| 152 | Froiterías de máis de 50m2 ata 100m2 | 889,30 |
| 153 | Froiterías de mais de 100m2 ata 150m2 | 1.332,10 |
| 154 | Froiterías de mais de 150m2 ata 200m2 | 1.778,55 |
| 155 | Froiterías de mais de 200m2 | 2.365,90 |
| 45 | Garaxes privados, ata 3 prazas | 86,25 |
| 46 | Ídem. de 4 a 25 prazas. | 150,70 |
| 47 | Ídem. de máis de 25 prazas. | 196,05 |
| 48 | Garaxes públicos | 331,70 |
| 49 | Garaxes públicos con lavado. | 444,90 |
| 126 | Granxas de animais. | 411,10 |
| 143 | Hoteis de cinco estrelas | 2.365,90 |
| 51 | Hoteis e moteis de catro estrelas. | 1.855,35 |
| 52 | Hoteis e moteis de tres estrelas. | 1.390,85 |
| 53 | Hoteis e moteis de dúas e unha estrela. | 1.114,20 |
| 54 | Hoteis-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings. | 883,25 |
| 55 | Imprentas e litografías. | 444,90 |
| 56 | Instrumentos musicais. | 263,90 |
| 58 | Librerías. | 357.80 |
| 158 | Local sen actividade | 85,05 |
| 159 | (Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5) | |
| 59 | Loterías, administracións de. | 170,15 |
| 60 | Maquinaria diversa, venda e exposición | 444,90 |
| 61 | Material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores. | 357,80 |
| 62 | Material de construción. | 444,90 |
| 63 | Mobiliario de oficina, venda e exposición. | 529,30 |
| 64 | Mercerías. | 170,15 |
| 65 | Mobles, exposición. | 444,90 |
| 141 | Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m2. | 529,30 |
| 66 | Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m2. | 883,25 |
| 67 | Mobles de cociña e baño, venda e exposición. | 444,90 |
| 68 | Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades. | 357,80 |
| 69 | Obxectos de deporte. | 263,90 |
| 70 | Oficinas e despachos, por unidade. | 165,15 |
| 71 | Ópticas. | 170,15 |
| 72 | Ortopedias. | 444,90 |
| 74 | Papelerías, fotocopias. | 232,70 |
| 76 | Perruquerías e salóns de beleza. | 291,70 |
| 127 | Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na propia vivenda. | 196,00 |
| 77 | Pensións, hospedarías e hostais. | 444,90 |
| 128 | Ídem sen comida, por habitación. | 51,15 |
| 78 | Perfumerías. | 263,90 |
| 79 | Pescaderías. | 263,90 |
| 129 | Polideportivos, campos de fútbol e similares. | 581,65 |
| 80 | Praterías e xoierías. | 389,40 |

| | | |
|---|---|---|
| 130 | Preescolares e garderías infantís. | 222,30 |
| 81 | Quioscos. | 170,15 |
| 131 | Rastrillos e similares. | 263,90 |
| 82 | Reloxerías. | 263,90 |
| 83 | Residencias non clasificadas por turismo, por plta. | 170,15 |
| 84 | Restaurantes de 4 e 5 cubertos. | 913,15 |
| 85 | Restaurantes de 2 e 3 cubertos. | 809,90 |
| 86 | Restaurantes de 1 cuberto. | 581,65 |
| 157 | Restaurantes de menos de 30m2 | 290,80 |
| 132 | Sanatorios de máis de 30 camas. | 2.967,35 |
| 133 | Sanatorios de ata 30 camas. | 1.779,75 |
| 105 | Servizos de reprodución gráfica. | 373,75 |
| 89 | Sociedades de lecer e casinos. | 1.041,35 |
| 90 | Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4). | 1.390,85 |
| 93 | Tecidos e confeccións por planta. | 396,25 |
| 156 | Tendas de roupa e/ou complementos de menos de 30m2. | 165,15 |
| 94 | Tinturerías e lavanderías. | 263,90 |
| 95 | Transportes públicos e privados. | 666,70 |
| 96 | Venda de localidades. | 91,30 |
| 134 | Veterinarios e perruquerías caninas. | 292,55 |
| 98 | Xeladerías e chocolaterías. | 364,05 |
| 99 | Ximnasios, saunas e similares. | 392,15 |
| 100 | Xogos de lecer. | 666,70 |
| 101 | Xogueterías. | 357,80 |
| 103 | Zapaterías. | 302,45 |
| 104 | Zapaterías, reparación. | 170,15 |

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

| CÓDIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| 135 | De 1 obreiro. | 263,90 |
| 108 | De 2 a 5 obreiros. | 326,00 |
| 109 | De 6 a 10 obreiros. | 444,90 |
| 110 | De 11 a 25 obreiros. | 666,70 |
| 111 | De 26 a 75 obreiros. | 1.337,45 |
| 112 | De 76 a 125 obreiros. | 1.781,85 |
| 113 | De 126 a 250 obreiros. | 2.223,35 |
| 114 | De máis de 250 obreiros | 2.967,35 |

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

| CODIGO | CONCEPTO | EUROS |
|---|---|---|
| | - Con colectores de 1000 litros: | |
| 138 | Un colector | 2.365,90 |
| 149 | Dos colectores | 5.694,50 |
| 150 | De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa | 149: |
| | Por cada colector | 4.021,55 |
| | - Con colectores de 2400 litros: | |
| 148 | Cada colector | 6.649,65 |

---------------------
S. Ord.28.09.2015

*No caso de locais ou establecementos que optaren por contratar un xestor autorizado para a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos comerciais e domésticos,  minorarase a tarifa que figura, segundo a súa actividade, nos apartados B) C) e D) anteriores, nun 50%. A cota resultante ten o carácter de "mínima para sostemento do custe fixo deste servizo" de prestación obrigatoria para o Concello. En ningún caso o importe desta cota resultante pode ser inferior ao importe da "cota mínima de dispoñibilidade do servizo" a que se refire o apartado 2 do artigo 1º da presente ordenanza fiscal.*

*ARTIGO 6 PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO*

*Queda redactado como segue:*

*O período impositivo coincidirá co ano natural,  o devengo da taxa producirase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas será irredutibles coa excepción dos supostos de alta e variación de actividades económicas nos que se producirá o prorrateo por semestres.*
*Tamén se producirá prorrateo por semestres no caso das baixas de actividades económicas que foran presentadas no Concello.*

*ARTIGO 7 ALTAS, VARIACIÓNS E BAIXAS.*

*Queda redactado como segue:*

*1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de lixo  produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.*

*A efectos da aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corrixiran os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmoble no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros.*

*Os titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como contribuíntes e aplicar a tarifa de lixo segundo o tipo de actividade e a superficie do local, aos titulares das actividades económicas. A comunicación dos arrendamentos terá efectos, para o titular catastral, no exercicio seguinte ao da comunicación.*

*As altas derivadas de nova construción ou rehabilitación surten efectos para o exercicio seguinte ao de finalización das obras.*

*As altas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data de inicio da actividade.*

*Os mencionados documentos 036, 037 e 840 de alta ou variación no censo de empresarios, profesionais e retenedores surtirán os efectos de notificación de alta*

*ou variación no padrón da Taxa de lixo comercial, non sendo necesaria, dende un punto de vista legal, a notificación individual da liquidación incluída no padrón fiscal.*

*Os titulares de actividades económicas, veñen, así mesmo, obrigados a solicitar licencia de actividades e instalacións, presentar "declaración responsable" ou "comunicación previa" na Xerencia Municipal de Urbanismo así como a comunicar os cambios de titularidade na licencia.*

*2. As variacións derivadas de alteracións de titularidade catastral da vivenda ou local (impreso 901 de declaración catastral) surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produzan.*

*As variacións de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data da variación na actividade.*

*3. As baixas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formulen. Non obstante, se as baixas foran formuladas no Concello, surtirán efectos para o semestre seguinte a aquel no que se formulen.*

*A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa así como a omisión da comunicación de arrendamentos teñen a consideración de infracción tributaria.*

*ARTIGO 8 INGRESO*
*Queda redactado como segue:*
*De conformidade co artigo 60.3, empregarase como procedemento supletorio e alternativo ao procedemento de ingreso por recibo, o réxime de autoliquidación.*

*DISPOSICIÓN FINAL 2ª:*

*Queda redactada como segue:*

*2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 14.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que consta que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola pola Recollida de Lixo en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) o voceiro do grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *No suposto que sexa legalmente permitido:*

***1. A.*** *"Se introduza a progresividade mediante un índice corrector do pago que atenda á renda per cápita da unidade familiar".*

***1. B.*** *"Se contemple un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais idéntico a bonificación das familias numerosas".*

*Como proposta de traballo á emenda 1.A propón o criterio de baremación por valor catastral da vivenda e o número de fillos.*

***2.*** *"Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI"*

Mediante escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) a voceira do grupo municipal do Partido Popular presenta, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.*

***2.*** *"Aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exento".*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas

presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Recollida de Lixo segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.9(177).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTOS DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS (34)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:
- Informe técnico-económico sobre as taxas por aproveitamento especial da vía pública por estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais emitido en data 31.07.2015 polo técnico de xestión e inspección tributaria e custos.
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.
- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo Aproveitamento Especial da Vía Pública con estacionamento de vehículos de

tracción mecánica en determinadas rúas municipais emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 4.- COTAS*

*Modifícase o artigo 4 que, quedan redactados como segue:*

*ARTIGO 4.- COTAS*

*As tarifas desta taxa serán as seguintes:*
*1. Tarifa xeral pre-pagada:*
*1.1 Ata 33 minutos. 0,30 €*
*1.2 De máis de 33 minutos ata 62 minutos. 0,60 €*
*1.3 De máis de 62 minutos ata 90 minutos. 1,00 €*
*1.4 De máis de 90 minutos ata 120 minutos.1,45 €*

*2. Tarifa de residentes:*

*A tarifa será de 0,35 € por cada dúas horas, sen límite no tempo de estacionamento.*
*Poderán facerse con tarxetas de estacionamento para cada trimestre natural por importe de 34,00 €/trimestre. Así mesmo, poderán adquirir tarxetas de estacionamento anuais por importe de 98,00 €.*

*3. A tarifa postpagada, se a duración de aparcamento excédese da sinalada no ticket nun máximo de unha hora, será de 2,55 €, tarifa establecida ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.*

*4. A tarifa postpagada, no caso de estacionamento que supere as dúas horas de aparcamento no mesmo emprazamento ou rúa, existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 5,05 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.*

*5. A tarifa postpagada, no caso de estacionamento sen ticket e existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 7,30 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.*

*DISPOSICIÓN FINAL 2ª*

*Queda redactado como segue:*

*2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 14.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que se fai constar que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo Aproveitamento Especial da Vía Pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) do voceiro do grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *No suposto que sexa legalmente permitido:*

***1. A.*** *"Se introduza a progresividade mediante un índice corrector do pago que atenda á renda per cápita da unidade familiar".*

***1. B.*** *"Se contemple un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais idéntico a bonificación das familias numerosas".*

*Como proposta de traballo á emenda 1.A propón o criterio de baremación por valor catastral da vivenda e o número de fillos.*

***2.*** *"Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI"*

Mediante escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) da

voceira do grupo municipal do Partido Popular presenta, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.*

***2.*** *"Aplicar beneficio fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultes, así como aumentar o mínimo exento".*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo Aproveitamento Especial da Vía Pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.10(178).-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESENTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (60)**

ANTECEDENTES: No expediente consta a seguinte documentación:
- Informe sobre a estimación para o ano 2016 da previsión de custes e ingresos dos servizos de subministración de auga, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais emitido en data 19.07.2015 pola técnico adxunta á directora de ingresos.
- Memoria da Alcaldía de data setembro 2015.
- Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 desde abril de 2012 ata abril de 2015.
- Informe – Proposta para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 03.08.2015 no que consta a seguinte modificación ó articulado vixente:

*ARTIGO 5. TARIFAS*

*Modifícanse as seguintes tarifas que, quedan redactadas como segue:*

*TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO*

*Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais.*
*A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.*
*- Cota de aboamento ó servizo 3,64 €/usuario/mes*

*TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS*

*Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.*

*A) Uso doméstico:*

| | |
|---|---|
| *De 0 a 30 m3* | *0,3688 €/m3* |
| *Exceso de 30 ata 50 m3* | *0,4857 €/m3* |
| *Idem de 50 ata 70 m3* | *0,4934 €/m3* |
| *Idem de 70 ata 100 m3* | *0,8420 €/m3* |
| *Idem de 100 ata 200 m3* | *0,8564 €/m3* |
| *Exceso de 200 m3* | *1,1200 €/m3* |

*B) Uso non doméstico:*

| | |
|---|---|
| *De 0 a 30 m3* | *0,6997 €/m3* |
| *Exceso de 30 ata 50 m3* | *1,0248 €/m3* |
| *Idem de 50 ata 70 m3* | *1,0566 €/m3* |
| *Idem de 70 ata 200 m3* | *1,2824 €/m3* |
| *Idem de 200 ata 500 m3* | *1,3227 €/m3* |
| *Exceso de 500 m3* | *1,3906 €/m3* |

*TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS*

*Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.*

*A) Usos domésticos:*

| | |
|---|---|
| *De 0 a 30 m3* | *0,4009 €/m3* |
| *Exceso de 30 ata 50 m3* | *0,5203 €/m3* |
| *Idem de 50 ata 70 m3* | *0,5266 €/m3* |
| *Idem de 70 ata 100 m3* | *0,8127 €/m3* |
| *Idem de 100 ata 200 m3* | *0,8211 €/m3* |
| *Exceso de 200 m3* | *0,9311 €/m3* |

*B) Uso non doméstico:*

| | |
|---|---|
| *De 0 a 30 m3* | *0,6254 €/m3* |
| *Exceso de 30 ata 50 m3* | *0,7892 €/m3* |
| *Idem de 50 ata 70 m3* | *0,8020 €/m3* |
| *Idem de 70 ata 200 m3* | *0,9870 €/m3* |
| *Idem de 200 ata 500 m3* | *1,1085 €/m3* |
| *Exceso de 500 m3* | *1,2769 €/m3* |

*Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, teranse en conta as seguintes normas:*

*TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA*

*A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termino fixo 0.002229 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; e*

*dicir, 0,002229. (Ø2) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3767 €/contador/mes)*

*B) Adquisición:*
*Contador de 13 mm. ................ 39,6534 €*
*Contador de 15 mm. ................ 43,7975 €*
*Contador de 20 mm. ................ 53,3676 €*
*Contador de 25 mm. ................ 91,8726 €*
*Contador de 30 mm. ................128,4637 €*
*Contador de 40 mm. ................198,9298 €*
*Contador de 50 mm. ................441,3107 €*
*Contador de 65 mm. ................546,3262 €*
*Caixa de Rexistro, unidade .........12,9849 €*

*A totalidade das tarifas, previstas no presente artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).*

*DISPOSICIÓN FINAL*

*A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2016 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación.*

*ANEXO I*

*Modificase o anexo I que, queda redactado como segue:*

*CADRO DE PREZOS DE EXECUCION MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.*

*- CONEXIÓNS ABASTECEMENTO*

*1.1.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación.*
*97,99 €*

*1.2.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 972,94*

*1.3.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.017,06 €*

*1.4.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.056,04 €*

*1.5.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.093,47 €*

*1.6.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.128,86 €*

*1.7.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.359,15 €*

*1.8.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para boca de incendios/rego, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.017,06 €*

*1.9.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 50 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.056,04 €*

*1.10.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 63 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.093,47 €*

*1.11. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro para hidrante de incendios, excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.128,86 €*

*1.12.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 90 mm. de diámetro, para boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación. 1.359,15 €*

*1.13. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD-100 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais si fose necesario, excluída válvula de corte. 410,24 €*

*1.14. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD- 150 mm, incluída mano de obra, empalmes e pezas especiais si fose necesario, excluída válvula de corte. 507,41 €*

*1.15. Conexión a rede existente en ampliacións de Abastecemento con tubería de FD- 200 mm, incluída mano de obra, empalmes e T de derivación, excluída válvula de corte. 660,55 €*

*1.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 20 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso*

*escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.19,02 €*

*1.17. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 25 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.20,00 €*

*1.18. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.21,41 €*

*1.19. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.23,54 €*

*2.- CONEXIÓNS DE SANEAMENTO*

*2.1. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación ata 10,8 m2 e pozo se fora necesario. 916,92 €*

*2.2. Conexión de saneamento de lonxitude entre 6 e 9 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación ata 16,2 m2 e pozo se fora necesario. 1.146,16 €*

*2.3. Conexión de saneamento de lonxitude entre 9 e 12 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación ata 21,6 m2 e pozo se fora necesario. 1.604,65 €*

*2.4. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 719,08 €*

*2.5. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 901,37 €*

*2.6. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 1.112,37 €*

*2.7. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 1.386,40 €*

*2.8. Conexión a rede existente en ampliacións de saneamento, para tuberías de*

*diámetro inferior a 80 cm., incluídos materiais e mano de obra. 408,98 €*

*2.9. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.*
*70,67 €*

*2.10. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. De diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.*
*86,05 €*

*2.11. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5 cm. De diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.*
*114,72 €*

*2.12. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.*
*147,89 €*

*2.13. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.*
*190,98 €*

*3.- ESCAVACIÓNS E RECHEOS.*

*3.l. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de productos sobrantes ó vertedoiro.*
*28,22 €*

*3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados 20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de productos sobrantes ó vertedoiro. 65,93 €*

*4. LEVANTAMENTO E REPOSICION DE PAVIMENTACIÓNS.*

*4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7*

*Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada. 18,55 €*

*4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado.*
*61,82 €*

*4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado.*
*77,68 €*

*4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado. 36,38 €*

*4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.*
*58,50 €*

*4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 43,31 €*

*4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 20,14 €*

*4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado. 57,04 €*

*4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado. 145,16 €*

*4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m3. De áridos, completamente rematado. 18,57 €*

*5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECEMENTO.*

*5.1. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*16,75 €*

*5.2. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*21,82 €*

*5.3. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*25,65 €*

*5.4. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*33,40 €*

*5.5. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*36,32 €*

*5.6. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*40,58 €*

*5.7. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*54,03 €*

*5.8. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*69,62 €*

*5.9. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*86,34 €*

*5.10. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*

*106,91 €*

*5.11. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*132,95 €*

*5.12. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*154,78 €*

*5.13. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.*
*176,13 €*

*5.14. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 9,56 €*

*5.15. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 10,60 €*

*5.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.*
*13,55 €*

*6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECEMENTO.*

*6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm. 241,90 €*

*6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm. 270,59 €*

*6.3. Ud. Sumbinistración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm. 300,13 €*

*6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm. 430,29 €*
*6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm. 456,40 €*

*6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm. 720,12 €*

*6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm. 755,55 €*

*6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm. 1.246,99 €*

*6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm. 1.506,71 €*

*6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm. 2.013,23 €*

*6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm. 2.563,75 €*

*6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm. 5.426,37 €*

*6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm. 5.830,70 €*

*7. INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMENTO.*

*7.1. Ml de subministro e colocación de tubo de PVC de 250 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado.*
*42,01 €*

*7.2. Ml de subministro e colocación de tubo de PVC de 315 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado.*
*70,39 €*

*7.3. Ml de subministro y colocación de tubo de PVC de 400 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado.*
*95,23 €*

*7.4. Ml de subministro e colocación de tubo de PVC de 500 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado.*
*139,76 €*

*7.5. Ml de subministro e colocación de tubo de PVC de 600 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado.*
*157,05 €*

*7.6. Ml de subministro e colocación de tubo de PVC de 800 mm, de diámetro exterior, clase 41 serie 5 con xunta de enchufe e elastómero de unión con sección en z, incluso parte proporcional de unións, totalmente instalado.*

*253,96 €*

*8.- REXISTROS*

*8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm2. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm2. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 993,74 €*

*8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm2. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm2. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro. 1.031,95 €*

*8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm2. De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada. 579,17 €*

*8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado. 284,80 €*

*9.- TRABALLOS ESPECIAIS.*

*9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude. 73,53 €*

*9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude. 147,05 €*

*10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.*

*10.1. MAQUINARIA*
*10.1.1. Hora de compresor 12,30 €*
*10.1.2. Hora de camión MAN 39,12 €*
*10.1.3. Hora de camión PEGASO 31,30 €*
*10.1.4. Hora de camión EBRO 25,71 €*
*10.1.5 .Hora de retroescavadora TY-45. 42,47 €*

| | |
|---|---|
| *10.1.6. Hora de retroescavadora TY-45 con martillo* | *106,19 €* |
| *10.1.7. Hora de retroescavadora LY-80.* | *54,78 €* |
| *10.1.8. Hora de carterpillar 955/950.* | *54,78 €* |
| *10.1.9. Hora de tractor grúa.* | *31,30 €* |
| *10.1.10. Hora rodete compactador.* | *43,60 €* |
| *10.1.11. Hora de bituminadora.* | *38,00 €* |
| *10.1.12. Hora de compactadora tipo ra bandexa* | *8,10 €* |
| *10.1.13. Hora cortadora de pavimentos* | *24,31 €* |
| *10.1.14. Hora de vehículo lixeiro transporte.* | *16,21 €* |

*10.2 MAN DE OBRA*

| | |
|---|---|
| *10.2.1. Hora de xornal de PEÓN* | *10,48 €* |
| *10.2.2. Hora de xornal OFICIAL* | *11,05 €* |

*Para a redacción do correspondente orzamento, tanto de conexións como de prolongacións de abastecemento e saneamento, os prezos das unidades de obra indicados neste Cadro, deberán ser incrementados no 19% en concepto de Gastos Xerais e Beneficio Industrial. Serán igualmente de aplicación nestes orzamentos os Impostos vixentes en cada momento.*

*Para a inclusión das unidades de obra non reflectidas neste Cadro de Prezos nos orzamentos de conexións ou prolongacións da rede, o concesionario reflectirá suficientemente xustificado no orzamento, o prezo das ditas unidades de obra.*

- Informe previo do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 05.08.2015 no que se fai constar a súa conformidade á proposta de modificación.

- Informe de fiscalización da Intervención xeral de data 27.08.2015.

- Certificación de data 28.08.2015 emitida pola secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local na que se fai constar que tal órgano acordou a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas en sesión da mesma data.

- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 28.08.2015 ó proxecto de modificación aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Correo electrónico de data 28.08.2015 da Secretaría Xeral do Pleno dirixido os voceiros dos grupos políticos municipais trasladando o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local e comunicando prazo para a presentación de emendas.

- Escrito de data 04.09.2105 (Rexistro Xeral do Pleno 1193/1101) do voceiro do grupo municipal Marea de Vigo presentando, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *No suposto que sexa legalmente permitido:*

***1. A.*** *"Se introduza a progresividade mediante un índice corrector do pago que atenda á renda per cápita da unidade familiar".*

***1. B.*** *"Se contemple un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais idéntico a bonificación das familias numerosas".*

*Como proposta de traballo á emenda 1.A propón o criterio de baremación por valor catastral da vivenda e o número de fillos.*

***2.*** *"Non aplicar a suba do IPC proposto do 1,1 % no 2016 e aplicar progresivamente incrementos a partir do 2017 en base a un criterio exclusivamente de renda, e nunca por enriba do IPC que se publique nese ano e sucesivos, quedando en todos os exercicios exentas da suba as rendas inferiores o SMI"*

Mediante escrito de data 04.09.2015 (Rexistro Xeral do Pleno 1196/1101) o grupo municipal do Partido Popular presenta, cos antecedentes que cita, ao proxecto de Ordenanza as seguintes EMENDAS:

***1.*** *Emenda á totalidade instando a devolución do proxecto ao goberno municipal ao contemplar o proxecto de modificación de Ordenanza un incremento do 1,1 % e utilizar, en contra do disposto expresamente na Lei 2/2015, como criterio único a evolución do IPC.*

***2.*** *Cambeo no recibo da auga para garantir que os veciños paguen pola cantidade consumida, sen estar sometido a tramos de consumo.*

*3. "Aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exento".*

- Certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 07.09.2015 na que se fai constar as emendas presentadas no prazo legalmente establecido.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe Técnico da directora de ingresos de data 7.09.2015 ás emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular aos Proxectos de modificación de Ordenanzas Fiscais para 2016.

- Informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 08.09.2015 en relación cos escritos de emendas presentados.

- A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria de 11 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN DAS EMENDAS: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal

do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

VOTACIÓN DO TEXTO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas segundo a proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na provincia ao obxecto de que os interesados, no prazo de trinta días, podan presentar as

reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**3.11(179).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DAS COMPOÑENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER EXPTE. 6850/224 (1199/1101)**

ANTECEDENTES: Con data 9 de setembro de 2015, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada do servizo, emite o seguinte informe proposta**:**

"Para constituír o novo Consello Municipal da Muller consonte co previsto no art. XIII do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do día 26 de febreiro de 1993, solicitouse a todas as entidades que o compoñen o nomeamento da súa representante.

A presidenta convoca o novo Consello Municipal da Muller o 8 de setembro de 2015. Presenta a súa consideración a composición do mesmo e o calendario de xuntanzas anuais, segundo o previsto na disposición adicional primeira do regulamento para, posteriormente, ser sometido ó ditame da Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude e a súa ratificación polo Pleno da Corporación Municipal consonte co disposto no artigo XIII e disposición adicional primeira do Regulamento do Consello Municipal de Muller aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de febreiro de 1993 e publicado no Boletín Oficial de Pontevedra do día 13 de abril de 1993.

Polo devandito proponse ao Pleno da Corporación Municipal que adopte o seguinte acordo...”

Visto o anterior, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión do día 21.09.2015, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

"Ratificación do acordo sobre a composición do Consello Municipal da Muller:
O Consello Municipal da Muller, consonte co previsto no art. II, III, XIII e a disposición adicional primeira do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión do día 26 de febreiro de 1993, toda vez que no prazo regulamentario foron presentadas as acreditacións das representantes de cada entidade participante, a presidenta somete á consideración do Consello Municipal da Muller a proposta de constitución que se eleva ao Pleno da Corporación Municipal para a súa aprobación:

Dª Eugenia D. Blanco Iglesias, presidenta

Dª Mª Dolores Cabaleiro González, GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE
SUPLENTE: Matilde Lago Fontenla

Dª Elena González Sánchez, GRUPO MUNICIPAL DO PP
SUPLENTE: Teresa Egerique Márquez

Dª Margarita López Barreiro, GRUPO MUNICIPAL DA MAREA
SUPLENTE: Mª Luz Maset Catalá

Representantes de asociacións de mulleres

Dª Carmen Figueroa Freiría
ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA
SUPLENTE: María Alonso Gómez

Dª Aurea González González
ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA
SUPLENTE: Rita de Melo Medraño

Dª Mª Xosé Queizán Vilas
FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS

Dª Luisa Ocampo Pereira
MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS
SUPLENTE: Paula Fernandez Otero

Dª María Fernanda García Collazo
ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS
SUPLENTE: María Montserrat Lamas González

Dª Rosa Fontaiña Pazos
ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO
SUPLENTE: Mª Rosario Otero Rodríguez

Dª Isabel López Lorenzo
ESCOLA DE MULLERES SOLIDARIAS ÁREA METROPOLITANA DE VIGO
SUPLENTE: Angeles Arias Miño

Dª Mercedes Fernández Iglesias
ASOCIACIÓN MUJERES EN IGUALDAD
SUPLENTE: Patricia López Román

Dª Carmen Rodal González
VIUDAS DEMOCRATAS DE VIGO
SUPLENTE: Luz María Iglesias Herrero

Vogalías da muller federadas

Representantes da Vocalía da Muller da Federación Veciñal "Eduardo Chao" de Vigo
Dª Alicia Moreno González
SUPLENTE: María Pérez González

Representantes das secretarías da muller dos sindicatos

Dª Rosa Mª Chantada Abollo
SECRETARÍA DA MULLER DA CIG
SUPLENTE: Esther Mariño Costales

Dª Elena Rodríguez Giráldez
SECRETARÍA DA MULLER DE CC.OO.
SUPLENTE: Yolanda Díaz Rodríguez

Dª Dolores Somoza Regueiro
SECRETARÍA DA MULLER DA UGT
SUPLENTE: Ana Belén Valiño Alonso

Servizo municipal de atención ás mulleres: CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER

Dª Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade
SECRETARIA DELEGADA
SUPLENTE: Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Centro de Información dos Dereitos da muller

Asemade, proponse a reincorporación como convidada no Consello á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, representada pola súa Directora Dª Ana Isabel González Penín

CALENDARIO ANUAL DE XUNTANZAS: mércores, 28 de outubro de 2015.

**3.12(180).-SOLICITUDE DE SEPARACIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE VIGO DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN. EXPTE. 115419/301 (1212/1101)**

ANTECEDENTES: Con data 16 de setembro de 2015, a concelleira da área de Política Social, emite o seguinte informe proposta**:**

"O Pleno da corporación en sesión ordinaria de 3 de agosto de 1998, acordou solicitar a inscrición do Concello de Vigo no Fondo galego de Cooperación.

O 7 de setembro de 2015, A concelleira delegada de Política social ordenou o inicio de expediente para tramitar a saída do Concello de Vigo, do fondo Galego de Cooperación.

Tendo en conta as previsións sobre separación voluntaria de socios que figuran nos Estatutos do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» (artigo 33.b), este acordo debe adoptarse polo órgano competente que é o Pleno da corporación.

Polo anteriormente exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo...

Visto o anterior, a concelleira informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión do día 21.09.2015, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Primeiro queríamos que clarexasen o Fondo Galego de Cooperación é un fondo importante, ten unha actividade, non é un fondo nin un destes espazos de solidariedade ou de cooperación internacional que moitas veces non teñen actividade, non funcionan, o Fondo Galego de Cooperación ten

actividade, complementa accións de solidariedade das ONGs, das administracións públicas, sobre todo nos últimos anos polo que temos falado con activistas e con membros deste Fondo, co que ten que ver cos países de fala de portuguesa que quedaban fora das primeiras propostas de cooperación internacional, non supón un custe excesivamente grande aos orzamentos, estamos falando se non nos trabucamos de 15.000 euros neste orzamento, dun orzamento de 218 millóns de euros, e o que nos sorprende é que nun momento que moitos concellos están a pedir a adhesión e a entrada no Fondo, queremos saber por que o informe non explica, queremos saber por que nos imos dese Fondo, en base a que e por que seguimos interactuando para seguir reducindo cada vez máis o investimento en solidariedade internacional e cooperación deste Concello, que como denuncian as redes de ONGs é un das porcentaxes máis baixas das grandes cidades deste país, comparativamente co que por exemplo unha cidade como Gijón aporta á solidariedade internacional dentro das partidas orzamentarias, non é algo que discuta a Marea de Vigo, é algo que din por exemplo, a Rede Galicia Sur e outros colectivos de organizacións de solidariedade internacional e de cooperación que así o teñen denunciado durante moitos anos.

Polo tanto, queremos saber que se nos informe de por que nos imos dese Fondo e sería bo que se nos diga se ten que ver con algún produto, dalgún impago das cotas de permanencia nese Fondo ou cunha decisión política, porque dende logo nós estamos bastante sorprendidos do motivo polo que o Concello de Vigo decide irse deste Fondo onde hai moitos concellos e soe haber certa permanencia no tempo dos concellos neste Fondo.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: A verdade é que tendo en conta que estamos no Concello máis social de España ou case de Europa polo que se escoita aquí cada vez, isto soa realmente a confrontación, a confrontación cos países que nos necesitan, nestes momentos tal e como estamos cooperar coas necesidades dos países máis pobres parécenos importante no noso partido.

Eu fágome unha pregunta sempre, non será que o proxecto lle parece o suficientemente interesante para poñelo en marcha dende outro sitio como a FEGAMP por exemplo, xa que en Galicia non ten vostede a posibilidade de gobernalo? Sabemos que cambian, neste momento a vicepresidenta é a Sra.

Abelairas, e a verdade é que me parece unha proposta incrible.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Seguro que se prestan atención vano entender. O Concello de Vigo a través do Consello de Cooperación Internacional e Solidariedade, está levando a cabo dende hai tempo un programa que lles invito a que entren na páxina web, o programa “Impórtanos” onde o obxectivo fundamental deste programa é cumprir cos “Obxectivos do Milenio Pobreza Cero”. A partida orzamentaria que vai destinado a isto aumenta sensiblemente, xa o verán nos orzamentos, queremos colaborar con “Pobreza Cero”, empezando polo cidadás de Vigo. Aquí están asociacións, Amigos da Terra, Amigos ESCAES Perú, ONGs, promoción á atención a persoas en risco de exclusión social, Enxeñerías sen fronteiras, Mozos en desenvolvemento, Pro dereitos da infancia Adif Galicia, Comité Óscar Romero, Educacións sen Fronteiras, Fundación Balms para a infancia, Fundación entre culturas Fe e Alegría, Fundación Internacional de solidariedade Compañía de María, Fundación da Axuda á Infancia, Intermon Oxfam, Médicos do Mundo, Cooperación exterior, Universidade de Vigo, Delegación do Goberno e a Federación Veciñal CIG, UXT, Comisións Obreiras e os partidos políticos, como lle digo seguimos traballando nos “Obxectivos do Milenio Pobreza Cero”, somo o Concello de España que máis inviste en política social quizais de Europa que máis inviste en políticas de Benestar, que máis colabora coas ONGs, que máis investimentos fai e que está a facer un esforzo tan grande que lles invito a que vexan os Orzamentos e onde vexa axudas ao terceiro mundo, van ver como aí se incrementa moito a partida orzamentaria, pero ímola decidir dende o Concello de Vigo e coa colaboración do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade, pero dende o Concello de Vigo, non dende fora de Vigo, decidirémolo nós.

PRESIDENCIA: Este é o Concello que ten a máis importante política social de España, este é o concello que ten partidas importantes de cooperación internacional, pero como vostedes nin tan sequera o saben, por algo debe estar a pasar. E saben por que está a pasar? Porque Vigo que é o Concello que máis aporta ao Fondo Galego de Cooperación nunca aparece no Fondo, pero somos os que aportamos todo, esta cidade, os cidadáns de Vigo e nos queremos levar adiante a nosa propia política de cooperación internacional, co nome de Vigo por diante, non

queremos intermediarios, queremos a Vigo levando adiante co seu propio nome, e faremos a nosa propia política de cooperación internacional. Vigo, porque ten entidade para facela porque neste momento ademais dirixe a Federación Española de Municipios e Provincias, e vostedes están continuamente negando a evidencia. Ademais miro que o Partido Popular que por certo onde goberna practicamente non ten recursos para a cooperación non quere que Vigo apareza porque non queren comparacións, non queren que se compare a política de cooperación de Vigo coa política de cooperación dos concellos.

Señor voceiro de Marea de Vigo, non é esa cantidade son 80.000 euros, non é a que vostede dixo, por enriba de calquera concello gobernado por vostedes, son uns mentireiros, por que dígame canto aportou Mareas en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, para isto nos últimos meses, nada.

Polo tanto, onde nós gobernamos estamos tendo a máis importante política de cooperación, ímola incrementar nos seguintes orzamentos pero agora vai ser Vigo.

Voulle contar unha anécdota que a vai entender vostede enseguida, fai dous anos eu estaba nunha acción de Comisión Obreiras que entregaban premios importantes, entregáronlle un premio importante a unhas persoas de aquí, da comarca, que ten un magnífico proxecto na India, excepcional, e nós queríamos cooperar con eles, era Comisión Obreiras a quen lle daban o premio, eu quixen cooperar con eles porque me parecía tan extraordinario aquel proxecto e tan importante a idea de Comisión Obreiras que eu dixen, o Concello de Vigo vai cooperar con esta xente, por certo eran de Cangas, unhas persoas de Cangas que teñen unha misión na India para apoiar a tanta e tanta xente, sabe o que pasa? Que no puidemos porque tódolos nosos recursos estaban inmobilizados no Fondo Galego de Cooperación, que iso si o adicaba a outros lugares, pero nós queríamos cooperar con Comisións Obreiras e con aquela xente da India e isto no se vai volver a repetir, cooperaremos coa xente que nós e non outros concellos decidamos que ten que ter esa cooperación.

Téñolle que dicir non só de Galicia senón de España, o concello que máis porcentaxe dirixe á cooperación internacional, pero agora vai aparecer como Vigo, será o Concello de Vigo e os proxectos que aparecerán como Concello de Vigo, e seguramente cooperaremos co Fondo Galego moitas veces pero aparecendo como Vigo, porque o paga Vigo e queremos aparecer.

A próxima vez que estea nese acto de Comisións e volvan a presentar un proxecto tan extraordinario poderémolo debatelo neste Pleno e darlle apoio.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores Jácome Enríquez e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1.- Solicitar a separación voluntaria do Concello de Vigo, do Fondo Galego de Cooperación.

**3.13(181).-SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á "RED ESPAÑOLA DE CIUDADES INTELIGENTES" E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 7506/113 (1213/1101)**

ANTECEDENTES: Con data 16 de setembro de 2015, o concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, co conforme do xefe do Servizo de Administración Electrónica, emite o seguinte informe proposta**:**

"PRIMEIRO. - O 27 de xuño de 2012 foi constituída a "Red Española de Ciudades Inteligentes (RECI)" no marco dunha asemblea na que participaron os socios fundadores, estando prevista a incorporación de novos socios.

Coa dita denominación constitúese unha asociación ao abeiro da "Carta europea de autonomía local", da Disposición adicional 5ª da Lei 7/1985, de bases de réxime local e da lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e normas complementarias, con personalidade xurídica e plena

capacidade de obrar e carente de ánimo de lucro.

SEGUNDO.- A asociación, segundo establecen os seus estatutos, ten por obxecto a xeración dunha dinámica entre cidades co fin de dispoñer dunha "Red Española de Ciudades Inteligentes". Estas han de promover a xestión automática e eficiente das infraestruturas e os servizos urbanos, así como a redución do gasto público e mellora da calidade dos servizos, cara a conseguir deste xeito atraer a actividade económica e xerar progreso.

O seu obxectivo é intercambiar experiencias entre as cidades asociadas e traballar conxuntamente para desenvolver un modelo de xestión sostible e mellorar a calidade de vida da cidadanía, incidindo en aspectos como o aforro enerxético, a mobilidade sostible, a administración electrónica, a atención ás persoas ou a seguridade.

Nos seus estatutos establécense como FINS DA ASOCIACIÓN:

a) *Intensificar a promoción e desenvolvemento de novos coñecementos e avances tecnolóxicos orientados a mellorar a calidade de vida da cidadanía e a ofrecer servizos públicos intelixentes máis eficientes.*
b) *Fomentar a investigación e o uso das novas tecnoloxías, que posibiliten o desenvolvemento e a innovación desde un punto de vista municipal, coa cidade como axente promotor da innovación.*
c) *Divulgar e impulsar os avances tecnolóxicos e proxectos desenvolvidos polas cidades, así como atraer fluxos de información e favorecer a súa transformación en coñecemento que permita a transformación dos sectores tradicionais cara a modelos baseados no coñecemento e no capital humano.*
d) *Fomentar o uso das novas tecnoloxías por parte da cidadanía, empresas e as propias entidades locais, que permita facer unha cidade máis eficiente e interactiva.*
e) *Promover entre a rede de cidades intelixentes a transferencia de tecnoloxía, impulsando a cooperación entre as administracións, empresas e axentes do sistema de innovación en programas asociados á innovación e á economía do coñecemento.*
f) *Posibilitar a participación ou integración en redes similares de ámbito internacional.*
g) *Potenciación de estratexias de intelixencia colectiva como metodoloxía para aumentar a prosperidade e competitividade local.*
h) *Colaborar na desenvolvemento de capacidades, identificación de áreas tecnolóxicas e detección de oportunidades de negocio.*
i) *Desenvolver sinerxias e estratexias conxuntas de innovación urbana intelixente baseadas en metodoloxías e instrumentos que permitan implementar na xestión municipal os novos coñecementos e avances tecnolóxicos.*
j) *Potenciar a creación de infraestruturas máis eficientes que integren as Novas Tecnoloxías no ámbito urbano e municipal.*
k) *Avaliar o impacto e alcance das iniciativas, así como o grao de satisfacción da cidadanía, as empresas e axentes locais.*
l) *Aplicación de políticas baseadas nos desenvolvementos tecnolóxicos*

*intelixentes que impulsen cara á sostibilidade ambiental e social como compoñente estratéxico-económico a medio e longo prazo.*

m) *Impulsar as políticas para o fomento do emprego que posibiliten o desenvolvemento do sector empresarial e laboral das contornas municipais.*

Para o cumprimento destes fins a asociación propón, nos seus estatutos, a realización das seguintes ACTIVIDADES:

a) *Reunións dos e das representantes das cidades da rede.*
b) *Creación dun intercambio de coñecementos entre as CIDADES INTELIXENTES.*
c) *Procura de financiamento para proxectos desenvolvidos polas cidades membros da rede.*
d) *Realización de xornadas técnicas de temas específicos sobre novas tecnoloxías e sociedade do coñecemento en especial no relativo ás CIDADES INTELIXENTES.*
e) *Posta en marcha de instrumentos comúns de identificación de áreas tecnolóxicas e detección de oportunidades.*
f) *Posta en común de accións e proxectos, nunha plataforma común de transferencia de tecnoloxía.*
g) *Avaliación do impacto e alcance das iniciativas e programas e do grao de satisfacción da cidadanía e axentes locais*
h) *Creación de foros de traballo en contornas financeiras e posta en marcha de instrumentos de captación de investidores.*
i) *Presentación ante as administracións de propostas que favorezan o desenvolvemento das tecnoloxías e a aplicación de novos coñecementos.*
j) *Creación e posta en marcha dun comité de persoas expertas para a avaliación de iniciativas e proxectos innovadores.*
k) *Fomento de programas de formación e asesoramento especializado ao emprendedor no desenvolvemento de proxectos e experiencias piloto de aplicación de novas tecnoloxías ás cidades. Posta en común dos resultados obtidos.*
l) *Xeración de contornas colaborativos apoiados por servizos de soporte ao I+D+i.*
m) *Promoción de redes de cooperación científica-empresarial*
n) *Aplicación de técnicas e tecnoloxías de intelixencia colectiva que involucren aos cidadáns no desenvolvemento urbano.*

Actualmente, RECI está formada por 62 cidades españolas: "Albacete, Alcalá de Henares, Alcobendas, Alcorcón, Alacante, Almería, Alzira, Aranjuez, Arganda del Rey, Ávila, Badajoz, Barcelona, Burgos, Cáceres, Castelló, Ciudad Real, Córdoba, Coruña (A), Guadalajara, Elxe, Fuengirola, Getafe, Gijón, L'Hospitalet de Llobregat, Huelva, Jaén, Las Palmas de Gran Canaria, Logroño, Lugo, Huesca, Madrid, Majadahonda, Málaga, Marbella, Mérida, Molina de Segura, Móstoles, Motril, Murcia, Oviedo, Palencia, Palma de Mallorca, Pamplona, Paterna, Ponferrada, Pozuelo de Alarcón, Rivas Vaciamadrid, Sabadell, Salamanca, Sant Cutgat, Santa Cruz de Tenerife, Santander, Santiago de Compostela, Segovia, Sevilla, Tarragona, Torrejón de Ardoz, Torrent, Valencia, Valladolid, Vitoria-Gasteiz e Zaragoza".

TERCEIRO.- En vista dos estatutos da asociación, dos seus fins e actividades considérase que pode resultar beneficioso para o Concello de Vigo adherirse á asociación “Red Española de Ciudades Inteligente”. Asociación coa que comparte visión de futuro e innovación: “Avanzar cara unha cidade sostible e de maior calidade de vida para a súa cidadanía” co compromiso da mellora continua da calidade de servizo e sostibilidade da cidade:

- Avance continuo da eficiencia e calidade dos servizos municipais
- Mellora da sostibilidade da cidade:
    - Ambiental: unha cidade respectuosa co medio conservando e recuperando a súa contorna e recursos naturais (auga, areais, bosques, …)
    - Enerxética: mellor aproveitamento e xestión dos recursos enerxéticos
    - Económica: a visión holística e o uso de novas tecnoloxías permiten mellorar a xestión dos servizos facéndoos máis eficientes
- Cidadanía, empresas e emprendedores:
    - Maior calidade de vida e cohesión social
    - Mellora da contorna que axude á competitividade das empresas
    - Novos servizos para a cidadanía, empresas e emprendedores
    - Maior comunicación: información da cidade en tempo real, transparencia, *Open Data*, …

Tamén entendemos que estar na “Red Española de Ciudades Inteligentes” é unha forma de visualizar e dar a coñecer a *Smart City* de Vigo e compartir experiencias similares con outras cidades.

O PRECEDEMENTO DE ADHESIÓN segundo os estatutos da asociación:

*Quen desexe incorporarse á asociación, solicitarao mediante escrito dirixido á Presidencia, quen elevará a proposta á Xunta Directiva para que esta resolva sobre a admisión ou non admisión. Poderá establecerse recurso contra a decisión ante a Asemblea Xeral. Xunto a dita solicitude deberá achegarse documentación que acredite a existencia dos plans mencionados no artigo anterior dos presentes estatutos.*

*O acordo de incorporación deberá ser adoptado polo órgano competente da entidade interesada no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos estatutos.*

En referencia á existencia de plans que requiren os estatutos:

O Concello de Vigo foi galardoado este ano co “Premio Smart City 2015”, da “Fundación Sociedad de la Información”, recoñecendo o esforzo integral do proxecto “Vigo Smart City” onde se poñen en valor os numerosos proxectos *smart* como, entre outros:

- O 'Plan de aforro e eficiencia enerxética' xunto cos proxectos europeos “Life Green City” e “GreenPlay” e o impulso de enerxías renovables (eólica e solar) conseguiron importantes aforros de enerxía.
- Proxectos de mobilidade intelixente: 1) 'Proxecto europeo Compass4D' con despregue de comunicacións cooperativas entre vehículos e a vía. 2) 'Proxecto europeo Co-gisticts' primeiro proxecto europeo plenamente dedicada á implementación de sistemas de transporte intelixentes cooperativos (C-ITS) aplicados á loxística. 3) 'Proxecto europeo $Co^2Perautos^2$' desenvolve novos servizos baseados en comunicacións cooperativas V2I. 4) 'Proxecto Información de tráfico en tempo real mediante Bluetooth' que sitúa a Vigo entre as cidades referentes en tecnoloxías ITS (Intelligent Transport Systems). 5) 'Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS)' como plan integral de mellora da mobilidade urbana.
- 'Plan director de humanizacións' que fixo de Vigo unha cidade máis habitable, moderna e accesible, fomentando a mobilidade peonil e mellorando a calidade de vida da cidadanía.
- 'Plan de modernización de administración electrónica' que levou a Vigo a ser unha cidade referente en servizos electrónicos á cidadanía.
- 'Plataforma Vigo Cidade Intelixente', gañadora do premio Galicia 2015, que mellora de forma integral a xestión e eficiencia municipal e que ademais ofrecerá novos e innovadores servizos a través de Apps á cidadanía, empresas e emprendedores.
- Aforro e xestión eficiente do auga: grazas ao proxecto de automatización e telexestión do abastecemento, implantación de rego intelixente, xestión de baldeos e ao novo sistema de detección de fugas de auga intelixente.
- 'Fomento do coche eléctrico': Vigo foi a cidade elixida para 3 proxectos europeos de mobilidade sostible e coche eléctrico. O concello de Vigo é líder do proxecto “SUM proyect”, participa no proxecto “Mobi.Europe” e realizou numeras actuacións para impulsar o vehículo eléctrico.

Moitos destes proxectos foron presentados no congreso “Smart Cities & Communities” realizado polo Concello de Vigo en novembro de 2014.

DEREITOS DOS SOCIOS. Segundo o artigo 28 dos estatutos:

*Os socios fundadores e de número, a través dos seus representantes, terán os seguintes dereitos:*

*a) Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.*

*b) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a asociación poida obter.*

*c) Participar nas asembleas con voz e voto.*

d) *Ser electores e elixibles para os cargos directivos.*

e) *Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.*

f) *Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.*

g) *Separarse voluntariamente da asociación en calquera tempo, sen prexuízo dos compromisos adquiridos pendentes de cumprimento.*

h) *A ser informado achega da composición dos órganos de goberno e representación, do estado de contas da asociación e do desenvolvemento da súa actividade.*

i) *A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.*

j) *A impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á Lei ou Estatutos.*

OBRIGACIÓNS establécense no artigo 29 dos estatutos:

*Os socios fundadores e de número terán as seguintes obrigas, atendidas a través dos seus representantes nos órganos da asociación:*

a) *Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.*

b) *Aboar as cotas, no caso de que existan e se determinen, así como derramas ou outras achegas que lles poidan corresponder aos socios conforme aos estatutos. (*)*

c) *Asistir ás asembleas e demais actos que se organicen.*

d) *Aceptar as obrigas inherentes ao cargo que, no seu caso, ocupen.*

e) *Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.*

(*) *Segundo informa os responsables da RECI actualmente non hai que facer pagamentos de cotas por pertencer á asociación.*

PROPOSTA

Examinados os estatutos da xa constituída “Red de Ciudades Inteligentes” que se achega na documentación a este expediente, para entrar na rede RECI (“Red Española de Ciudades Inteligentes”) a concellería propón ao Pleno Municipal a adopción dun acordo no que figure...."

Visto o anterior, o concelleiro informante emite a proposta que se contén na parte

dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión do día 21.09.2015, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN: Con vintedous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores Jácome Enríquez e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1. Solicitar a adhesión do Concello de Vigo á "Red Española de Ciudades Inteligentes" (RECI)
2. Designar un representante do Concello de Vigo na devandita entidade: o alcalde ou o concelleiro/a en quen delegue
3. Designar como representante municipal do Concello de Vigo na Comisión Técnica da RECI: o concelleiro delegado de Área de Fomento, Limpeza e Contratación, membro da Xunta de Goberno Local e 2º Tenente de Alcalde: D. David Regades Fernández, ou persoa en quen delegue en función dos asuntos a tratar en cada unha das comisións.

## 4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

## 5.- MOCIÓNS:

### 5.1(182).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A ESTABLECER UNHA POLÍTICA FISCAL QUE FAVOREZA O ALUGUEIRO PARA ARRENDADORES E INQUILINOS MEDIANTE BONIFICACIÓNS NO IMPOSTO SOBRE A RENDA. REXISTRO PLENO 1207/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro de 2015, número 1207/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Na situación económica e social actual, a política de vivenda debe facilitar a ocupación das vivendas nos distintos ámbitos das cidades e, de xeito paralelo, os incentivos fiscais deben perseguir o favorecemento dos arrendamentos, ao tempo que evitar a economía sumerxida neste sector.

A reforma fiscal para 2015 que aprobou o Goberno de Rajoy supuxo a eliminación das medidas fiscais de apoio e favorecemento do alugueiro de vivendas. Elo supón un freo tanto para os propietarios que queren alquilar os seus inmobles, como un xeito de completar as súas rendas, como para os que queren alquilar unha vivenda para fundar unha unidade de convivencia ou por razóns de aceptar un traballo nunha cidade distinta. A situación perxudica, especialmente, aos inquilinos xóvenes que comezan unha nova fase vital ou laboral.

Por unha banda, elimínase para os inquilinos o réxime transitorio para os contratos de aluguer anteriores a 1 de xaneiro de 2011. Este réxime permitía deducir no IRPF do inquilino unha porcentaxe do importe total satisfeito ao arrendador, de xeito que se declaraban os importes pagados e se reducía o peso do pago do alugueiro na economía doméstica dos inquilinos.

A eliminación desta medida supón aumentar os ingresos do Estado, según a Memoria de acompañamento dos Orzamentos Xerais do Estado, en 179 millóns en 2015 e en 124 millóns en 2016 co conseguinte aumento da carga fiscal no IRPF do inquilino.

Por outra parte, tamén se elimina a reducción do 100% para os rendementos obtidos polos arrendadores cando o inquilino tiña entre 18 e 30 anos e obtiña rendas superiores ó IPREM. O arrendador deixa de ter un incentivo para alugar unha vivenda a xóvenes que comenzan a traballar e a iniciar unha vida independente.

Estas medidas afectan a 1.123.687 persoas e supoñen unha media de 472 euros de coste económico para as persoas, co que elo implica de incremento da tributación.

Ademáis, tamén se suprimiu dende o 1 de xaneiro de 2015, o réxime transitorio previsto para os contribuintes que viñan deducíndose por alquiler de vivenda habitual con anteridade a 1 de xaneiro de 2015. Esta cuestión afecta a 175.777 beneficiarios e supón a perda de 54,35 millóns de euros.

Estas medidas so afectan a persoas físicas posto que as sociedades que tributen polo réxime especial de sociedades de arrendamento teñen unha reducción na cuota do Imposto sobre Sociedades dun 85%, de tal xeito que as rendas que obteñen estas sociedades tributan a un tipo efectivo do 4.5%.

Para que as sociedades tributen por este réxime é preciso que teñan, polo menos, 8 vivendas en aluguer. En cambio, as persoas físicas que teñen un ou máis inmobles alugados non contan con incentivos fiscais para o aluguer de vivendas.

Por outra parte, os inquilinos con contan cun réxime que favoreza o arrendamento, xa sexa mediante incentivos fiscais ou mediante axudas públicas.

Tampouco existe unha tributación máis elevada para as persoas ou as sociedades que deciden non arrendar os inmobles da súa propiedade, especialmente en determinadas zonas.

Esta desigualdade de tratamento require que o lexislador sexa sensible ás necesidades sociais das persoas que buscan unha vivenda en aluguer e, paralelamente, que teña en conta a necesidade de incentivar aos propietarios a alugar as súas vivendas.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a seguinte:

Moción

- Instar ao Goberno de España a que estableza unha adecuada política fiscal de favorecemento do alugueiro para os arrendadores e para os inquilinos mediante a previsión das correspondentes bonificacións no Imposto sobre a Renda."

Con data 21 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude quedou enterada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: A moción que presenta o grupo Socialista é para corrixir un

dos recortes do goberno do Partido Popular que neste caso afecta á política de vivenda, en particular á política fiscal de axudas ao alugueiro de vivendas.
Nunha situación económica como a actual onde a vivenda ou a política dos entes públicos debe facilitar a ocupación das vivendas nos distintos ámbitos das cidades e tamén os incentivos fiscais para favorecer os arrendamentos ao tempo que evitar a economía sumerxida deste sector, atopámonos cunha redución das axudas fiscais que podían aplicar tanto ós arrendadores de vivendas como ós inquilinos. Por que digo isto? Porque digo isto, porque con efectos para o 2015 e para o 2016, elimínase a redución da que poderían gozar os arrendadores de bens inmobles cando alugaban unha vivenda destinada a satisfacer a necesidade permanente de vivenda para arrendadores novos, comprendidos entre 18 e 30 anos. Esta redución, esta eliminación total da axuda supón un ingreso de acordo coa memoria dos Orzamentos Xerais do Estado, un ingreso adicional para o Estado de 179 millóns de euros, reducindo así os incentivos fiscais que teñen os arrendadores para facer fronte aos arrendamentos a mozos que comezan a traballar ou que teñen que cambiar de cidade por motivos de desprazamento laboral no mellor dos casos.
Do mesmo xeito tamén se elimina para este ano o 2015, xa con efectos para o 2016, a dedución que poderían aplicar os inquilinos cando satisfacían o seu importe de aluguer, neste sentido os inquilinos podían deducir unha porcentaxe do importe do contrato de aluguer como axuda do Estado para favorecer precisamente esa saída de vivendas en aluguer e para satisfacer a necesidade de vivendas baleiras.
Isto afectará, de acordo coa memoria dos Orzamentos Xerais do Estado, a máis dun millón de persoas e suporá a redución, eliminación, supresión desa bonificación, un ingreso adicional para o Estado que se cifra, no canto dos inquilinos, en 472 euros máis que terán que pagar por gozar dun contrato de aluguer.
Do mesmo xeito mantense a redución, a inxusta redución do tipo reducido sobre as sociedades de arrendamento de inmobles de xeito que se favorece a concentración de capital nunha sociedade para aquelas persoas que teñan oito vivendas a disposición dos inquilinos que deste xeito benefícianse dunha bonificación do 85% na cota de impostos sobre sociedades. Polo tanto trátase dunha situación inxusta onde se favorece unha vez máis ó capital, o que ten gran cantidade de capital baixo a manta dunha sociedade de arrendamento e prexudicase aos pequenos arrendadores que tratan de obter ingresos adicionais para satisfacer as súas

necesidades e por suposto tamén se prexudica aos inquilinos que non contan con deducións de aluguer como unha forma de beneficiar esa medida de saída de aluguer de vivendas.
Polo tanto, o que propoñemos e instar ao goberno do Estado a que estableza unha adecuada política fiscal de favorecemento do alugueiro para os arrendadores e para os inquilinos, persoas físicas, mediante a previsión das correspondentes bonificacións fiscais no impostos sobre a renda.

SR. PÉREZ CORREA: Dende a Marea de Vigo non podemos senón que apoiar esta moción en consecuencia tamén co debate parlamentario que a Marea de Vigo coñeceu, os grupos da esquerda alternativa que pediron ao ministro Montoro que clarexara esa famosa, ese anuncio de rebaixa fiscal, aí coincidimos co análise que o Bloque Nacionalista Galego, que a Esquerda plural que outras forzas políticas propuxeron no Congreso dos Deputados, que detrás desa famosa rebaixa fiscal que anunciaba o Sr. Montoro que ían ligados aos tipos de IRPF o que había detrás era unha serie de medidas colaterais que ían precisamente sobre outras cuestións que acaban sendo as bonificacións que moitos traballadores/as, é certo que cada vez menos traballadores porque de 46 millóns de cidadáns españois só 19 están sometidos a rendas do capital do traballo, o resto case 11 millóns, incluso nin sequera declaran a renda, pero si que é certo que esas bonificacións supoñían para os mozos/as e gran parte das persoas que querían quitar o mercado de alugueiro as vivendas supoñían un incentivo que desaparece, que non entendemos a parte nun momento no que é necesario quitar máis de un millón de vivendas desocupadas, sen primeira ocupación, moitas delas en titularidade do FROP e de entidades bancarias, pois non entendíamos nin sequera que ese fomento que ten que ser consecuente coa realidade urbanística desta país, pois non só desapareza senón que os datos que empezamos a ter nos primeiros análises de fin de ano volvemos a inflar a burbulla inmobiliaria, volven as hipotecas a uns niveis preocupantes por tanto imos aprobar esta moción que obviamente é consecuencia tamén coa proposta de política fiscal que introduciu tamén a Marea de Vigo durante o proceso electoral.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros o primeiro que hai que facer é non confundir,

vostede é un pouco manipulador polo que estou a percibir, porque da moción pode deducirse de que parece que se eliminaron os beneficios fiscais para o aluguer, e isto é unha falacia, unha mentira, non se eliminaron nin aos arrendadores nin aos arrendatarios. É certo que dende o 1 de xaneiro de 2015, para os novos contratos suprimiuse o tramo estatal de dedución por aluguer, homoxeneizando o tramo fiscal da vivenda habitual tanto para o que aluga como para o que compra, porque digo eu que terán os mesmos dereitos, igual que cando se suprimiu a dedución por investimentos de vivenda. Igual que nesa época segue vixente a dedución para os alugueres asinados antes do 1 de xaneiro do 2015, de maneira que a supresión do tramo estatal só afecta aos novo alugueres por parte do arrendatario. Parece máis xusto que para o que compra unha vivenda xa non haxa dedución tamén para o que a alugue tampouco.

Fala vostede na súa moción de establecer unha adecuada política fiscal para favorecer o aluguer de vivendas con bonificacións no IRPF, pero cálase que para os caseiros ou arrendadores tamén se manteñen sen cambios a dedución do 60% dos rendementos netos obtidos independentemente da idade que teña o arrendatario, quen habilite a vivenda, antes era do 100% para os menores de 35 anos e agora é o 60% para todos. Por certo, esta dedución subiuna a ministra a Sra. Pastor, que era do 50% e subiuna ao 60%.

Tampouco é certo que os donos dos inmobles alugados deixen de alugar as súas vivendas por este motivo. Tamén vostede pasa por alto algo importante, que Galicia segue contando cunha dedución por aluguer de vivenda habitual, unha rebaixa fiscal que se aplica en Galicia dende o ano 2011, esta dedución incrementouse ao dobre en determinados supostos, como por exemplo familias con dous ou máis fillos e persoas cun grado de discapacidade superior ao 33%.

Tamén é importante recalcar que o Ministerio de Fomento puxo en marcha o Plan de vivenda 2013-2016, un programa que pasa por incentivar o aluguer de vivendas e a incentivar rehabilitación de vivendas, con axudas que van dende a subsidiación de préstamos a incentivos directos ao aluguer, ata o 40% dos alugueres de ata 600 euros cun límite de subvención directa de 2.400 euros anuais por vivenda.

Tamén dende o Ministerio de Fomento dánse axudas ás promocións destinadas ao aluguer, non ao VPO en propiedade que era o que facían vostedes, dende o Partido Popular se subvenciona o aluguer e a reforma, estas xestións estáas a facer a

comunidade autónoma, porque dende o Concello de Vigo non se fai absolutamente nada, evidentemente un plan xeral paralizado e vostede o que fai e subir o IBI das vivendas o 1,1%.
O que fixeron vostedes no goberno cando gobernaban en Madrid foi recuperar un Ministerio da Vivenda que foi un auténtico fracaso con aquela infausta ministra a Sra. Trujillo que regalaba zapatillas as Keli Finder para buscar una apartamento.
Despois suprimiron ese ministerio no 2010, ao igual que o ministerio da igualdade da Sra. Aido.
Vostede fala de que a supresión deste tramo estatal falsa, que vostede di, supuxo un freo para o aluguer, eu non sei de onde quita eses datos, Sr. Aneiros, pero o Instituto Nacional de Estadística non lle da a razón porque di, que se hai un sector que saíu reforzado da crise é o sector do aluguer de vivendas, pasamos dun parque dun 6% a nivel nacional de vivendas alugadas a un que supera xa o 20% de vivendas alugadas e cada vez se achega máis a converxer con Europa que a media é do 30%.
O que máis me sorprende e non podo estar de acordo é o seu discurso propio da esquerda radical que debería haber unha tributación máis elevada para as persoas que non arrendan un ben en propiedade, oia vivimos nun país libre e se un non quere alugar a súa vivenda xa paga bastante por IRPF.

SR. ANEIROS PEREIRA: Moi breve tamén, so un minuto, porque aquí os señores do Partido Popular e especialmente o Sr. Fidalgo quérenos facer crer que polo mar corren os peixes, como di a canción. Se vostedes queren favorecer a política de alugueiro de vivendas, e vostede fixo referencia ao plan da Xunta de Galicia, asíneno porque o plan nun papel non vale de nada, hai que asinalo, é o que se lle vai reclamar nunha moción aquí, asinen ese plan para rehabilitar vivendas e para favorecer o aluguer, asíneno e logo empezamos a falar.
Moitas gracias a Marea de Vigo por sumarse á moción.

*(No momento da votación atópase ausente a Sra. Caride Estévez)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación,

dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.09.2015 (Rex. Nº 1207/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(183).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA MAIOR DOTACIÓN EN RECURSOS PARA O COLECTIVO XUVENIL (ALBERGUE, EQUIPO MULTIPROFESIONAL NO CENTRO QUÉROTE DE VIGO E AXUDAS Á EMANCIPACIÓN). REXISTRO PLENO 1208/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro de 2015, número 1208/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A hora de valorar o interese e recursos adicados ao colectivo mozo desta cidade por parte da Xunta de Galicia debemos considerar:

a) Vigo é a cidade galega máis poboada de Galicia e, segundo os datos do servizo de estatística do Concello de Vigo, en xaneiro de 2014 aparecen rexistrados os datos da nosa poboación xove comprendida entre os 11 e os 30 anos de idade: 56.822. A esta cantidade habería que engadir un número importante de mozos/as que vive e reside na cidade, tanto estudantes como xoves traballadores/as que debemos ter en conta nestas consideracións. Esta pirámide poblacional continúa incrementándose pola base nunha previsión clara de crecemento poblacional xove.

A estas premisas habería que engadir a variedade dos perfís desta poboación xuvenil que, en consecuencia provoca unhas necesidades xenéricas propias do sector xuvenil e, tamén específicas, polas características socioeconómicas diversas (rural, urbano, universitarios/as, traballadores/as, parados/as, sen estudios nin traballo etc).

As necesidades son moi amplas e, abarcan desde as formativas, laborais, de hábitos de saúde e sexualidade, lúdicas e de tempo libre etc.

b) A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia en Vigo posúe unha Delegación de Xuventude situada na praza da Estrela como única infraestrutura autonómica adicada á xuventude de Vigo.

Nesta Delegación existe un cadro de recursos humanos bastante limitado para unha cidade como a nosa e a súa función fundamental reside na xestión local dos escasos programas xuvenís que a Xunta de Galicia posúe neste sector:

- Expedición do Carné Xove, carné internacional de estudiante, carné de alberguista.

  Expedición do carné xove: Neste apartado debemos destacar a función que a Concellería de Xuventude de Concello de Vigo realiza na expedición do carné xove. Consecuencia da colaboración preestablecida coa Xunta de Galicia fai máis de 15 anos acordouse expedir este carné, nas nosas instalacións de López Mora 31, e en López de Neira 27, este carné. Hai que suliñar que somos a primeira entidade de Galicia en expedición do carné xove, en canto ao número de carnés que facemos e que esta laboura realízase grazas ao traballo dos recursos humanos municipais e no mesmo horario de atención ao público que o resto dos servizos desta Concellería.

  Deste xeito dende a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, expedíronse un total de 2.155 carnés xoves dende setembro 2014 a agosto deste ano, a mozos e mozas de idades comprendidas entre os 12 e os 30 anos.

SERVIZOS DA XUNTA DE GALICIA EN VIGO ADICADOS Á MOCIDADE

A nivel de infraestruturas adicadas á mocidade son fundamentalmente duas:

- Albergue Residencia Xuvenil Altamar. Esta residencia funciona só como residencia de estudantes e non como albergue. Na súa idea orixinal foi concebida como albergue Xuvenil. E é a única residencia estudiantil de carácter autonómico da cidade. Obviamente resulta insuficiente para a importante poboación estudantil da cidade que debe buscar aloxamentos entre os recursos particulares e privados que lles ofrece a cidade.
  Como albergue Xuvenil en Vigo solo funciona en verán e ocupado polos programas da Consellería de Traballo e Benestar, sen poder utilizarse de acceso libre.
  Na actualidade a Xunta de Galicia posue nove albergues xuvenís: 4 en Ourense, 1 en Santiago, 2 na Coruña e 1 en Vigo.

- Centro Quérote. Está ubicado na Rúa Ferrería 41 e destinado a ofrecer información e asesoramento en temas realcionadas coa sexualidade. Realizan test de embarazo e a proba rápida do VIH.
  O persoal que atende este centro pasou de ser un equipo multiprofesional
- psicólogo/a e educador/a social e enfermeiro/a ) a ser atendido por unha soa persoa para toda a provincia de Pontevedra. A atención é de tres días á

semana en horario de 9 a 14h, para nada adaptado ao tempo de ocio xuvenil, tal e como figura na información da páxina web http://xuventude.xunta.es/querote-mais.html.

- 
- A nivel de axudas destinadas aos programas para a mocidade dos concellos de Galicia por parte da Consellería de Traballo e Benestar social da Xunta de Galicia, convén lembrar que existen dende fai anos unha liña de subvencións adicadas aos servizos xuvenís dos concellos, definidas na convocatoria anual denominada: *Subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación.*

i) O Concello de Vigo tense presentado ás mesmas ao longo destes derradeiros anos, solicitando subvención para multitude de proxectos de interese xuvenil e, sempre pondo en consideración a importancia cuantitativa e cualitativa da mocidade da nosa cidade.
Pasamos no ano 2008 de recibir unha subvención de 6.898€ a unha de 3.000€ no pasado ano 2013. Un descenso moi significativo e claramente insuficiente ás proporcións dos proxectos presentados e das dimensións sociais dos mesmos, así como á poboación destinataria da cidade máis grande de Galicia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a seguinte:

Moción

Solicítase da administración autonómica maior dotación en recursos para o colectivo xuvenil :

- Albergue Xuvenil na cidade.
- Equipo multiprofesional no centro Quérote de Vigo e ampliación do horario de atención de luns a sábado en horario de mañá e tarde.
- Axudas á emancipación ( aluguer de vivendas).”

Con data 21 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude quedou enterada.

DEBATE:

SRA. BLANCO IGLESIAS: Á hora de valorar o interese a recursos adicados aos colectivo mozo desta cidade por parte da Xunta de Galicia, debemos considerar

primeiro, Vigo é a cidade galega máis poboada de Galicia, segundo os datos do servizo de Estatística do Concello de Vigo, en xaneiro de 2014 aparecen rexistradas 56.822 persoas entre os 11 e 30 anos de idade, a esta cantidade habería que engadir un número importante de xente moza que vive e reside na cidade, estudantes, traballadores/as que debemos ter en conta.

Esta pirámide de poboación continúa incrementándose pola base nunha previsión clara de crecemento. A estas premisas hai que engadir a variedade de perfís do sector, xuventude rural, urbana, universitaria, traballadora, parada, sen estudos nin traballo, as necesidades son moi amplas e abranguen desde as formativas, laborais, de hábitos de saúde e sexualidade, lúdicas e de tempo libre.

Segundo, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia en Vigo, posúe unha delegación de Xuventude situada na praza da Estrela como única infraestrutura autonómica adicada á xuventude de Vigo, nesta delegación existe un cadro de recursos humanos bastante limitado para unha cidade como a nosa. A súa función é a xestión local dos escasos programas xuvenís que a Xunta de Galicia posúe neste sector, expedición do Carné Xove, Carné Internacional de Estudante e Carne de Alberguista.

Expedición do Carne Xove, neste apartado queremos destacar a función que a Concellería de Xuventude de Vigo realiza na expedición do Carné Xove, hai máis de 15 anos acordouse unha colaboración coa Xunta de Galicia para expedir este carné nas nosas instalacións de López Mora 31 e en López de Neira 27, e hai que subliñar que somos a primeira entidade de Galicia en expedición do Carné Xove, en canto ao número de carnés, e que este labor realizase grazas ao traballo dos recursos humanos municipais e no mesmo horario de atención ao público que o resto de servizos desta concellería. Deste xeito dende a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo expedíronse un total de 2.155 carnés dende setembro de 2014 a agosto deste ano.

Servizos da Xunta de Galicia en Vigo adicados á mocidade, a nivel de infraestruturas adicadas á mocidade son fundamentalmente dúas, Albergue, Residencia Xuvenil “Altamar” e o centro Quérote. O Albergue, Residencia Xuvenil “Altamar” funciona só como residencia de estudantes e non como albergue aínda que fora concernido como albergue xuvenil, é a única residencia estudantil de carácter autonómico da cidade, obviamente resulta insuficiente para a importante

poboación estudantil da cidade que debe buscar aloxamento entre os recursos privados e particulares que lles ofrece a cidade. Como Albergue Xuvenil en Vigo só funciona en verán, e está ocupado polos programas da Consellería de Traballo e Benestar, polo tanto, non ten acceso libre, na actualidade a Xunta de Galicia posúe 9 albergues xuvenís, 4 en Ourense, 1 en Santiago de Compostela, 2 en A Coruña e 1 en Vigo.

Centro Quérote, está situado na rúa Ferrería 41, é destinando a ofrecer información e asesoramento en temas relacionados coa sexualidade, probas de embarazo, o persoal que atende este centro pasou de ser un equipo multiprofesional onde había psicólogos, educadores/as, enfermeiros/as, agora está atendido por unha soa persoa para toda a provincia de Pontevedra, a atención é de 3 días á semana e so de 9 a 14 horas, para nada adaptada ao tempo de ocio da xente nova como indica na súa propia web.

A nivel de axudas destinadas os programas para a mocidade dos concellos de Galicia por parte da Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia, existe dende hai anos, unha liña de subvencións destinadas as entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación.

Pois ben, o Concello de Vigo tense presentada ás mesmas ao longo destes derradeiros anos solicitando subvencións para a multitude de proxectos de interese xuvenil e sempre pondo en consideración a importancia cuantitativa e cualitativa da nosa mocidade, e quérolles dicir que pasamos no ano 2008 de recibir unha subvención de 6.898 euros a unha de 3.000 euros no ano 2013, un descenso moi significativo e claramente insuficiente dada as proporcións dos proxectos presentados e as dimensión sociais dos mesmos, así como a poboación destinataria da cidade máis grande de Galicia.

Por todo isto solicitamos da administración autonómica unha maior dotación en recursos para o colectivo xuvenil.

SR. JÁCOME ENRIQUEZ: Apoiamos estas peticións á Xunta de Galicia. Dende o noso punto de vista o colectivo xuvenil ten que ter unha especial atención por parte da Xunta de Galicia e o Concello, xa que a insoportable taxa de desemprego xuvenil que soportamos non só na nosa cidade senón en todo o noso país, as

administracións deben ser especialmente sensibles ante este colectivo.
Os tres puntos de acordo parécennos correctos e chámanos especialmente a atención o horario de atención do centro Quérote, que dende logo non ten nin o persoal nin o horario adecuado para as actividades que desenvolve.
Neste punto concreto gustaríanos propoñer unha engádeda, vostedes a redactan da seguinte maneira, “equipo multidisciplinar no centro Quérote de Vigo e a ampliación do horario de atención de luns a sábado en horario de mañá e tarde”, nós estando de acordo nesta petición propoñemos ao grupo municipal Socialista a seguinte redacción, “equipo multidisciplinar no centro Quérote de Vigo e a ampliación do horario de atención de luns a sábado en horario de maña e tarde” e a continuación “con efecto inmediato e mentres non se atendan estas necesidades, cambio de horario de atención de mañá a horario de tarde, co obxectivo de adecuar a atención ao público obxectivo”. Se vostedes pensan que isto é só un parche xa lles contesto por anticipado, si, é un parche ante a sensación de que estas peticións van tardar un tempo en ser atendidas.
Xa para rematar este punto, gustaríanos que a concelleira infórmase brevemente na quenda de replica do cambio de actividades de “súbete ao Castro ao Auditorio Mar de Vigo” e concretamente se teñen continuidade dende o mes de maio as actividades e dos motivos que levaron ao cambio de monitoras nas actividades.

SR. GAGO BUGARÍN: Comezo esta intervención, esta primeira moción sobre a xuventude, e entenderá por que llo digo que me sorprende, que quen defenda a área de xuventude pois non sexa a concelleira máis moza, iso non significa que non poida ser, pero enténdese que a persoa máis moza é quen coñece mellor cales son as preocupacións e as inquedanzas da mocidade.
En calquera caso quero dicirlle que confío, en que baixo as súas mans se inicie unha nova etapa para a mocidade nesta cidade, xa que a etapa anterior foi bastante desalentadora, aínda así téñolle que dicirlle que escoitándoa, xa pasaron 100 días, teño a sensación de que aínda se esta asentando na súa área e que está un pouco perdida.
Falou vostede dos recursos que adicou á Xunta de Galicia ao colectivo mozo, eu pregúntome se vostede se preocupou primeiro polo que fixo en materia de xuventude o seu goberno antes mirar para Santiago de Compostela. Pregúntome si

realmente mirou para o que fixo o seu goberno, se realmente se preocupou polas medidas que teñen que levar adiante para favorecer á xuventude de Vigo.

Non fixeron practicamente nada para loitar contra o desemprego xuvenil, só destinaron 30.000 euros dun orzamento de 230 millóns de euros para loitar contra o desemprego xuvenil. Sabe canto aprobou a Xunta de Galicia para loitar contra o desemprego xuvenil? Máis de 4 millóns de euros, fronte a 30.000 euros, así que vostede ten por diante unha boa labor para loitar pola xuventude de Vigo.

Falaba vostede textualmente dos escasos recursos xuvenís que a Xunta de Galicia posúe neste sector, isto a verdade é que soa un pouco a chiste porque voulles lembrar tanto para vostede como para o concelleiro da Marea de Vigo das principais iniciativas da Xunta de Galicia en materia de xuventude e que o Concello de Vigo non se presentou, iniciativas e subvencións para entidades locais de Galicia no ámbito da educación non formal e da participación que vostede cita na moción, un orzamento de 600.000 euros para o ano 2015, no que se presentaron 266 proxectos e o Concello de Vigo non recibirá a axuda porque non presentou correctamente a solicitude. Iniciativa en mobilidade transnacional xuvenil, programas de axudas para menores de 25 anos para a realización de prácticas formativas, cuxa finalidade é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais, o Concello de Vigo non se presentou a este programa, iso si accederon 69 mozos da cidade a título individual xa que a través do Concello non o puideron facer.

Servizo voluntario xuvenil, para mozos/as menores entre 16 e 30 anos, cun orzamento total de 5.000 euros que se incrementou un 13,5% con respecto ao ano pasado, o Concello de Vigo non se presentou a este programa.

Iniciativa. "Deseñando o seu futuro" cun presuposto total de 5.000 euros, o Concello de Vigo non se presentou a este programa.

Eramus+, novo programa da Unión Europea para fomentar a mobilidade dentro dos límites da Unión Europea, 43 proxectos no ano 2014, cun orzamento total de 920.000 euros, participaron 1.500 mozos de toda Galicia e de Vigo só 14 porque o tiveron que facer a título individual porque o Concello de Vigo non se presentou ao programa, e ademais de non presentarse ao programa tampouco solicitou acreditación para ser entidade de acollida e de envío do servizo de voluntariado europeo.

En definitiva, Sra. Blanco, eu non sei se é que vostedes presentaron efectivamente as iniciativas pero no que compete a Xunta de Galicia non consta en ningunha medida, en ningunha soa iniciativa solicitada por parte do Concello de Vigo.

A realidade é que foi o Partido Popular que aprobou a primeira Lei de xuventude de Galicia que contou coa incorporación e a participación de tódalas asociacións xuvenís do Consello Asesor e do Consello da Xuventude da Galicia, a Xunta de Galicia aprobou 340 millóns de euros en tres anos para o Plan estratéxico de Xuventude, o primeiro ano, no ano 2014, xa se executaron o 95% do Orzamento, cousa que aquí non acontece.

Sabe canto ascendeu o Orzamento na súa concellería? Un 50% en catro anos, de 1.900.000 euros a 900.000 euros, ese é o problema que ten a mocidade nesta cidade, menos dun millón de euros de orzamento con respecto a hai catro anos.

Falaba tamén vostede dos albergues, do Carné Xove, do centro Quérete, pois lle informaron mal, non hai nin 6 albergues en Galicia como dicía na súa moción inicial, nin tampouco 9 como dicía agora, hai 8 e para isto as comparacións que son odiosas na cidade de A Coruña tampouco hai albergue.

En canto aos centros Quérete estamos de acordo e por iso lle digo que imos a votar a favor da moción e me quedo coas ganas de dicirlle que a Tarxeta Xove, Vigo é a quinta cidade de Galicia en emisión de tarxetas xoves porque non é unha boa labor por parte do Goberno Local.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Destinamos dous millóns de euros a Xuventude dende este concello, 800.000 en VigoSónico, temos 100 grupos de música ensaiando tódolos dias, acaba de saír un disco, este disco que teño o pracer de presentarlles da recompilación dos mellores temas deste ano, que por certo está na páxina web e no blog que poden todos acceder, cunha calidade extraordinaria, 600.000 euros adicamos ao deporte de base, as escolas deportivas 300.000 euros, bolsas de deporte 20.000, trofeos 50.000 euros, festas como a do Marisquiño 83.000 euros, ós campamentos de verán 150.000 euros, subvencións da Xunta de Galicia en Vigo, que estamos cansados de pedir, cero euros. Temos ademais cartos metidos en instalacións deportivas para a formación, en pavillóns, campos de fútbol, en piscinas, aparte diso temos ludotecas, temos unha oficina de voluntariado europeo, temos ludotecas, clubes de lectura, talleres de cine, talleres de escrita creativa,

etc. pero témolos nós dende A Casa da Xuventude.
Tamén lle quería dicir que a Deputación ata o de agora tampouco gastaba nada en xuventude de Vigo.
Moitas gracias por referirse a miña idade, eu síntome moi mozo e estou de ida aínda, non de volta.

PRESIDENCIA: Despois da súa magnífica intervención quérolle lembrar que non se acordou vostede de dicir que adicamos un millón de euros a bolsas de inglés, á xente moza, que tódolos anos por centos e centos vanse estudar inglés a Inglaterra en tanto que ningún concello de España gobernado polo Partido Popular adica un só euro a tal cuestión. Ademais señora concelleira tampouco vostede lembrouse de citar que adicamos mas dous millóns de euros a bolsas de comedor de nenos/as que non teñen recursos familiares para comer, e a Xunta de Galicia escápase de Vigo e adica os cartos a outras cuestións, pero en todo caso parabéns para a súa intervención.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.09.2015 (Rex. Nº 1208/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(184).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SUBSANAR OS PROBLEMAS DE PERSOAL E INFRAESTRUTURAS NA EDUCACIÓN PÚBLICA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1210/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro de 2015, número 1210/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O calendario de implantación da LOMCE, incluído na propia lei, establece que logo da posta en vigor de 1º,3º e 5º de primaria, así como o 1º curso de Formación Profesional Básica (FPB), que tivo lugar no pasado curso, corresponde neste que acaba de iniciarse a segunda fase que abrangue 2º e 6º de primaria, 1º e 3º de ESO, 1º de Bacharelato e o 2º curso de FPB.

A experiencia da implantación LOMCE do curso pasado foi como mínimo atropelada e conflitiva para toda a comunidade escolar. O alumnado, profesorado e familias sufriron unha elaboración precipitada dos deseños curriculares que orixinou gravísimos problemas na posta en marcha do pasado curso.académico

No curso actual, a situación é aínda máis grave.

Os recortes consolídanse en materia de profesorado e de investimentos na educación pública de Galicia.

A falta de profesorado súmase un aumento considerable de profesorado itinerante, aumento de profesorado con materias afíns, falta de profesorado para atender á diversidade PT e AL e tamén aumento considerable de profesorado interino.

A isto engadese que os equipos directivos e o profesorado teñen unha sobrecarga de traballo administrativo e burocrático porque se ven obrigados a facer traballos que non son do seu cometido, prexudicando o funcionamento dos centros con traballo extra.

A confusión xeral creada pola utilización de libros de texto vellos ou novos creou un gran caos tanto para os pais e nais como para os centros.

A implantación apresurada dos decretos de Secundaria e Bacharelato ten dificultado moito a elaboración dos horarios e das matriculacións nos centros.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a seguinte:

Acordos

Instar á Xunta de Galicia:

- A subsanar os problemas de persoal e infraestructuras na educación pública.
- A desenvolver os mecanismos necesarios para que os equipos docentes dispoñan das guías e materiais axeitados para desenvolver o curso académico”

Con data 21 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Cultura, Educación e

Patrimonio Histórico quedou enterada da moción.

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Hoxe hai 18 días que deu comezo o curso académico 2015/2016 para máis de 24.000 alumnos da nosa cidade de infantil, primaria e educación especial, e aínda hoxe hai alumnado que non ten libros de texto nin material escolar, e o profesorado non ten instrucións claras para a elaboración das súas programacións, e hai trece días o iniciaron os estudantes vigueses da ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ensinanzas de Réxime Especial, con falla de profesorado nos centros, masificación de aulas e maior porcentaxe de docentes que van ter que impartir unha ou máis materias das que non son especialistas.

Os equipos directivos están ao bordo do colapso estes días pola carga administrativa e burocrática, ademais de toda a xestión relacionada co inicio do curso os colexios deben adquirir manuais para aqueles nenos que non teñen recursos e que non chegaron do banco, xestionar vales do resto do curso e ademais tramitar as solicitudes de axudas, unha axudas totalmente electorais que saíron publicadas o 1 de setembro e que remata o prazo o 30 de setembro, lémbrolles que o curso iniciouse o día 10. Estes centros ademais carecen de persoal administrativo, e mentres tanto o profesorado non ten unha directrices claras para elaborar as programacións e sumémoslle que hai moitos centros que non teñen profesorado de abondo fundamentalmente para a atención á diversidade e ó alumnado con necesidades especiais de apoio educativa.

A Consellería na súa política de aforro transformou a este profesorado específico en itinerante e todo isto mentres nos últimos cinco anos suprimíronse 3.000 postos docentes, mentres se xubilaban máis de 4.000 profesores só se convocaban oposicións para 993, voulle dar unhas cifras porque logo despois cuestiónanse datos, os centros educativos sostidos con fondos de goberno galego, os públicos e os concertados afrontan o período escolar 2015-2016 cun lixeiro incremento orzamentario na Consellería de Educación, pero logo de media década na que a dotación das contas públicas para o ensino reduciuse en máis de 300 millóns de

euros, pese a ser negado en diversas ocasións as propias táboas orzamentarias do executivo galego mostran que o orzamento educativo non deixou de baixar dende o cambio de goberno no 2009, naquel exercicio educación dispoñía de 2.383,2 millóns de euros, a maior cantidade tras varios anos de subidas, nas primeiras contas do gabinete do Sr. Feijóo, a función orzamentaria de Educación perdeu algo menos de 24 millóns, en 2011 o “tixeretazo” duplicou e retirou 55 millóns do orzamento e ao ano seguinte, 11 millóns máis, as contas públicas do 2013 chegaron cun recorte aínda maior de 127 millóns en 2014 quedaron polo camiño 20 millóns máis.

As consecuencias destas restricións presupostarias son diversas, e van dende ao material ao humano. Do humano xa falamos, e do material? Pois iniciase este curso no que os centros educativos de infantil e primaria da nosa cidade seguen demandando da Xunta de Galicia as melloras nas infraestruturas educativas, melloras que se precisan para desenvolver a labor educativa cuns mínimos estándares de calidade, seguen reclamando a cobertura de patios, a accesibilidade aos centros, o cambio de ventás para evitar o frío nas aulas, o cambio dos falsos teitos que están totalmente deteriorados e con materias que producen alerxia, o investimento en comedores escolares, é dicir, os investimentos nunhas infraestruturas que responden ao demandando pola sociedade, e seguen tendo a calada por resposta, e mentres este goberno de Vigo co Alcalde á cabeza responde a estas demandas sen ser as súas competencias, e cobre patios e amplía comedores, habilita novos espazos educativos, reforma baños, pero xa tamén os institutos de secundaria xa nos achegan peticións porque aínda que a responsabilidade é totalmente da Xunta de Galicia, a merma continua na dotación de gastos de funcionamento que reciben, nos que non lle da para mandares as instalacións e demandan de nós a poda, limpeza de exteriores, as melloras nos accesos, bancos, etc.

O Goberno da Xunta de Galicia manifestara que o curso de inicia con normalidade, como sempre, pero a realidade vainos dicir que non faltarán incidencias de todo tipo en moitos centros de ensino de Galicia, e non hai máis pola profesionalidade dos equipos docentes.

Todo isto só demostra unha cousa, que a Xunta de Galicia non ten ningún interese na mellora do ensino público.

SR. PÉREZ CORREA: Nos coincidimos co expresado nesta moción e é absolutamente sorprendente que iniciaramos o curso escolar sen ningún tipo de propósito de emenda do Partido Popular, cando hai doce gobernos autonómicos, doce, que propuxeron que a LONCE estaba sendo un fracaso e unha improvisación absoluta das políticas educativas, pensábamos que ía haber un propósito de emenda con respecto ao inicio do curso escolar, e o que nos trasladan tódolos que temos amigos ou familiares docentes é a absoluta improvisación que está a dar no curso escolar, que o decreto de curriculums publicouse o 28 de xuño o que obrigou aos profesores practicamente a traballar contra reloxo para poder estar a tempo no deseño curricular, tanto de bacharelato como da ESO, e logo unha preocupación que polo menos á Marea de Vigo nos ronda e que ten que ver tamén coa nosa cidade é que o DOGA, do 17 de agosto, incrementou as prazas de ensinanza concertada, aumentan o número de prazas nos centros privados e se destroza sobre todo, temos o dato de 13 escolas no rural pero desaparece cada vez máis as prazas no ensino público.

O recorte de profesorado, nos estamos de acordo, non só hai que ver esa taxa de reposición de docentes, senón unha que particularmente é perigosa que é o recorte que ten que ver co profesorado para atender necesidades especias do alumnado, pedagoxía, audición, linguaxe e todo iso, e logo sistemas que están aparecendo e nunca consolidados, de sistemas de préstamo mixto privado e que nunca se concreta como van soportar as familias a cuestión da adquisición de material escolar de libros, é certo que hai unha liña de axuda absolutamente electoralista de 50 euros que propuxo o Partido Popular antes das eleccións municipais, e nos ímonos cinguir por suposto a esta moción, e estamos complemente de acordo que a improvisación que está habendo neste curso escolar, por suposto que vai afectar a esta cidade, ao conxunto dos rapaces/as que seguen sufrindo o empezoñamento do Partido Popular por levar adiante unha lei que nace morta, como é a LONCE. O apoio da Marea de Vigo a esta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar, clarexar que o profesorado da provincia de Pontevedra a día de hoxe ten os catálogos que determinan o persoal necesario e estase a cumprir porque cada un ten aquí os seus datos. É verdade que

hai 18 días que comezou o curso, e comezou de forma impecable, sen incidencias porque non podemos perder de vista que o obxectivo de que o curso comece ben son os alumnos, o benestar e a educación dos alumnos e non da situación persoal ou particular dos docentes, que é importante porque sempre é complementaria. Pero aquí no podemos perder de vista tamén outro dato que nos di que a dia de hoxe, nos últimos anos ten diminuídos substancialmente a taxa de abandono educativo en Galicia, dende o 25,8 de media do ano 2009 ao 17,9% rexistrado no segundo trimestre do 2015, iso quere dicir que as cousas non se están a facer tan mal como vostede di, e como vostede presenta esta moción.

Como docente presenta esta moción tamén e dun colexio de Vigo sabe que un AL ou un PL que é o profesor de pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe específicos, cando é necesario concédese e niso nunha puxo ningunha pega a Xunta de Galicia o que evita calquera carencia de profesorado e no catálogo aparece o número de profesores máis especialistas que corresponden a cada centro, concretamente nesta provincia e concretamente nesta cidade en Vigo o número está por enriba como no caso do Frian de Teis que vostede é docente alí, Saladino Cortizo ou Escultor Acuña por poñer algúns exemplos.

Educación da Xunta de Galicia sempre atende ás necesidades e ás demandas e sobre todo prioriza aos nenos con educación especiais e tendo en conta que a Consellería pasou de 173 coidadores a máis de 200 concretamente 220, facendo un esforzo así que nada de recortes senón aumento.

Gustaríame explicar tamén a diferencia da xestión actual en comparación coa xestión da educación no bipartito na que vostedes saberían que agrupaban a tódolos nenos con atencións especias nun mesmo centro é agora dáse a posibilidade aos pais de escoller se queren que estea nun centro ou darlle a opcións aos pais, a Xunta de Galicia pon a disposición ao profesor de educación especial do docente que necesita.

O aumento de profesorado con materias afíns débese ao docente, non a Consellería, non lle voten a culpa á consellería, non viran vostedes aquí a limitar as opcións de capacidade dos propios profesores. Entón vostede como docente agora poderánolo explicar, pero os datos son así. Eu tamén teño datos e investimentos nos centros educativos en Vigo entre o ano 2009 e 2015 ascenden a 13 millóns de euros, tendo en conta o centro novo CEIP de Virxe do Rocío, a reposición e

ampliación de comedores e xestión directa en seis centros por valor DE 1.200.000 euros, as reformas en centros de secundaria, Santa Irene, audiovisuais, escola superior de arte dramática, reformas no Saladino Cortizo, e actualmente que acaba de anunciarse, unha ampliación do Centro Castelao en Navia, porque é necesaria porque se é verdade que aumenta a demanda e a poboación e hai que aumentar os centros escolares.

A Xunta de Galicia neste punto é impecable e cumpre radicalmente coas necesidades dos alumnos que eu non quero perder de vista o dato de que está diminuíndo substancialmente dende o 2009 a taxa de abandono escolar, o importante é os alumnos insisto, e non quero perdelo de vista.

As axudas para comprar materiais que vostede que di que o 1 de setembro, é unha medida moi positiva e que moitos pais aplauden e vostede cando é unha medida positiva ten que poñer sempre pegas, é unha medida que é positiva e beneficiosa para os pais e para os alumnos dos centros, entón non sei porque ten que poñer aínda máis pegas.

En canto as infraestruturas, sempre hai cousas que mellorar, e verdade, e por lei tamén o mantemento dos centros escolares que están na cidade de Vigo, por lei correspóndelle tamén ao Concello, entón tamén poderían presentar na partida dos orzamentos, neste ano xa non teñen, pero para o ano que ven, algunha partida para as melloras como acaba de enumerar que fai a Xunta de Galicia.

En canto as guías as didácticas fainas o centro, as adaptadas aos novos curriculums tamén están, entón vostede ten os seus datos e nós temos os nosos datos oficiais, eu insisto hai 18 días que comezou o curso escolar de forma impecable, coas persoas, os profesores nos centros que teñen necesidades as prazas cubertas e os propios nenos tamén coas necesidades cubertas. Insisto que se os datos son para mellorar a educación dos menores, sempre estaremos no bo camiño, polo tanto imos votar en contra.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Vou facer unha cousa que ademais non me gusta moito, pero hoxe creo que se merece porque ademais cando se alude a miña condición como docente, o meu coñecemento e a miña propia situación creo que é importante. Voulle contar só unha cousa, hai un documento do Sr. Ángel de la Fuente titulado “Capital humano e produtividade”, un traballo moi interesante para

aqueles que cremos con firmeza que a educación é o mellor investimento para a sociedade e para o individuo, que di unha frase, “o investimento na cantidade e calidade da “Educación aparece como un dos mellores instrumentos de política dos que dispoñen os gobernos para influír sobre o crecemento da produtividade, e en última instancia sobre o nivel de vida dos seus cidadáns”, un goberno como o da Xunta de Galicia que non inviste nos seus cidadáns non merece gobernar.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Figueroa Vila)*

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17.09.2015 (Rex. Nº 1210/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(185).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REPROBANDO AS DECLARACIÓNS, DESCUALIFICACIÓNS E FALTAS Á VERDADE DO SR. FEIJÓO A CONVOCANTES, ASISTENTES, PACIENTES E PROFESIONAIS E SOLICITANDO AO GOBERNO DA XUNTA A MÁXIMA TRANSPARENCIA NO TRASLADO E XESTIÓN DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO DE VIGO.**

**REXISTRO PLENO 1214/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de setembro de 2015, número 1214/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O día 3 de setembro deste ano produciuse nas rúas desta cidade unha das manifestacións máis numerosa na historia recente de Vigo. Unha manifestación convocada pola Xunta de Persoal da área Sanitaria e apoiada desde numerosas institucións, colectivos sociais e profesionais, co fin de manifestar o rexeitamento absoluto ao modelo elixido para financiamento e xestión do Novo Hospital de Vigo, así como denunciar publicamente e solicitar a solución inmediata dos graves problemas detectados polos profesionais, pacientes e familiares do devandito centro hospitalario. Problemas que levaron mesmo á paralización cautelar do proceso de traslado coa consecuente repercusión negativa na actividade asistencial da área e nos dereitos dos cidadáns.

Fronte á realidade deste clamor da sociedade civil e das institucións, o Sr. Feijóo, no canto de recoñecer a evidencia e comprometerse nas posibles solucións, dedicouse en sede institucional e parlamentaria a proferir todo tipo de descualificacións contra os cidadáns asistentes á manifestación, os convocantes, profesionais e contra diferentes políticos e as institucións que representan. Estas descualificacións e faltas graves á verdade obxectiva supoñen unha grave agresión aos cidadáns,pacientes e profesionais desta área Sanitaria que poñen en evidencia o auténtico talente do Sr. Feijóo, os intereses que realmente defende e a nula vontade de reparar as xustas reclamacións dos cidadáns e a reparación dos problemas detectados.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Reprobar as declaracións, descualificacións e faltas á verdade do Sr. Feijóo a convocantes, asistentes, pacientes e profesionais.
- Solicitar do Goberno que preside o Sr Feijóo a máxima transparencia e o control social en todo o proceso de traslado e xestión do Novo Hospital de Vigo por parte dos lexítimos representantes dos cidadáns, institucións, profesionais e pacientes."

Con data 21 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude quedou enterada da moción.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: É esta unha moción que certamente é lamentable haber tido que presentar, pero é a moción como mínimo de 200.000 cidadáns de Vigo e da súa área de influencia e non podemos deixar pasar as palabras do presidente da Xunta de Galicia, os insultos aos que participaron naquela manifestación, poucas veces na historia da democracia un presidente de comunidade autónoma que debería ter un alto grado de responsabilidade lanzou un ataque tan furibundo e tan pouco intelixente contra os cidadáns, neste caso de Vigo e dous seus arredores.
O 3 de setembro na cidade de Vigo se prodúxose a maior manifestación contra o sistema sanitario do Partido Popular, a maior manifestación posiblemente contra a sanidade privada que se produciu en España e case seguro que en Europa, fronte a iso un gobernante como un presidente de comunidade autónoma o único que fai é atacar, insultar e desprezar aos convocantes. En vez de atacar debería de reflexionar, e os ataques son tremendos, chamounos irresponsables, dixo que insultábamos á intelixencia, dixo que era a peor política e tratou como mobles aos pacientes da sanidade. Todo iso ten un nome, corresponde ao Sr. Feijóo, evidentemente eu creo que se confundía, estábase a referir a si mesmo porque é un irresponsable, porque insulta á intelixencia dos cidadáns porque fai a peor política para os cidadáns de Galicia e sobre todo e recollendo as súas palabras porque é un auténtico moble en Galicia, un moble que politicamente non nos serve absolutamente para nada, Sra. Muñoz, un moble.
Mente o Sr. Feijóo, cando di que é un hospital público, durante vinte anos é unha activo físico da concesionaria, mente o Sr. Feijóo cando trata de dicir que isto é como a hipoteca dunha casa, absolutamente falso, cando un cidadán compra unha vivenda a escritura ao seu nome, pode facer con ela o que queira e é da súa propiedade, cuestión que no caso do hospital nin é propiedade da Xunta de Galicia nin pode facer o que queira coa Xunta de Galicia e é propiedade como dicía da concesionaria.

Sr. Muñoz, revise os papeis, noutra das mentiras de como deixou o goberno do Sr. Touriño as dotacións económicas na SEPI para facer un hospital público e tamén mente o Sr. Feijóo cando di que se podería ter feito o hospital por outro procedemento, é falso tamén porque o hospital polo procedemento que deixou o goberno do Sr. Touriño teríase que ter inaugurado nin máis nin menos que no 2013 e tivemos que esperar ao 2015, a súa mentira chega, a do Sr. Feijóo, a termos extremos cando di que son as mesmas camas que o proxecto anterior, primeiro absolutamente falso, segundo non hai laboratorio, cóbrase a auga en contra do que vostedes digan, terceiro a comida é de baixa calidade e non ten nada que ver coa situación anterior, e do aparcadoiro como vostede ten moitas gañas de falar, Sra. Muñoz, logo contestareille.
O Sr. Feijóo ten medo, a unha comisión, a que temen no Parlamento a que haxa unha comisión sobre este hospital?
Modificáronse as calidades, e algo certamente importante onde marca a diferencia entre sanidade pública e sanidade privada, no modelo público o xerente do hospital controlaba directamente, neste caso única e exclusivamente controla a concesionaria e xa lle fixen a pregunta a vostedes en moitas máis ocasións, que diferencia hai entre o Partido Popular de Vigo e o de Mos e Salvaterra que defenden ese aparcadoiro, as condicións de hospital público para o novo hospital do que vostedes falan, cal é a diferencia? Polo tanto este Pleno debe reprobar as indignas palabras do Sr. Feijóo.

SR. JÁCOME ENRIQUEZ: Estamos de acordo en xeral con esta moción e cos seus contidos, que un representante público adíquese a descualificar a lexítima convocatoria da Xunta de Persoal do SERGAS, parécenos francamente inaceptable.
Unicamente un matiz á postura que acaba de expresar o grupo Socialista, non si que cremos que o Sr. Feijóo ten razón en comparar este hospital con unha hipoteca, ao fin e ao cabo ten cláusulas abusivas, ten letra pequena, ten indefensión dos máis vulnerables e ten a protección do goberno ás empresas e nos aos cidadáns, así que por ese lado se que podería ser perfectamente unha hipoteca.
Terán o noso apoio, por suposto, a esta moción.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Font que empezaba vostede dicindo que era

lamentable ter que presentar esta moción realmente é lamentable, pero lamentable é a súa intervención de principio a fin, vostedes non teñen límites, non saben cando parar. Non teñen límites en descualificar, en insultar, en usar a demagóxica, dende logo non teñen límites en faltarlle ao respecto a todos, incluso ao Presidente da Xunta de Galicia lexitimamente elixido por tódolos galegos, sinceramente paréceme absolutamente impresentable o papelón que ven vostede a facer aquí a este Pleno.

Fala nesa moción, para reprobar ao Presidente da Xunta de Galicia e fano unha vez máis mentindo, iso dáselles de marabilla, menten continuamente, menten e menten ata que se lle descobren as mentiras, sabe que lles pasa? Que menten tanto que cando digan a verdade ninguén lles vai crer, vailles pasar como a famosa fábula de Pedro e o lobo, cando realmente estean a dicir que algo é mentira non lles vai crer ninguén porque non fan outra cousa que lanzar mentiras. Ademais é falso, porque o Presidente da Xunta Galicia en ningún caso referiuse así aos manifestantes, máis ben distinguiu claramente o que era os manifestantes do que eran os convocantes e determinados grupos políticos que utilizaron politicamente esa manifestación, miren a hemeroteca e vexan claramente o que dixo o Presidente da Xunta de Galicia.

Para os convocantes si, falla de responsabilidade, por suposto, convocar unha manifestación en pleno traslado dun hospital e aos manifestantes respecto e tranquilidade, esa tranquilidade que vostedes non queren que a xente teña, queren que a xente teñan medo de ir ao novo hospital. O outro día cando vía as declaracións do primeiro nacemento no hospital público de Vigo, Álvaro Cunqueiro, que recoñecían que foran con medo, con temor e que estaban encantados, da atención dos nosos profesionais sanitarios e das instalacións do hospital, esa é a realidade e iso é o que ira tirando as mentiras.

Pero falando de reprobar, por que non reprobaron vostedes ao Goberno bipartito cando prometía un hospital para Vigo tan necesario e  nunca o facían? Por que no reprobaban vostedes que despois deste folleto marabilloso en 2006, era o ano 2009 e aínda non se empezar a facer o hospital? Entón non lles interesaba reprobar nada nin traelo a este Pleno municipal. A quen queren reprobar? A quen hai que reprobar? A quen fai un hospital público en plena crise económica buscando a formula para facelo e garantir a sanidade pública ou hai que reprobar ao goberno

municipal que estivo boicoteando dende o primeiro momento? A quen hai que reprobar? A quen busca a formula para facelo e para garantilo orzamentariamente ou que lle nega os terreos, a luz, a auga, os accesos e os servizos, a quen hai que reprobar a quen garantiza a seguridade sanitaria ou a quen asusta irresponsablemente e vostede fíxoo hoxe aquí a tódolos vigueses/as dicindo que van morrer no hospital cando non hai laboratorio, cando é radicalmente falso. A quen hai que reprobar, a quen para un traslado cando hai un mínimo risco de seguridade sanitaria ou a quen se aproveita diso e o utiliza politicamente para manipular, a quen? Incluso di que hai que evacuar ao novo hospital, exactamente a quen temos que reprobar, se teñen dende logo algo de decencia votarán en contra da súa propia moción, non é tarde para rectificar, rectifiquen, deixen de manipular politicamente aos cidadáns e póñase a traballar por eles, a traballar como está a traballar para garantir a sanidade pública, respetando a todos, aos manifestantes, aos que nos non se manifestaron e traballando por todos eles para garantirlles a saúde pública que necesitan. Esa saúde pública e servizos públicos que garantiu este goberno da Xunta de Galicia cando vostedes o deixaron quebrado dende o goberno dó bipartito, porque as súas mentiras xa están a caer, quédalles pouco, e dende logo espero que cando esas mentiras caian e cando a realidade as faga caer aquí neste Pleno, quen lles reprobará serán tódolos vigueses/as.
Faime moita gracia Sr. Font, que critique ao goberno da Xunta de Galicia por non aprobar unha comisión de investigación, o goberno da Xunta de Galicia non está nos tribunais, nin está imputado ningún membro do goberno da Xunta de Galicia por este contrato, nesta Corporación municipal hai membros imputados e vostedes seguro que entón non queren esa comisión de investigación, ou vana aprobar? Dígano aquí e agora.

SR. LÓPEZ FONT: Non se me poña nerviosa Sra. Muñoz, falemos en serio, os que non teñen límite son vostedes á hora de atentar contra a sanidade pública, vostedes son os que non teñen límites, aquí está en xogo algo moi importante que é a saúde dos cidadáns e é un dereito que conseguimos tódolos españois ao marxe de vostedes, e vostedes están a xogar con esa sanidade pública polo tanto eu estou orgulloso de defender esta moción.
Dixen que era unha vergoña ter que defender e presentar esta moción porque

temos un presidente da Xunta de Galicia que da vergoña, dáme o mesmo o que vostede diga, eu non insulto, eu falo politicamente e polo tanto o que é o presidente da Xunta de Galicia, nas urnas dirán unha cousa, pero cando un presidente da Xunta de Galicia di o que di de 200.000 cidadáns é un presidente politicamente ilexítimo.

Convocantes e manifestantes, non lle parecerá a vostedes un corpo único, non son un corpo único? Vostede está querendo dicir que os 200.000 manifestantes non se decatan de nada e que actuaron pola irresponsabilidade de non sei quen, voullo dicir moi claro, iso é o que se fai en Venezuela, iso é o que ten a un Alcalde na cárcere, Sra. Muñoz, hai un alcalde na cárcere por dicir que convocou aos manifestantes e porque había convocatorias multitudirarias, ese é o modelo Sra. Muñoz que vostedes teñen, o de Venezuela, para nós un corpo único entre convocantes e manifestantes.

Pregúntase a quen hai que reprobar? Está vostede reprobando aos 200.000 manifestantes, e é peor canto máis defende ao Presidente da Xunta de Galicia, máis entidade cobran os insultos, e insultouse á intelixencia dos cidadáns. O hospital era un hospital viable economicamente, é un irresponsable o goberno da Xunta de Galicia porque gastaron tres veces máis que o que en principio estaba previsto, e vostedes non someteron a tódolos galegos especialmente aos cidadáns de Vigo e da comarca a pagar por unha hipoteca que non é hipoteca no concepto que vostedes din. A actitude do Sr. Feijóo resúmese nunha infamia, na antiga Roma considerábase como infamia a degradación do honor civil, cando unha persoa perdía a reputación e o descrédito e iso literalmente é o que perdeu o Sr. Feijóo.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro

López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.09.2015 (Rex. Nº 1214/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo

**PARTE DE CONTROL**

**1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

**1.1(186).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 3 a 24 de setembro de 2015.

**1.2(187).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 3 a 24 de setembro de 2015.

**1.3(188).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 14.09.15 REFERENTE AO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL DE 9 HORAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. EXPTE. 1202/1101.**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 14.09.2015, que di o que segue:

"O Pleno do Concello, na súa sesión de data 29.06.2015, ó amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos.

No Pleno do 8.09.15 dáse conformidade á proposta da Alcaldía que manifesta o seguinte: "Modificar dito acordo engadindo un décimo cuarto parágrafo co seguinte texto: Aqueles membros da Corporación que non desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou en réxime de dedicación parcial de 26 ou 19 horas, poderán decidir desempeñalo, salvo que noutras Administracións Públicas desempeñen cargos en réxime de dedicacións exclusiva, nun réxime de dedicación parcial de 9 horas que substituirá o importe que, por indemnizacións, lles corresponda por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación ou dos seus organismos autónomos."

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía polo grupo municipal do Partido Popular e polo grupo municipal Marea de Vigo as adicacións que lle corresponden, resolvo:

Primeiro: Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de nove horas os seguintes membros da Corporación.

| | | |
|---|---|---|
| Concelleiro do g.m PP | D. Ángel Piñeiro López | 13.648,00 € |
| Concelleira do g.m PP | Dª Elena González Sánchez | 13.648,00 € |
| Concelleiro do g.m PP | D. Miguel Fidalgo Iglesias | 13.648,00 € |
| Concelleira do g.m PP | Dª Teresa Egerique Mosquera | 13.648,00 € |
| Concelleira do g.m.Marea de V. | Dª Margarita López Barreiro | 13.648,00 € |
| Concelleiro do g.m.Marea de V | D. Xosé Lois Jácome Enríquez | 13.648,00 € |

Segundo: As retribucións especificadas para cada cargo así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas aboaranse en doce pagas. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro: As retribucións sinaladas terán efectos retroactivos á data de 8.09.2015, data de adopción do acordo.

Cuarto: Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados

da Corporación nin dos Organismos Autónomos Municipais.

Quinto: Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Sexto: Notificar a presente Resolución a tódolos interesados/as, darase conta ao Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sétimo: Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

Oitavo: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello e na súa páxina web."

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

**3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron

**4.- MOCIÓNS.**

**4.1(189).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL DESTINAR O REMANENTE DE TESOURERÍA PARA PLANS SOCIOLABORAIS DE EMPREGO, CONTRATANDO AO MAIOR NÚMERO POSIBLE DE VECIÑOS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO. REXISTRO PLENO 1201/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de setembro de 2015, número 1201/1101, o concelleiro do grupo municipal de Marea

de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Tívose coñecemento, mediante o informe de liquidación do orzamento do Concello de Vigo, que existe remanente positivo na liquidación do orzamento municipal de 2014, por un valor de 74.324.280,18 millóns de euros.

De este remanente consta como consignado 4.767.246,17 millóns para diversas modificacións de crédito, máis de 10 millóns para amortización anticipada de débeda, 3.438.677,38 para compromisos de obras no estadio de Balaidos, e no último pleno, 3.438.677 millóns para sufragar custes dos contratos de limpeza viaria e recollida de Lixo.

Isto segue supoñendo unha existencia de máis de 51 millóns de euros de remanente que compre empregar, ao entender do noso grupo municipal, con prioridade social e de mellora das condicións de vida dos vigueses e viguesas.

Para a MAREA DE VIGO, o principal problema que ten Vigo é o desemprego, e polo tanto o Concello ten que realizar todos os esforzos para paliar esta lacra social na medida das súas posibilidades.

O Ministerio de Facenda e as entidades locais acordaron, na reunión celebrada o día 16 de abril de 2013, no seo da Comisión Nacional da Administración Local, permitir aos Concellos que tivesen superávit no anterior exercicio (2012), destinar este remanente a gasto corrente e investimento. O acordo contemplaba a modificación do artigo 32 da Lei de Estabilidade Orzamentaria, onde se contempla que "o superávit destinarase a reducir endebedamento" para permitir destinar o superávit a gasto corrente e investimentos.

Este é o obxectivo principal que pretende a MAREA DE VIGO, crear emprego, por enriba de calquera outra cousa, e por tanto, do déficit e a débeda. Para salvar ás persoas e non aos bancos, cómpre destinar todos os recursos posibles a plans que palien a situación de desemprego que están a sufrir máis de 28.441 veciños e veciñas de Vigo. Xa non deben existir escusas, nin de leis nin de vontade política, para non pór a disposición dos plans sociais de emprego toda esta cantidade económica para este ano 2015. Non é de recibo que se destine este diñeiro a amortizar débeda cando é moito máis urxente a situación de precariedade e pobreza que sofren miles de persoas.

Concellos en todo o estado destinaron o superávit para gasto corrente e investimentos co fin de crear emprego.

É o momento de afrontar medidas de calado e valentes, que cheguen de verdade á cidadanía e que revertan nesta, a través de plans sociolaborais que flúan en dúas direccións, a de crear emprego e a de mellorar o municipio en aspectos que beneficien a todos e todas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal de MAREA DE VIGO propón ao

Pleno do Concello os seguintes acordos:

1.Destinar 5 millóns de euros do remanente da Liquidación do Orzamento Municipal de 2014 (que a data de hoxe ascende a 51 millons de euros) para plans sociolaborais de emprego.

2.Contratar con estes plans ao maior número posible de veciños e veciñas do municipio en situación de desemprego."

Con data 21 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Transportes, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación quedou enterada da moción.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: É coñecido por este grupo municipal e os informes que nos van chegando dos usos que se fan do remanente e a existencia dese remanente de Tesourería do ano 2014 e un importe substancial, 74 millóns de euros, dos cales unha parte sensible xa está sendo empregada para compromisos de obras, no caso do Estadio de Balaídos e, sorprendentemente no último Pleno ese maior gasto que supón sufragar os custes dos contratos de limpeza viaria e recollida de lixo, sabemos que a propia lexislación que propuxo no seu día o Partido Popular practicamente obriga a priorizar as amortizacións e o gasto da débeda, pero é certo tamén que iso sobre todo para os concellos. Cunha situación de débeda máis alta ou nos concellos onde a situación económica é diferente. Nós o que consideramos que esa presa, premura, absolutamente publicitaria por propoñer que somos un concello con débeda cero, vai seguramente a esquecer que gran parte dos recursos do superávit nun concello que se di progresista, deberían de ser utilizados para as políticas de creación de emprego, non creo que sexan as políticas "keynesianas", o "keynesianismo" non era iso, pero si que a creación de emprego nesa cidade debería ter prioridade.
É certo que existen partidas importantes do Plan de Emprego aínda sen executar, a nós nos informaba o grupo municipal do Partido Popular a posibilidade dunha emenda solicitando que esas partidas se finalicen e que definitivamente acaben para o que foron consignadas que é a creación de emprego, pero nós propoñemos

que con ese remanente e seguindo o exemplo dalgúns concellos que así o fixeron, sobre todo a partires do ano 2013 cando a Comisión Nacional de Administración Local propuxo a posibilidade de que os concellos pediran o emprego de parte deses recursos para a creación de emprego, se supuxera déficit entendemos que se debería consignar por parte da concellería de Facenda as partidas que se baixarían do Orzamento para consignar ese importe, pero consideramos que é unha prioridade e dicimos que é unha prioridade porque se un concello saneado e que ten capacidade financeira, pois imos darlle a posibilidade de que sexa empregado para unha das demandas máis importantes que propón a cidadanía tódolos días incluso no Rexistro e na lonxa do Concello a posibilidade de atopar traballo a través da contratación,  por certo que sexa pública, transparente e a través dun concurso público, pero a contratación a través de plans de emprego que se axusten sobre todo ao que manda a lexislación sobre o que ten que ser, como se concreta ese gasto. Nós introducimos unha partida relativamente pequena con respecto ao importe total, a así como se fixo ese aminoramento a outras partidas para pagar a reforma de Balaídos ou outro tipo de investimentos, nós pensamos que tamén se fagan aminoramentos de partidas neste concepto e que podamos polo menos introducir un plan de emprego que para nós debería ser con certa urxencia para que cubrira os últimos meses do ano, sobre todo pola chegada do Nadal e do que supón os gastos de Nadal para moitas familias ou o que supón incluso agora mesmo a incorporación de moitos nenos/as e rapaces outra vez ós colexios.
Polo tanto, a partida está ben clara e sobre todo que entendemos que como é un esforzo que fai o Concello de Vigo con recursos do Concello de Vigo, que o número de veciños debe ser deste termo municipal.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Independentemente de ter certas discrepancias con Marea de Vigo e de estar nas Antípodas de como a eles lles gusta dicir “o seu credo indentitario”, e de que os argumentos e cifras que inclúen na súa moción non teñen en conta cuestións importantes como a estabilidade orzamentaria ou o teito de gasto, porque o Concello de Vigo está ao límite do seu teito de gasto, lendo con atención a súa moción, señores da Marea de Vigo podería levarme a conclusión de que o principal obxectivo da Marea de Vigo, despois de catro meses, coincide co do Partido Socialista e co do Partido Popular, que é crear emprego, non está mal, é un

bo comezo que por fina a Marea de Vigo dese conta de que as políticas que está aplicando o Partido Popular son as correctas por que? Porque están a impulsar o crecemento económico e só con crecemento económico señores da Marea de Vigo, créase emprego, con crecemento económico.
Acaba de publicarse un informe da OCDE que di que as reformas que fixo o Partido Popular foron esenciais para crear emprego, e aquí están os datos 500.000 postos de traballo se crearon en 2014, 800.000 no que vai de ano, un de cada catro novos traballadores saen do paro de longa duración, eu entendo que aos palmeiros lles resulte incómodo estes datos porque co Sr. Zapatero se destruíron 3.500.000 de empregos, tres de cada catro asalariados ten un contrato indefinido, a contratación indefinida a tempo completo crece un 16%, 170.000 contratos indefinidos no último ano, España pasou de provocar a metade do paro de Europa a crear a metade de emprego de Europa, catro de 10 mozos que atopan traballo na Unión Europea fano neste país que se chama España, e que nós defendemos, porque por moitos plans de emprego que se fagan, señores da Marea de Vigo a verdade o que xera emprego son as empresas, sen empresas non hai traballadores e se non hai crecemento económico e en vez de crear empresas se destrúen empresas, se se destrúen empresas non se crea emprego, fácil de entender.
A nós parécenos moi ben que se facilite o acceso das persoas con especial dificultade para atopar un emprego, claro que si, e por iso cremos que os plans de emprego ben feitos son unha ferramenta interesante e por iso imos apoiar a súa proposta a que lle introducimos unha emenda de adicción.
Aquí xa tivemos un plan de emprego, non de 5 millóns nin de 10 millóns, tivémolo de 90 millóns de euros de Plan E que serviron para crear 400 postos de traballo durante 9 meses e moitos deles do sur do río Miño.
O goberno de España, o da Xunta de Galicia e tamén ata hai pouco o da Deputación de Pontevedra puxeron en marcha plans de emprego, tamén en menor medida o Concello ten no seu orzamento un plan de emprego, o que pasa que son un auténtico desastre á hora de xestionalo, o Partido Popular de Vigo leva moitos anos denunciando que os plans municipais de Vigo son unha chapuza, que falla transparencia pero o malo non é iso, o malo é que os parados da cidade, non tódolos parados teñen as mesmas oportunidades, porque o Concello reparte os cartos dos plans de emprego entre os amigos, entre os colectivos amigos, sen

especificar requisitos que deben cumprir este colectivos, os sindicatos, Érguete, Faimevi, o Vigo Convention, fanse convenios cos que me levo ben, e o peor é que non hai control sobre as contratacións por iso  temos ao xefe de servizo da área de emprego imputado, vimos este mesmo ano que o programa “Vigo emprega” houbo que repetir os exames cando había xa 140 persoas que comezaban a traballar o luns chámaselles o venres para repetir a convocatoria. Que as axudas para fomento de emprego a entidades sen ánimo de lucro non se resolveron ata agosto cando só podían contratar ata setembro.
Por iso vostedes non teñen ningunha credibilidade en materia de emprego, o que pedimos é o mínimo que polo menos dende o Concello de Vigo se execute o Orzamento de emprego, levamos só un 23% de grao de execución, para que queren os cartos?

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu vou tratar de serenar isto un pouco, en primeiro lugar dicirlle aos señores do Partido Popular e de Marea de Vigo que temos o  plan de emprego máis importante que ningunha cidade de toda España, o máis importante de tódalas cidades de España.
Un plan de emprego que o Alcalde o Sr. Abel Caballero que é o garante do emprego nesta cidade, foi incrementando ano tras ano ao longo do seu mandato, cousa que a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular está en menos da metade do Orzamento que deixou o bipartito. Ademais Marea de Vigo, vostedes onde gobernan non fixeron nada en materia de emprego, absolutamente nada, que están a facer en materia de emprego en A Coruña, en Santiago de Compostela, en Ferrol ou en Rivas-Vaciamadrid, aquí miles de empregos creados en Vigo con políticas “Keynesianas” e investimentos que non xeran gasto pero que si que axudan á cidadanía en plans de emprego directos, máis de mil contratos de plan de emprego directos, e si plurais, con tódalas entidades, entidades veciñais, culturais, socias, asistencias, organizacións sindicais, entidades empresariais, comunidades de montes, deportivas, todas e cada unha delas en concorrencia competitiva, todas, e con transparencia. Vostede, cando veñen pedir un plan de emprego véñeno a pedir porque saben da solvencia deste Concello que non lle paga xuros aos bancos porque ten a débeda cero e eses xuros os adica aos seu veciños/as.
Señores da Marea de Vigo, vostedes misturan remanentes e superávit, e saben moi

ben que o superávit foi unha limitación no tempo para o 2014 ese ó que fan vostedes referencia na súa moción de poder abrir un pouco a man do límite que pon o goberno do Partido Popular do Estado, e polo tanto ese superávit só se pode destinar a pago a provedores, amortización da débeda e tamén a investimentos, polo tanto, eu creo que se teñen que clarexar un pouco nisto.
Despois hai que defender as nosas empresas, hai que defender a Citröen, a entrada do AVE aquí, señores da Marea de Vigo que emprego pretenden vostedes crear se non defenden Citröen nin a entrada do AVE en Galicia.
A proba desta solvencia é que nas concesionarias saen toda esa concesión con cartos suficientes para garantir o emprego neste Concello non houbo ningún despido, o Sr. Abel Caballero garantiu tódolos empregos nas concesionarias, todos, coas partidas necesarias para iso. Polo tanto, non nos veñan a dar leccións aquí de nada.
Señores do Partido Popular vostedes sodes os campións do desemprego, do paro e de deixar a xente sen cobertura por desemprego.

PRESIDENCIA: Non entendo moi ben se Marea de Vigo aceptou a emenda do grupo municipal do Partido Popular, aceptou?

SR. PÉREZ CORREA: Imos ver, un concello efectivamente pode facer poucas cousas en materia de emprego, somos conscientes das limitacións que puxo xa non o Partido Popular agora senón ao propio deseño constitucional que se quitou da transición no que aos concellos se lles imposibilitou gran parte desa responsabilidade, hai unha responsabilidade que pode facer o Concello que é o apoio, este Concello dixo que ía apoiar aos traballadores/as de Vodafone e de Ono que están sometidos a unha presión brutal da empresa nun ERE, o concello terá que concretar como se fai esa axuda máis alá desa declaración institucional, e os concellos moitas veces asumindo que outras administracións non fan o seu papel, claro que facemos todo o que podemos trampear dentro da lexislación para poder dar postos de traballo ou poder facer plans de emprego, investimentos e infraestruturas que permitan o emprego, fano miles de Concellos, nos gustaría que isto non fora unha resposta publicitaria do concelleiro de traballo, gustaríanos que fora o concelleiro de Facenda quen mo dixera, efectivamente se pode facer, se se

pode facer, podemos xogar con ese límite legal, por certo, o Teito de Gasto foi superado por moitos concellos algún deles de maneira proactiva, sabendo que era unha limitación que impoñía neste caso os recortes do Partido Popular, e pedimos que se faga. Claro, se hai responsabilidade sobre o que fan nas empresas sobre o emprego das empresas, nos imos pedir responsabilidades que o grupo PSA anuncie que os provedores se poden ir desta cidade tranquilamente porque hai un novo sistema de produción e nos facilitamos ese novo sistema de produción que vai a colocar a planta de PSA por debaixo de 5.000 traballadores e introducir nese novo polígono traballadores de empresa de traballo temporal que xa están cobrando 600 euros, vai haber responsabilidades, neste Pleno que apoia aos plans industriais do grupo PSA que significa destrución dos postos de traballo neta cidade e eu quero que os provedores de Citröen estean aquí, non os quero no norte de África nin en Portugal como vai permitir este sistema de fabricación de síncronos largos que este Concello, o Partido Popular e o Partido Socialista apoian. Este fin de semana saia perfectamente que o polo industrial de PSA aposta por ese sistema de produción que substitúe ao sistema de produción anterior do “Just in time” que permite aprovisionarse en sete horas é o norte de Portugal, aí claro que haberá responsabilidades pero non vai ser a Marea de Vigo que votou en contra de facilitarlle ao grupo PSA a deslocalización laboral, nós pedimos que se faga colateralmente o que lle corresponde a este concello que non é a planificación industrial. Iso corresponde ao Ministerio de Fomento e en todo caso corresponderá as propias empresas, nos o que pedimos é que hai un remanente que algúns concellos están a utilizar en políticas activas de emprego e que este Concello o faga, que se nos pase ou que nos diga se se pode facer ou non, se supón un problema xurídico legal e polo tanto actuaremos en consecuencia, pero o que pedimos é que dentro das posibilidades que se marcan coa cuestión do remanente.

PRESIDENCIA: Pois téñolle que dicir que mentres eu sexa alcalde todo o sector da automoción terá todo o apoio deste goberno, todo o sector da automoción, 24.000 traballadores que dependen de Citröen e da automoción e que Marea de Vigo estaría encantado, polo que estou escoitando, que se foran, estaría encantado, porque debe ser o único grupo político do mundo que está en contra da automoción da súa cidade, o único, non hai outro, Marea de Vigo en contra de

Citröen, 8.000 traballadores e en contra de toda a automoción case que 15.000 traballadores, ese é Marea de Vigo que durante toda a campaña ocultou que está en contra de toda a automoción desta cidade. Marea de Vigo que está en contra de que a Vigo chegue o AVE, claro, en A Coruña e en Santiago xa o teñen.
Sr. Concelleiro eu respectei a súa intervención e o Regulamento permítelles ao Alcalde rematar e rematarei, dicíndolle que Marea de Vigo enganou a esta cidade e que agora xa sabemos quen son, os que están en contra de Citröen, da automoción e en contra do AVE da cidade, a favor do AVE en A Coruña e en Santiago de Compostela, esas son as Mareas de Vigo. Por iso a vostedes os deixaron con tres concelleiros porque eran conscientes nesta cidade que vostedes estaban supeditados a Mareas de A Coruña e á de Santiago de Compostela, por iso a cidade pasou por enriba de vostedes e os esmagou, volveralles a pasar.
O Regulamento permite que eu peche o debate e está pechado.

PRESIDENCIA: Os demócratas vanse do Pleno democrático, como sempre fixeron as Mareas e o Partido Comunista, sempre marchando dos lugares democráticos.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, presenta unha emenda de adición, que di:
“Engadir un novo punto co seguinte texto:
3.- Que o goberno municipal execute na súa totalidade as partidas do plan de emprego que actualmente existen no Orzamento municipal.”

*Ao seren aceptada a anterior emenda de adición polo relator da moción, Sr. Jácome Enríquez, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco

Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 16.09.2015 (Rex. Nº 1201/1101), polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(190).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CONSTRUCIÓN DUN APARCADOIRO MUNICIPAL, PÚBLICO E GRATUÍTO NOS TERREOS MUNICIPAIS CONTIGUOS AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E SOLICITEN FINANCIAMENTO DA DEPUTACIÓN. REXISTRO PLENO 1203/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de setembro de 2015, número 1203/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

Na construcción de calquera gran infraestrutura, é imprescindible que exista colaboración entre todas as administracións.

É unha obriga para todos os responsables públicos, xa que o obxectivo é beneficiar a todos os cidadáns.

Polo tanto, cada unha das administracións deben traballar no marco das súas competencias.

Na construcción e posta en funcionamento do novo hospital público Álvaro Cunqueiro, que responde a unha demanda cidadá histórica de Vigo, desgraciadamente, esa necesaria colaboracíón non se produciu. Pola contra, este goberno municipal dende o primeiro momento adicouse a boicotear o hospital, facendo todo o posible para retrasar e dificultar a súa realización.

Negoulle os terreos, a luz, os accesos, e só facilitou o saneamento porque foi obligado polo grupo municipal do Partido Popular en Vigo no momento de aprobar o orzamento para o ano 2015.

En definitiva, fixo claramente unha deixación de funcións, xa que é obriga de todo concello dotar de servizos a todas as zonas da cidade.

Hai uns días descubriuse que estiveron todos estes anos agachando a existencia dunha parcela propiedade do concello de 15.000 metros cuadrados que se atopa xusto pegada ó hospital e que ademais está prevista para zona de aparcamento según o Plan Xeral.

O goberno municipal de Vigo non só escondeu a súa existencia durante estes anos a todos os vigueses, sino que de xeito intencionado, igual que no resto de servizos ó hospital, tampouco quixo facer un aparcamento para todos os veciños.

A última excusa para non facelo é afirmar que dese aparcamento se beneficiarían veciños que non son de Vigo, senón tamén de concellos pertencentes a área sanitaria que abrangue o hospital, e que, correspondería a outra administración con competencias supramunicipais.

Na medida en que a Deputación de Pontevedra é un organismo que estende ás súas competencias a todos os municipios de Pontevedra ten a obriga de colaborar de xeito activo, tal e como fixeron outras deputacións provinciais, incluidas as gobernadas polo partido socialista.

Por este motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción no Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

"Instar ó goberno municipal a acometer de xeito inmediato a construción dun aparcamento municipal, público e gratuito, na parcela de 15.000 metros cuadrados

da que é propietario xunto ó novo hospital público de Vigo e esixir á Deputación de Pontevedra a súa colaboración no financiamento do mesmo”

Con data 21 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda quedou enterada da moción.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: O pasado 8 de setembro, no último Pleno, este grupo municipal e o da Marea de Vigo e o Socialista votábamos unha moción na que se propoñía que o Concello asumira a realización dunha aparcadoiro preto do hospital Álvaro Cunqueiro, nesta moción contaba cos votos a favor da Marea de Vigo e do grupo municipal do Partido Popular porque entendíamos primeiro, que era unha cuestión de sentido común, algo que parece despois de escoitar determinadas intervencións como a do Sr. Font, na anterior moción, que un concello ten que exercer as súas competencias e actuar no marco das súas competencias, e dotando a tódalas zonas da cidade dos servizos necesarios, e faciámolo ademais despois de descubrir este grupo municipal a tódolos vigueses que o Concello era propietario de dúas parcelas xusto pegadas ao hospital, facíase referencia antes á ocultación de determinadas cuestións, pois o Concello de Vigo, o grupo municipal Socialista estivo durante todos estes anos ocultándolle a tódolos vigueses que era propietario desas dúas parcelas pegadas ao hospital. Unha de 15.000 metros cadrados e outra de 17.000 metros cadrados, dúas parcelas, a de 15.000 metros cadrados á que nos referíamos expresamente está prevista para aparcadoiro segundo o Plan Xeral, mentres que a outra de 17.000 metros cadrados está prevista para uso educativo. Estas parcelas, que insisto, estivéronse deliberadamente ocultando a tódolos vigueses/as non só nos serviron para que nese momento o grupo municipal Socialista votara a favor desa emenda e polo tanto asumira dunha vez a súa responsabilidade, senón que se votou en contra.

Curiosamente non habían nin pasado 48 horas cando na reunión coa Xunta de Persoal do CHUVI rectificaron, dicindo que se faría o que se houbese que facer, que pena que non se tivese feito o que se tiña que facer dende o primeiro momento,

despois silencio, despois dixeron que non outra vez, non sei se estaban dubitativos ou non sabían moi ben por onde tirar porque ademais como había outros usuarios que non eran de Vigo pois había competencias supramunicipais e ao Concello de Vigo en ningún caso lle correspondía asumir a construción dese aparcadoiro.
Estou citando literalmente ao Sr. Alcalde, á Sra. Caride, recoméndolle que se lea as declaracións do seu xefe porque son moi interesantes.
Despois veu o silencio como digo, e curiosamente cando se levanta o secreto de sumario por parte da xuíza da "Operación Patos" anúnciase que se vai construír o novo aparcadoiro nunha das dúas parcelas que están ao carón do hospital, eu non vou entrar en casualidades porque probablemente foi unha casualidade, pero a min o que me importa é o fondo da cuestión, que por fin han rectificado, que decidiron asumir o que é a súa responsabilidade porque dende logo o que non aguantaban é a presión de tódolos vigueses que sabían que eran propietarios desas dúas parcelas pegadas ao hospital, porque é a súa obriga porque o fixeron tódolos concellos, porque en tódolos hospitais de Galicia e de España hai un aparcadoiro concesionado e hai un aparcadoiro municipal porque é competencia dos concellos facelo.
Pero esas dúas parcelas son para vostedes algo que xa no podían evitar, as dúas parcelas da vergoña, a vergoña de haber anteposto os seus intereses políticos sobre os dos cidadáns prexudicándolles claramente, agora din que o van facer, non elixen a parcela quizais porque non queren elixir a parcela sobre a que o Partido Popular fixo máis fincapé dicindo que estaba preparado segundo o Plan Xeral, agora din que é na outra na que hai que facer unha modificación do Plan porque está máis preparada segundo di os técnicos, eu dende logo respecto moito aos técnicos e eles son os que teñen que decidir onde é máis rápido e fácil facelo. O que si poño en dúbida é a dilixencia deste Concello, tennos acostumados a demorar as cousas sen ao final resolvelas, e por ese mesmo motivo non entendo porque neste Pleno non estamos aprobando a modificación Plan para xa habilitar para aparcadoiro esas parcelas e ir gañando terreo.
Pero hai moitas cousas que contestar por parte do goberno municipal sobre esa parcela, que prazos manexan para cada unha das fases? Cando van facer a modificación orzamentaria? Porque ata que non a fagan non poden licitar, que procedemento de adxudicación van utilizar porque é importante a agora máis que

nunca saber que procedementos de adxudicación se utilizan, cando empezará a obra? Cando estará dispoñible e sobre todo cal é a capacidade? Porque esas 500 prazas das que oímos falar, parécenos absolutamente insuficientes.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz con relación á “Operación Patos” debería estar moi calada ou falar na súa totalidade da “Operación Patos”, creo que nin a vostede lle convén e a vostede coa demanda que teñen interposta pola súa actuación precisamente no hospital, creo que de ámbito xudicial sería mellor que pasara por enriba.

Falaba de descubrir, eu tamén descubrín isto, esta é a verdade do aparcadoiro que vostede posibilitou no hospital, esta é a verdade, mire para empezar o encabezamento di “Novo hospital de Vigo paseo da Castellana 140, 28046, Madrid” empezamos ben, pero sabe o que hai aquí, eu pídolle que lle entreguen unha copia, aquí Sra. Muñoz un aparcadoiro o de urxencias que non ten tope de hora, aquí unha cidadá pagou 27 euros por estar aparcada oito horas, vostede é a responsable disto, Sra. Muñoz, sabe canto vale para o que lamentablemente ten que estar un día en urxencias, sabe cando vale o aparcadoiro? Máis de 80 euros, sabe canto vale o aparcadoiro no hotel Palas en Madrid un día enteiro? 39 euros, Sra. Muñoz, e é vostede a que nos ven aquí a falar de sentido común, a que nos ven a dicir que descubriu que hai un aparcadoiro e aínda os vigueses estamos pendentes de que vostede diga que se abra o aparcadoiro gratuíto, esa é a súa responsabilidade, vostede presentouse ás eleccións para defender aos cidadáns vigueses, e cada vez que un cidadá ten que pagar por 8 horas, 27 euros ou por 24 horas, máis de 80 euros, vostede ten a culpa, acórdanse de vostede porque vostede en dúas horas nunha mañá dilapidou a operación pública que había sobre un hospital público en Vigo, vostede como interventora en dúas horas converteu o que custaba 400 millóns en 1.200 millóns, pódese rir o que queira, sabe a vantaxe? Pódese rir o que queira, pero díxenllo en moitas ocasións e aínda vostede non me respondeu, e hoxe novamente inviteille a que vexa os papeis da SEPI para que vexa como deixou o goberno do Sr. Touriño.

Isto é ao que lle someten vostedes, a vostede que lle parece, que vai ter 3 minutos para contestarme, que lle parece que haxa que pagar 80 euros por un aparcadoiro? Falaba vostede antes de reprobar, que lle parece aos cidadáns que vostede sexa

responsable de que se paguen 80 euros por aparcar un día, de urxencias, no aparcadoiro? Non ten límite e esa é a súa responsabilidade e iso é o que ten que dicir certamente aquí.
Por moita ironía que lle poña sobre a actuación do Alcalde e sobre a actuación deste goberno, vostede como conselleira no sabía que había un solar de 15.000 metros, vostede non o sabía, porque se houbese sabido o diría, e parece mentira e vaimo permitir en ámbito persoal, que haxa que explicarlle a unha ex-conselleira que estamos a falar dun proxecto  supramunicipal, polo tanto, “cachondeitos” sobre o tema doutros concellos os xustos, Sra. Muñoz, e se quere ese tipo de “cachondeitos”, e tamén vaimo permitir, explíquello aos cidadáns de Mos, de Salvaterra, onde os concelleiros do Partido Popular din o contrario a vostede, e o outro día e con moita razón dicíame unha persoa que coñezo, cada vez que vou ao hospital e cada vez que teño que pagar o aparcadoiro, lémbrome e de que maneira da Sra. Muñoz. Co cal, que saiba vostede que tódolos que van lamentablemente ao hospital e teñen que pagar pola caixa que vostede posibilitou, acórdanse tódolos días de vostede.
Pero fronte a iso e á súa ironía, o único que lle soluciona os problemas aos cidadáns de Vigo é o Alcalde de Vigo, o único, Sra. Muñoz, o único que pon solucións, o único que realmente busca solucións e iso é o que lles molesta a vostedes, porque vai intervir 3 minutos e non vai volver a pedir que ese aparcadoiro mañá sexa gratis, e o dicía eu nun debate de televisión ao que vostede non asistiu pero parece ser que vai empezar a asistir, só necesita o Sr. Feijóo un bolígrafo para que esta señora non pague 8 euros, cun bolígrafo con darlle orde á concesión iso queda solucionado.
Así que vostedes cobran 80 euros aos cidadáns por aparcar un día e o Sr. Abel Caballero soluciona o problema aos cidadáns.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que eu lle agradezo moito Sr. Font  que me de vostede a posibilidade de desmontar unha das falacias e mentiras que se están a contar, que se contan habitualmente e que saltan en redes do hospital e é o tema desta factura, efectivamente esta factura existe é real e dunha paciente que foi a urxencias e equivocouse e deixou o coche en urxencias cando o tiña que haber deixado noutra zona, e a esa paciente por ese erro devolvéuselle os cartos, Sr. Font, non lle vale esta mentira, vostede leuse os pregos de contratación dese

contrato e dos prezos dese aparcadoiro, vostede leuse os pregos de contratación? E sabe o que dinos pregos? Que o prezo do aparcadoiro no hospital estará dentro da media do aparcadoiro en Vigo, son vostedes os que tendo eses prezos de aparcadoiro en Vigo forzaron ese prezo do hospital, non nos veñan a contar mentiras que os pregos dino claro, prezo na media dos aparcadoiros en Vigo, aparcadoiros e concesionarias que por certo ás que vostedes lles están a dar 6,5 millóns de euros, baixen vostedes os prezos dos aparcadoiros en Vigo, inmediatamente baixará o prezo do aparcadoiro do hospital, que nos están a contar? Que nos queren vender? Vostedes non fixeron nada polo hospital?
Efectivamente, supramunicipal, Sra. Caride, vostede ben o sabe porque cando se aprobou o proxecto de incidencias supramunicipal do hospital era vostede conselleira e foi vostede a que asinou ese proxecto e se quere refréscolle a memoria e ensínollo e verá como curiosamente xusto afectaba a tódolos terreos menos ás dúas parcelas do Concello de Vigo, que coincidencia, Sra. Caride.
Si, hai moitos concellos que van ir ao hospital, si, e a Deputación ten algo que dicir, que pena que hoxe non estea aquí a presidenta da Deputación para dicirnos se está disposta tamén a colaborar no financiamento do aparcadoiro do hospital.
Xa está ben de mentir, Sr. Font, xa non lle vou consentir mentir unha sola vez máis, é falso, radicalmente falso o que vostede di en relación ao informe da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, é absolutamente falso, vostede non ten nin idea de como funciona unha boa administración porque desgraciadamente non está a funcionar como debe a súa, non sabe como funciona unha boa administración e como se fai o traballo nunha boa administración. Vólvolle lembrar que ese informe foi ratificado e apoiado polo informe da Intervención Xeral da Administración do Estado que tamén llo ensino cando o queira ver, no que se ratificaba punto por punto todo.
Déixense de demagoxias, de mentir, de ensinar facturas falsas.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde (Presidindo o Sr. Regades Fernández), Jácome Enríquez e Pérez Correa)*

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa

Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 16.09.2015 (Rex. Nº 1203/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(191).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A SÚA COLABORACIÓN NA POSTA EN MARCHA DA SEGUNDA TERMINAL DE CRUCEIROS. REXISTRO PLENO 1205/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de setembro de 2015, número 1205/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Porto de Vigo é o primeiro porto por tráfico de cruceristas de todo o noroeste peninsular. No que vai de ano achegáronse á cidade de Vigo máis de 130.000 por esta vía, e prevése que o fagan ata un total de 290.000 no que resta de ano.

No derradeiro lustro chegaron case un millón e medio de persoas, supoñendo un total de 82 millóns de euros, polo que reflicte unha importantísima fonte de ingresos para a promoción e a economía local.

Hoxe en día dous terzos dos visitantes que chegaron a cidade de Vigo, o fixeron a tavés dos máis de 80 cruceiros que chegaron ao Porto de Vigo durante o ano pasado. Debido a que a marioría dos cruceiros chegan a nosa cidade en torno a época estival, comprendida entre os meses de xuño e setembro, dase en varias

ocasións a coincidencia de ata tres cruceiros na terminal actual.

Por este motivo, o Porto de Vigo levou a cabo a Aprobación de Usos e a Modificación do Plan Especial de Ordenación co fin de adaptar a coñecida como “nave da fruta” nunha segunda terminal de cruceiros e poder dar servicio a demanda existente.

Sin embargo, o goberno local rexeitou recentemente que esas modificacións que previamente lle exisiu, habilitasen a creación de esa infraestructura chave e obstaculizando o crecemento de cruceristas e visitantes á cidade.

Por todo iso, o grupo municipal do Partido Popular presenta perante o Pleno Municipal de Vigo a seguinte:

MOCIÓN:

Instar ao governo municipal a que deixe de boicotear a posta en marcha da segunda terminal de cruceiros que so beneficia a outras cidades que compiten con Vigo, e que atenda coa máxima urxencia as necesidades deste importante proxecto que incide de maneira sustancial nas posibilidades de promoción turística da cidade.”

Con data 21 de setembro de 2015, a Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: En primeiro lugar, dicían vostedes antes que lles daba pena ter que presentar unha moción e eu téñolles que dicir que nunca imaxinamos que tivésemos que presentar esta moción e llo digo con absoluta sinceridade, ter que presentar unha moción para dicirlle ao goberno municipal que deixe de taponar, de boicotear, e que deixe de paralizar unha das obras máis importantes da última década, xa non só para o futuro inmediato da cidade e non só tampouco para o desenvolvemento do porto de Vigo senón para o turismo, a promoción e por suposto para a economía local, estamos absolutamente incrédulos con esto señores, despois de cinco anos de trámites, despois de que o Porto de Vigo acometa os dous requisitos xurídicos que no seu momento lle esixiu o Concello de Vigo para poder levar a cabo a conversión “nave da froita” na necesaria segunda terminal de cruceiros, agora resulta que lle din dende o concello que non se pode

facer, que hai que esperar dous ou tres anos a redactar e aprobar un novo Plan Especial, unha obra que necesita esta cidade para seguir crecendo en torno a súa ría e para poder atender a decenas de miles de visitantes que chegan por esta vía a través dos cruceiros como lle competen a un porto e a unha cidade de primeiro nivel como é a cidade de Vigo. E é que non hai nin un só motivo nin unha soa razón, nin argumento para explicar aos vigueses por que están paralizando esta obra necesaria para a cidade, xa sabemos o que nos van dicir, que resulta que agora a asesoría xurídica en connivencia co Alcalde e coa Concelleira de Urbanismo, cambiaron de opinión, é dicir, o que esixiron non seu momento agora non é valido, é dicir, o que antes era legal agora resulta que é ilegal. Dálles igual que os vigueses lembren perfectamente o que dixeron hai cinco anos, dálles igual que haxa numerosa hemeroteca, e teño aquí unha moi curiosa do 1 de xullo do 2011, cando saíu o Sr. Ignacio López Chaves presidente do Porto no que o Sr. Caballero dicía en declaracións aos xornalistas que "se compromete a realizar tódolos esforzos necesarios para propiciar un clima de cooperación institucional" e incidiu en que "o Porto é o corazón económico da cidade", afirmando ademais que "non vai escatimar ningún esforzo para mellorar o dinamismo da institución", isto é o que é axudar ao Porto de Vigo, Sra. Caride e Sr. Tenente de Alcalde.

A parte de todo isto é que tamén temos, nas hemerotecas, que falan por se mesma, recollida a opinión do concelleiro de Urbanismo naquel momento que dixo textualmente, ademais téñoo en audio se o queren escoitar, que "primeiro deben aprobar un plan de usos para despois modificar o Plan Especial".

Dálles igual tamén que a Asesoría Xurídica naquel momento haxa ditaminado exactamente o mesmo, o que hoxe van negar o ditaminou no 2010 a Asesoría Xurídica do Concello, en definitiva o que se deduce disto, señores do goberno municipal é que en primeiro lugar si é posible e si é legal reconverter a nova terminal e en segundo lugar que isto responde única e exclusivamente a unha decisión política e esta decisión política o que está facendo e que cidades como Oporto, e como A Coruña haxan finalizado xa a súa estación de cruceiros e estean gañando cruceiros fronte a Vigo porque a vostedes non lles interesa que o Porto vaia ben mentres estea en mans do Partido Popular. Vostedes imaxinan que o Alcalde do Oporto e Matosinhos estivesen poñendo trabas para o desenvolvemento do porto, pois isto é exactamente o que está a pasar na cidade de Vigo, é que

parece que se esquecen que polo Porto de Vigo pasarán ao final de ano 290.000 persoas entre cruceristas e tripulantes que pasaron nestes cinco anos, cinco millóns de pasaxeiros, de persoas, o que supuxo en ingresos segundo un estudo da Universidade de Vigo, de máis de 80 millóns de euros, isto supón que máis da metade dos visitantes que hai nesta cidade fana por vía de cruceiros e ademais o que é máis importante, que o 90% deses visitantes que chegan polo cruceiros son de estranxeiros, a maioría dos estranxeiros que chegan á cidade fano a través dos cruceiros.
A nova estación terminal marítima permitiría atracar tres barcos, tres cruceiros no entorno do centro de Vigo, que os cruceiristas poidan desembarcar no centro da cidade e ter uns servizos e instalacións acorde e ao nivel do Porto que ten esta cidade. Isto é un erro histórico porque con relación ao Porto de Vigo hai dous tipos de políticos, os que tratan de favorecelo, como é o caso da Sra. Pastor, e os que tratan de torpedealo como é o caso do Sr. Almunia ou do Sr. Pepe Blanco, e vostedes aquí saben moito do Sr. Almunia.
Sr. Alcalde, que non está, está equivocado, vostede enarborou a bandeira do viguismo e non lle foi mal, hai que recoñecelo, pero vostede está actuando en contra dos intereses da cidade e estase a quedar só nesta decisión, está actuando contra os vigueses e estes vanllo lembrar, a mesma persoa que quixo poñer á cidade na rúa alegando a defensa de Peinador, está agora bloqueando a principal porta de entrada á cidade.
Pero o que máis lle molesta non é a creación da nova terminal senón que esa terminal se converta nun centro de referencia para a cidade, como ten as grandes cidades como Barcelona, Valencia ou Santander.
En definitiva, Sr. Alcalde, espero que rectifique porque os veciños/as, os vigueses/as ímoslle lembrar durante moito tempo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu sinceramente unha cousa si lle debo dar a razón, o Porto de Vigo é o motor económico desta cidade e polo tanto, é unha infraestrutura absolutamente vital para o desenvolvemento das empresas, dos operadores para que Vigo estea na globalización nunha posición avantaxada, para evitar a deslocalización industrial e absolutamente imprescindible, tamén o é para mellorar a vida, saúde, as condicións de traballo de numerosos traballadores/as que tódolos

días traballan no porto pesqueiro, nos estaleiros e moitas industrias. O curioso é que a única preocupación do Porto de Vigo dando totalmente as costas aos problemas dos operadores e usuarios do Porto, pretenda resolver un suposto problema da acumulación de cruceiros que como moito se produce tres días ao ano e que a isto lle chame a actuación estratéxica do Porto de Vigo, eu creo que lle valería máis preocuparse do 99% do tempo que o Porto de Vigo ten que ocuparse doutras cousas que do 0,8% do tempo que coinciden máis de tres buques que coinciden no Porto de Vigo, pero ademais eses tres buques están operando con total normalidade, que é o que acontece realmente neste caso? A intención real do Porto de Vigo é legalizar a nave do “tinglado”, sabe esa que é ilegal? Pero non ilegal porque llo dixera este concello, que llo dixo e que polo tanto paralizou esas obras, ilegal porque llo dixo unha sentencia xudicial e polo tanto, para intentar resolver esa situación, que fai o presidente e que intención ten? Non lle preocupan os cruceiristas, o 26/06/2015 o presidente do Porto fixo unhas declaracións á prensa nas que dixo textualmente, hai empresas interesadas neses locais, refírese aos 2.000 metros cadrados que non teñen nada que ver cos cruceiros, senón cos negocios, afirmou onte o Sr. López Chávez á pregunta dos xornalistas reiterando o que revelou cando compareceu o pasado mes para falar da transcendencia da aprobación por parte do Fomento do Plan de usos, este documento reserva para o “tinglado” un uso de interrelación porto cidade e complementario, recalcou a este xornal ao dirixente portuario e di “pero aínda así para quitar a concurso a explotación privada de ambos espazos débese modificar o plan especial”, xa chegamos ao negocio, para poder concesionar o “tinglado”, para poder dar copas no Porto de Vigo pois entón teñen que legalizalo.
A realidade é que hai que cumprir a legalidade, neste caso ademais deberíamos ser extremadamente cautelosos porque xa hai unha sentencia que dixo que o que se estaba a facer se facía mal, e o Porto de Vigo ten que facer un novo Plan Especial, e sabe por que o ten que facer? Porque a Lei así o di, a Lei di claramente que logo da aprobación da limitación de espacios e usos portuarios que se fixo no 2015, a continuación hai que facer un plan especial, porque acontece que a día de hoxe, dous millóns de metros cadrados do Porto de Vigo non teñen soporte a través dun instrumento que lle permita non só fixar onde se ordenan os usos senón como se ordenan eses usos, pero máis aló e que ademais o Porto de Vigo conta cun

instrumento antigo do ano 98 que non tiña unha delimitación de usos, que hoxe sae unha delimitación aprobada e que ademais tampouco o cumpre o Plan Xeral de Ordenación Municipal, polo tanto, na procura deses dous obxectivos dar seguridade xurídica a tódolos investimentos que se están a facer o Porto, o Porto de Vigo e os informes xurídicos e urbanísticos así o acreditan, ten, como di a Lei de Portos, que aprobar o Plan Especial porque neste momento o propio Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo apunta que hai que facelo e que ademais o soporte que ten neste momento é provisional. O curioso é que lle preocupen máis 5.400 metros cadrados de bares de copas que dous millóns de metros cadrados de chan industrial para as operacións loxísticas e para que o Porto de Vigo sega sendo o motor económico desta cidade, que é o que queremos.

Polo tanto, colaboración dende esta institución toda, por certo como sempre se fixo, como é fundamental porque cando hai problemas nas naves industriais que están situadas en terreos do Porto de Vigo como o incendio que desafortunadamente existiu en Freiremar, os servizos municipais acoden axiña, a colaboración toda, pero a legalidade tamén toda. Polo tanto, esiximos a legalidade e que o Porto de Vigo faga o Plan Especial, como así o apuntan os informes xurídicos.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. Caride a conclusión que quito é que vostede está mareando a perdiz, pero xa o sabía de antemán, tratando de embarrar, metendo datos, metros cadrados, ano 2010, 2015 ao final aquí do que se trata é o que eu lle dixen Sra. Caride, no ano 2010 a mesma Asesoría Xurídica que agora ditamina non, antes ditaminou si, e sabe por que? Porque non lles interesa, e dígolle máis, vostede fixo referencia á sentencia do ano 2009, que efectivamente gañaron, voulle dicir o que dicía, exactamente o mesmo, que para poder acometer esa reforma había que aprobar o Plan de usos e facer unha modificación especial, exactamente o mesmo, Sra. Caride, teno aquí, cando queira pódeo comprobar.

Voulle dicir unha cousa, vostedes xa sabían perfectamente que isto non o querían e voulle dicir por que, porque antes de que se ditaminase a Asesoría Xurídica agora en setembro, resolvese dicindo que tiña que facer unha modificación e redactar un novo Plan Especial, o Sr. Alcalde da cidade xa votara en contra como único conselleiro da Autoridade Portuaria que votou en contra deste proxecto, o único,

cando hai cinco anos dicía o que había que facer, agora vota en contra. É que non hai escusa, Sra. Caride, non hai precedentes nunha situación como esta, non hai nin un só axente social da cidade, non hai nin un só axente económico na cidade, nin un só vigués nesta cidade que non queira que se faga a segunda terminal de cruceiros, nin un, se non dígame vostedes un, só vostedes, só o Alcalde desta cidade. Están absolutamente solos nisto e como non rectifiquen vano pagar, porque lles dixen antes que o que lles preocupa é que a administración gobernada polo Partido Popular como é a Autoridade Portuaria poña en marcha este proxecto. Un proxecto que vai permitir que o Porto de Vigo se converta no porto aínda máis líder do noroeste peninsular, en número de cruceiristas e en número de visitantes e un proxecto que lle vai dar á cidade un novo espacio comercial e de restauración en torno ao principal activo que ten esta cidade como é a ría e o Porto de Vigo. Esta a verdadeira preocupación do Goberno Municipal ao que cualificou como vostede reiterou nun claro erro e en ton despectivo de que se vai facer aí un bar de copas, e é un erro, vaise facer unha zona de restauración, unha zona de ocio e se hai algún bar de copas pódolle asegurar, a parte da recepción dos cruceiristas, Sra. Caride que non hai nin un só vigués que non queira o que vostede está negando, nin un só vigués.

Dígolle máis, porque isto é gracioso e todos nos rimos, supoño que se lembrará disto? O Plan Nouvel que custou dos millóns de euros, a maqueta e o proxecto, e que contemplaba a realización dun hotel de non sei cantas andares ademais de servizos de restauración e de ocio á cidade, é dicir, o que o Alcalde propoñía antes como proxecto estrela para o Porto da cidade, agora resulta que non vale, mire Sra. Caride, aquí non hai “tu tia nin tutela” como dicía o Sr. Fraga.

*(No momento da votación atópanse ausentes os Sres. Jácome Enríquez e Pérez Correa)*

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas

Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 16.09.2015 (Rex. Nº 1205/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## 4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

### 4.A.1(192).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REALIZACIÓN DE AUDITORIAS SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN, TANTO DAS CONCESIONARIAS COMO DOS CONTRATOS MENORES. REXISTRO PLENO 1223/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2015, número 1223/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

"As informacións coñecida nestes últimos días polos medios de comunicación ao respecto de investigacións xudiciais relacionadas con determinados contratos asinados entre o goberno municipal e firmas concesionarias de obras ou servicios públicos extenden una sombra de sospeita sobre o funcionamento real das devanditas concesionarias e sobre os mecanismos de control e contratación efectuados neste Concello.

A última noticia coñecida no día de hoxe referente o auto da xuíza que leva o proceso, no que se imputan a altos membros do goberno municipal, dous concelleiros e o máximo responsable, o Alcalde de Vigo, non fai senón incrementar a alarma social que xa existe na cidade.

Respetando as actuacións xudiciais, este grupo municipal considera que é imprescindible adoptar decisións que contribúan a que os vigueses e viguesas teñan coñecemento da adecuación de todos os restantes procedementos de contratación.

Neste sentido, Neste mesmo pleno, o grupo municipal popular xa propuxo hai pouco máis dun mes a execución de auditorías sobre algunas das maiores concesionarias de servizos do Concello antes de que se coñecesen datos das devanditas investigacións desenvoltas por un xulgado vigués, solicitude que foi rechazada poli goberno e que agora entendemos que debe ser reiterada e ampliada.

É obriga de todos os responsables garantir ós cidadáns o funcionamento axeitado dos procedementos de contratación e o cumprimento das súas obrigas polas concesionarias e por iso e máis urxente que nunca se realicen controis sobre ese funcionamento.

Por este motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón o seguinte

ACORDO:

Instar o goberno municipal à realización de auditorias sobre os precedementos de contratación, tanto os das concesionarias, como sobre os contratos menores adxudicados polo goberno nos últimos anos."

DEBATE:

PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente presentada polo grupo municipal do Partido Popular urxe primeiro a votación da urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Primeiro quería intervir xustificando a urxencia como di o Regulamento, Sr. Presidente. O artigo 63 do Regulamento establece que o concelleiro que presenta moción xustifica a urxencia ante o Pleno antes da votación. Presidente, pido a palabra.

PRESIDENCIA: Estoulle a dicir que estamos sometendo á votación a urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Antes de sometela á votación pido a palabra para xustificar, hai alarma social na cidade, Alcalde, é urxente que se tomen medidas, Alcalde, pido a palabra para xustificar a urxencia.

PRESIDENCIA: Xa leva trinta segundos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nestes últimos días coñecemos moitas noticias inquietantes en relación a un procedemento xudicial que afecta a este goberno municipal e a este concello, e é necesario que se adopten medidas que xustifiquen a transparencia.

PRESIDENCIA: Xustifique a urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Neses últimos días, dende que se realización as comisións informativas, polo tanto cremos que é urxente que se tomen medidas activas por parte do goberno municipal para garantir a tódolos cidadáns a transparencia no funcionamento do Concello, é urxente que se fagan auditorías de tódalas concesionarias e de tódolos contratos para dar tranquilidade a gran tranquilidade que teñen neste momento tódolos cidadáns/ás, o venres quedou imputado pola xuíza catro concelleiros deste goberno municipal entre eles o seu alcalde.

*(No momento da votación atópanse ausentes os Sres. Jácome Enríquez e Pérez Correa)*

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 25.09.2015 (Rex. Nº 1223/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

PRESIDENCIA: O Partido Popular ten presentadas sete preguntas, debe seleccionar catro das sete. A súa pregunta lémbrolle que son catro.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: A miña pregunta son catro, entón vou facer dúas para que sexan seis, non lle importa?

PRESIDENCIA: Non, son catro, tómeo en serio, é o Regulamento.

**6(193).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á CREACIÓN DO GRUPO TÉCNICO PARA FACER CAMBIOS NO PLAN DE TRANSPORTE DO HOSPITAL.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: O Sr. Alcalde declarou, tras reunirse, coa Xunta de Persoal do CHUVI que crearía un grupo técnico para facer cambios urxentes no Plan de transporte, pregunto se está creado este equipo de traballo, se ten xa deseñadas as solucións aos problemas apuntados por este grupo municipal e polos veciños de Vigo, se está previsto dar traslado á oposición das conclusións e modificacións previstas e se vai dar a oportunidade aos grupos da oposición de facer as súas achegas para solventar entre todos os problemas deste Plan de Transporte Público ao novo hospital público da cidade. Pregunto, fíxome gracias antes a pregunta, ten medo a algo?

SR. LÓPEZ FONT: Ratificamos o trasladado á Xunta de Persoal do CHUVI.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

| O ALCALDE, | O SECRETARIO XERAL DO PLENO, |
| --- | --- |
| Abel Caballero Alvarez | José Riesgo Boluda. |